


DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 65

Sesión Plenaria
14 de outubro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei do Clima de Galicia (doc. núm. 33923, 12/PL-000009)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 17.09.2025

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas (doc. núm. 33820, 12/PL-000008)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 17.09.2025

Punto 2. Comparecencia

2.1 35675 (12/CPP-000067)
Da conselleira do Mar, por petición propia, para informar sobre a avaliación das políticas pesqueiras europeas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f1, do 08.10.2025

Punto 3. Mocións

3.1 34809 (12/MOC-000080)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia
Sobre as medidas para mellorar a situación do servizo de axuda no fogar en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 30398, publicada no BOPG 238f2, do 20 de agosto de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 23 de setembro de 2025)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

3.2 34901 (12/MOC-000081)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre a eficacia do modelo educativo que impulsa a Xunta de Galicia para cumprir os obxectivos da normalización lingüística (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26186, publicada no BOPG 203f2, do 28 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 23 de setembro de 2025)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025



3.3 34902 (12/MOC-000082)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a planificación por parte da Xunta de Galicia da cobertura sanitaria durante os veráns, nomeadamente a referida ao verán de 2025 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 32986, publicada no BOPG 252f2, do 10 de setembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 23 de setembro de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

Punto 4. Propositions non de lei**4.1 33801 (12/PNP-002490)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego respecto da tramitación dunha nova lei de Administración local de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 17.09.2025

4.2 34420 (12/PNP-002535)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre os obxectivos e as liñas de actuación que a Xunta de Galicia debe ter en conta para configurar un plan integral de protección, restauración, reconstrución e reactivación das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais de agosto de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

4.3 34660 (12/PNP-002550)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir unha avaliación rigorosa dos requisitos medioambientais, económicos e sociais dos plans industriais estratéxicos (PIE)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

4.4 34728 (12/PNP-002557)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e catorce deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos fallos rexistrados no uso das pulseiras telemáticas para a protección das vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

4.5 34810 (12/PNP-002568)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e dez deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa das iniciativas que impulse a Xunta de Galicia fronte aos recursos de inconstitucionalidade interpostos polo Goberno central contra o plan de axilización da dependencia e a repotenciación eólica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025



4.6 35078 (12/PNP-002592)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa propiedade e cos usos do pazo de Montesacro, sito en Cambados

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

Punto 5. Interpelacións**5.1 14110 (12/INT-000622)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre o modelo de coidados para as persoas maiores e a modificación da normativa que regula as ratios de usuarios por cada profesional de atención directa nos centros residenciais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f2, do 13.11.2024

5.2 33985 (12/INT-001227)**Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre a política que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia de atención sanitaria ás persoas maiores, singularmente nas provincias máis envellecidas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

5.3 34697 (12/INT-001261)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a orientación e a xestión das políticas do Goberno galego en materia de atención ás vítimas de violencia sexual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 35754 (12/POPX-000055)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre as políticas que prevé desenvolver o Goberno galego para afrontar as situacións de desigualdade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f3, do 08.10.2025

6.2 35755 (12/POPX-000056)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as razóns de que a Xunta de Galicia non detectase a situación en que estaba a vivenda comunitaria Jardín, residencia de maiores localizada en Amoeiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f3, do 08.10.2025



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 34837 (12/PUP-000144)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre o anuncio do Goberno de España referido á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a normativa galega que regula o plan de axilización da dependencia e da discapacidade ou a repotenciación dos parques eólicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f3, do 01.10.2025

7.2 35744 (12/PUP-000150)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa intervención do Estado de Israel en Gaza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

7.3 29308 (12/POP-004371)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e oito deputados/as máis

Sobre a situación e as perspectivas da Formación Profesional en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 05.08.2025

7.4 33478 (12/POP-004830)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das medidas destinadas á mellora da atención educativa ao alumnado, especialmente daquelas que posibiliten atender a diversidade dentro das aulas

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 252f2, do 10.09.2025

7.5 29025 (12/POP-004264)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do ditame motivado da Comisión Europea no que advirte da ilegalidade da prórroga da concesión da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 227, do 04.08.2025

7.6 32923 (12/POP-004775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación do Centro de Saúde de Ribeira canto á súa dotación de persoal facultativo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f2, do 10.09.2025



7.7 34351 (12/POP-004957)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade en relación co remate das obras do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

7.8 35743 (12/PUP-000149)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma**

Sobre a postura do Goberno galego en relación coas políticas relativas á interrupción voluntaria do embarazo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f3, do 08.10.2025

7.9 34786 (12/POP-005015)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da posibilidade de exercer o dereito de tanteo e retracto sobre o pazo de Montesacro, en Cambados, para incorporalo á tutela pública como parte do patrimonio histórico galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O presidente comunica a ausencia nesta sesión plenaria do deputado Brais Ruanova Vilas-Boas e a súa delegación de voto na deputada Ana Belén Pontón Mondelo. (Páx. 12.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada Saleta Chao Rivas (Punto preliminar da orde do día.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o presidente solicita a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada, Saleta Chao Rivas, que substitúe a Daniel Pérez López (BNG). (Páx. 12.)

A deputada Saleta Chao Rivas presta a súa promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 12.)

Debate de totalidade do proxecto de lei do clima de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas ao proxecto de lei. (Páx. 12.)

Presentación do proxecto de lei: conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto). (Páx. 13.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: Xosé Luís Bará Torres (BNG). (Páx. 17.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 22.), Paloma Castro Rey (S) (Páx. 22.) e Gonzalo Trenor López (P) (Páx. 26.).

Rolda de réplica do grupo parlamentario emendante: Xosé Luís Bará Torres (BNG). (Páx. 31.)

Debate de totalidade do proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas. (Punto primeiro da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas ao proxecto de lei. (Páx. 33.)

Presentación do proxecto de lei: conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño). (Páx. 33.)



Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *María Montserrat Prado Cores (BNG)*. (Páx. 38.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Armando Ojea Bouzo (M)* (Páx. 42.), *María Elena Espinosa Mangana (S)* (Páx. 46.) e *María Encarnación Amigo Díaz (P)* (Páx. 49.).

Rolda de réplica do grupo parlamentario emendante: *María Montserrat Prado Cores (BNG)*. (Páx. 53)

O deputado Gonzalo Trenor López (P) pide a palabra por alusións que implican inexactitudes, con base no artigo 76.1. do Regulamento do Parlamento de Galicia, e aclara que na súa intervención condenou expresamente todo acto de violencia. (Páx. 55.)

A deputada Olalla Rodil Fernández (BNG) pide a palabra, que non lle é concedida polo presidente por este entender que a cuestión quedou aclarada coa intervención anterior. (Páx. 56.)

Votacións dos textos lexislativos

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei do clima de Galicia: *rexeitada por 24 votos a favor, 38 votos en contra e 10 abstencións.* (Páx. 57.)

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas: *rexeitada por 24 votos a favor, 38 votos en contra e 10 abstencións.* (Páx. 57.)

Comparecencia da conselleira do Mar, por petición propia, para informar sobre a avaliación das políticas pesqueiras europeas. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 57.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 64.), *Carlos López Font (S)* (Páx. 64.), *Rosana Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 66.) e *Miguel Fidalgo Iglesias (P)* (Páx. 69.).

Réplica do Goberno: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 72.)

A presidenta (María Elena Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 75.) *Nesta rolda interveñen o deputado Carlos López Font (S)* (Páx. 76.), *a deputada Rosana Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 77.), *o deputado Miguel Fidalgo Iglesias (P)* (Páx. 79.) e *a conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)* (Páx. 80.).

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, sobre as medidas para mellorar a situación do servizo de axuda no fogar en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 82.)

Intervención do grupo autor da moción: Silvia Longueira Castro (S). (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Olalla Rodil Fernández (BNG) (Páx. 86.) *e Raquel Arias Rodríguez (P)* (Páx. 88.).

Intervención do grupo parlamentario non emendante: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.). (Páx. 90.)

A deputada Silvia Longueira Castro (S) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 90.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, sobre a eficacia do modelo educativo que impulsa a Xunta de Galicia para cumprir os obxectivos da normalización lingüística. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Mercedes Queixas Zas (BNG). (Páx. 93.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 96.), *Silvia Longueira Castro (S)* (Páx. 96.) *e José Luis Ferro Iglesias (P)* (Páx. 98.).

Nova intervención da deputada Mercedes Queixas Zas (BNG). (Páx. 100.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre a planificación por parte da Xunta de Galicia da cobertura sanitaria durante os veráns, nomeadamente a referida ao verán de 2025. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: María Montserrat Prado Cores (BNG). (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 104.), *María Elena Espinosa Mangana (S)* (Páx. 104.) *e María Encarnación Amigo Díaz (P)* (Páx. 106.).

Nova intervención da deputada María Montserrat Prado Cores (BNG). (Páx. 108.)

O presidente pide desculpas polo erro cometido de atribuírlle á deputada María Encarnación Amigo Díaz (P) palabras que non dixo. (Páx. 110.) *A continuación, pide a palabra o deputado José Alberto Pazos Couñago (P), que intervén para citar literalmente as palabras empregadas con anterioridade polo deputado Gonzalo Trenor López (P). Así mesmo, amosa o seu malestar polas imputacións feitas ao seu grupo e pide rigor e respecto para todos os seus membros* (Páx. 110.).

A deputada Olalla Rodil Fernández (BNG) pide a palabra, con base no artigo 76.3 do Regulamento, e manifesta a falta de decoro e o ataque do Partido Popular contra o seu grupo. (Páx. 111.)



Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, sobre as medidas para mellorar a situación do servizo de axuda no fogar en Galicia: *rexeitado por 34 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, sobre a eficacia do modelo educativo que impulsa a Xunta de Galicia para cumprir os obxectivos da normalización lingüística: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre a planificación por parte da Xunta de Galicia da cobertura sanitaria durante os veráns, nomeadamente, a referida ao verán de 2025: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego respecto da tramitación dunha nova lei de Administración local de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Lara Méndez López (S).* (Páx. 113.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Argimiro Marnotes Fernández (P).* (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 118.) e *Óscar Insua Lema (BNG)* (Páx. 118.).

A deputada Lara Méndez López (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 122.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre os obxectivos e as liñas de actuación que a Xunta de Galicia debe ter en conta para configurar un plan integral de protección, restauración, reconstrución e reactivación das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais de agosto de 2025. (Punto cuarto da orde do día.)

A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 123.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Secundino Fernández Fernández (BNG).* (Páx. 124.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 127.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 129.) e *Miguel Ángel Viso Diéguez (P)* (Páx. 129.).

O deputado Secundino Fernández Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 131.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das deputadas Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir unha avaliación rigorosa dos requisitos medioambientais, económicos e sociais dos plans industriais estratéxicos (PIE). (Punto cuarto da orde do día.)

A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 133.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Patricia Iglesias Rey (S).* (Páx. 133.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *José Manuel Golpe Acuña (BNG).* (Páx. 135.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 138.) e *Rubén Lorenzo Gómez (P)* (Páx. 138.).

A deputada Patricia Iglesias Rey (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 141.)

Suspéndese a sesión ás oito do serán.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica inasistencia don Brais Ruanova Vilas-Boas, que delega a emisión do seu voto para esta sesión plenaria na deputada dona Ana Pontón Mondelo, conforme o disposto no artigo 84.3 e 84.4 do Regulamento da Cámara.

Sen máis, entramos na orde do día.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte dunha nova deputada

O PRESIDENTE: Como punto preliminar, temos a prestación de promesa ou xuramento da nova deputada dona Saleta Chao Rivas. Todo iso facémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento da Cámara, polo que procede solicitarlle a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía á nova deputada.

Segundo o procedemento, a formula é contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta Presidencia. Prégoles que responda dende o seu escano á pregunta que lle vou formular.

Dona Saleta Chao Rivas, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

SALETA CHAO RIVAS: Si, prometo, por imperativo legal, e comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego. *(Aplausos.) (A deputada Saleta Chao Rivas sostén nas súas mans un exemplar da obra de Castelao, Sempre en Galiza, e un caravel vermello.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Unha vez prestada a promesa ou xuramento, adquire a condición plena de deputada. Benvida ao Parlamento e moita sorte. *(Aplausos.)*

Entramos na orde do día. Primeiro punto, textos lexislativos.

Debate de totalidade do proxecto de lei do clima de Galicia

O PRESIDENTE: Comezamos co debate de totalidade do proxecto de lei do clima de Galicia.

A este proxecto de lei presentouse unha emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Para a presentación do proxecto de lei ten, a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto):
Bo día.

Moitas grazas, presidente.

O día 16 de setembro entraba nesta Cámara o proxecto do que vai ser a primeira Lei do clima de Galicia; unha normativa que suporá unha oportunidade única para os galegos e para as galegas para conseguir que sexamos unha rexión neutra en emisións.

A elaboración desta norma foi moi participada e, dende logo, foi feita dende o máis absoluto rigor técnico. Conta, por suposto, co aval xurídico necesario. Colaborou na súa redacción, por exemplo, a Fundación Universidade da Coruña —á que quero desde aquí darlle as grazas polo seu traballo e por poñer o coñecemento á disposición de todos os galegos e galegas—. Someteuse a un procedemento de consulta previa, de información pública, e conta con 15 informes diferentes da Xunta de Galicia e, por suposto, tamén co da Asesoría Xurídica. Deuse conta, ademais, ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible alá polo mes de xullo.

Carece de sentido presentala ao Consello Económico e Social, como reclama o BNG, porque non se cumpre en ningún caso o suposto de regular unha normativa socioeconómica. Polo tanto, na tramitación do anteproxecto, obsérvanse todas as garantías exixidas pola lexislación vixente en materia de participación pública de promover esa participación real e efectiva ao longo de todo o procedemento de tramitación dunha lei.

O seu deseño foi complexo debido á relevancia do asunto e porque en todo este tempo dende que se iniciou a súa tramitación —é certo, alá polo ano 2022— fomos responsables e preferimos facer un texto baseado integramente no rigor e non ás présas, señorías; polo tanto, adaptándonos ás diferentes circunstancias e realidades que foron xurdindo ao longo do tempo. Un exemplo foi a adaptación que fixemos á xestión de riscos derivados do cambio climático. Polo tanto, é unha lei moi traballada, unha lei moi pensada, e estamos nun gran texto lexislativo adaptado ao marco europeo e, por suposto, inclusivo, marcando todos os obxectivos comunitarios e incluso superando eses obxectivos.

Ata aquí, todo claro. O que non teño tan claro é se me sorprende ou non que o BNG presentase esta emenda á totalidade. O que si sei é que, señores do BNG, se volven equivocar; non é a primeira vez. Dos erros débese aprender. Fixérono coa Loxilga, e eu creo que van cometer o mesmo error agora; pero eu penso que aínda o poden pensar, repensar e, a partir de aí, pois darlles ese voto de confianza a todos os galegos e a este Parlamento. Está claro que queremos seguir mellorando, ese é o obxectivo desta lei e ese é o obxectivo deste traballo continuado, do traballo que se fixo da man de grandes expertos e, sobre todo, da man da ciencia, que é fundamental.

Queremos que participen vostedes, os distintos grupos políticos. Eu mesma, dende esta Cámara, animei a que así se fixese. Aceptáronse alegacións, entre outras, as do Bloque Nacio-



nalista Galego —que agora rexeitan integramente a normativa, algo que non é moi entendible—, e incluíuse, por exemplo, a creación da Oficina de Cambio Climático. É certo que ás veces mudan as palabras e, entón, eles falan da Asemblea da Cidadanía Galega polo Clima e do Comité de Expertos en Cambio Climático, que é o equivalente, señor Bará e señorías do Parlamento, ao Foro da Acción Climática. Eles din que nada ten que ver unha asemblea cun foro. Pois eu direilles que si é o mesmo a asemblea e o foro, pero, cando non hai ganas de contribuír, a verdade é que sempre se buscan escusas.

Non ten moito sentido, entón, señorías do BNG, que rexeiten integramente un texto. Estou, por isto, convencida de que no BNG, unha de dúas: ou non leron ben a norma ou simplemente si que a leron, pero xa tiñan unha predisposición, e esa predisposición é o «non polo non». Pero hai temas que son o suficientemente complexos e o suficientemente urxentes para poder contribuír, para poder, efectivamente, perfeccionar, pero non para estancarse. E dígoo tamén porque moitas das ausencias que din que observaron vostedes para a adaptación e a mitigación do cambio climático están dunha ou doutra maneira recollidas.

Falan de que botan en falta medidas no eido enerxético e de que deixamos de lado os sectores estratéxicos. Bueno, a verdade é que me daba a min un pouco a risa con todo isto. Pero, ¿como imos lexislar —pregúntome eu— sen ter en conta os sectores sobre os que o clima pode ter impacto? ¿Acaso descoñecen vostedes como se elabora unha lei? Volvo insistir e repetir: ¿ou é que non apetece contribuír absolutamente en nada? Á hora de dotar de contidos a mesma lei, hai que ter en consideración a lexislación sectorial existente, e hai unha lexislación sectorial existente, e ademais está moi fresquiña; polo tanto, deberían tela vostedes nas súas retinas.

Por este motivo, cando o BNG indica que a lei ten carencias no eido enerxético, é preciso aclararlles que existe xa na lexislación autonómica recente na que se está a abordar esta mesma cuestión a Lei 2/2004, do 7 de novembro, de promoción de beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais de Galicia. Pero, vamos ver, é que, ademais, o futuro marco normativo sitúa o clima como eixe transversal de todas as políticas públicas galegas, polo que a lei introduce a obriga por parte da Xunta de Galicia e do sector público autonómico de integrar a perspectiva climática na elaboración de todos os plans, de todos os programas sectoriais e na preparación, á parte dos contratos públicos, tanto para a mitigación como para a adaptación aos efectos do quecemento global; polo tanto, está incluído absolutamente todo. Con esta norma, señorías —escoiten ben—, imos ser os primeiros —os primeiros de todas as comunidades autónomas de España— en establecer por lei o adianto de dez anos do obxectivo de neutralidade climática —ano 2040—, fixando uns obxectivos moi ambiciosos, pero uns obxectivos realistas; tanto que son superiores aos marcados pola Unión Europea e son superiores aos marcados polo Goberno central. *(Aplausos.)*

O texto legal nace para contribuír a mitigar as causas do cambio climático, limitando as emisións de gases de efecto invernadoiro a través do impulso de enerxías renovables ou da eficiencia enerxética —o que ocorre é que algúns non sei que entenden por enerxías renovables; eses eidos que vostedes din botar en falta— e tamén para adaptarse aos efectos do cambio climático. Para iso, o proxecto de lei fixa catro retos moi importantes: acadar unha Galicia neutra en emisións —no ano 2040, dez anos antes do fixado pola Unión Europea, como



dixen anteriormente—; lograr no ano 2030 —que o temos aí moi preto— unha redución de gases de efecto invernadoiro do 75 por cento —lembren que estamos no 61,7 por cento, moi superior ao que alcanza neste momento España—; adaptarse ao cambio climático, preparando o territorio e a sociedade ante os riscos do clima como ferramentas e con ferramentas de protección, como é o caso dos refuxios climáticos —dos que tamén di o BNG que non temos en conta na Lei do clima—; e promover unha economía circular e unha economía sostible, modelos que xeren emprego verde e tamén de calidade.

En Galicia, por certo, partimos desa moi boa posición; unha posición que é grazas a todos os galegos e ás galegas, ás empresas, ás distintas políticas e á contribución de cada unha das persoas. Partimos desa base e dun ano que se marca como referencia, o ano 1990 —actualidade, o 61,7 por cento de diminución de gases de efecto invernadoiro—; un ritmo cinco veces maior que o conxunto de España, un diferencial de 49 puntos, superando o obxectivo, ademais, do 55 por cento establecido pola Unión Europea para o ano 2030. O ano 2030 a Unión Europea exige esa redución do 55 por cento. Estamos no ano 2025 e Galicia xa está no 61,7 por cento, e diso debemos sentirnos moi orgullosos. A normativa para poder seguir cumprindo apóiase nunha serie de instrumentos: órganos de coordinación, asesoramento e medidas de tipo económico, entre outros; en definitiva, diferentes iniciativas que si están recoñecidas e recollidas na lei, pero que os señores do BNG parece que non viron.

Paso a explicarlles un pouco polo miúdo o contido deste texto lexislativo, que se estrutura nun título preliminar, en cinco títulos, en dúas disposicións adicionais, nunha disposición derogatoria única e en dúas disposicións finais.

Por títulos, o primeiro está dedicado á gobernanza climática, co obxecto de promover a coordinación, a transparencia e a participación social.

Incluimos aquí a posta en marcha dun novo órgano técnico: a Oficina de Cambio Climático de Galicia, con labores de asesoramento e seguimento; un espazo de participación social, o que eles chaman Asemblea, que nós chamamos Foro de Acción Climática en Galicia; e un portal, un Portal de Acción Climática, para informar a cidadanía. Total transparencia.

Tamén reforzaremos órganos existentes como a Comisión Interdepartamental, a Alianza Galega polo Clima, na cal están integrados 229 órganos, están as grandes empresas, pequenas empresas, os laboratorios, están as tres universidades, están os portos; é dicir, todos xuntos remando nun mesmo sentido, excepto uns señores, que son os do BNG. E a Rede Local polo Clima, da que forma parte o Pacto de alcaldías, con 287 concellos xa tamén adheridos —dos 313, 287 concellos—. Hai que chegar ao cen por cento.

O título II céntrase nos instrumentos de ordenación e acción climática, que xa temos aprobados e nos que se apoia a lei, ao tempo que regula tamén as proxeccións climáticas, establecendo que serán a base do coñecemento para a revisión e a actualización da Estratexia de cambio climático e do Plan rexional integrado de acción climática.

As proxeccións proporcionarán información sistematizada elaborada especificamente para Galicia e facilmente comprensible. É fundamental que a sociedade entenda que é o que está ocorrendo.



Con respecto ás ferramentas de acción —refírome á Estratexia galega de cambio climático, ao Plan rexional integrado de acción climática e aos plans de acción local polo clima—, lembren sempre que Galicia estivo e segue estando á vangarda contra o quecemento global. E por iso fomos pioneiros en establecer por escrito o noso compromiso xa alá polo ano 2019, e ademais fixémoslo da man das tres universidades, que é moi sa a unión de todo o coñecemento, cun fin, que é establecer unhas bases. E, dende que está perfectamente maduro, alá polo ano 2019 ata o ano 2025, agora traemos a Lei do clima a este Parlamento.

A implantación desta planificación estase desenvolvendo a través dos plans rexionais, dos cales, por certo, lles damos cumprida conta. Xa imos polo segundo. Aprobamos en xaneiro deste ano un cento de medidas e un investimento, 1.700 millóns de euros. O primeiro —recorden— concluíu con moi bos resultados. Executáronse un total de 139 medidas —o 81 por cento das que se propuxeron— e tivo un grao de execución orzamentaria que chegou ao 91 por cento. (Aplausos.)

E, por último, en referencia aos plans de acción local polo clima, a lei fixará que sexan obrigatorios para os concellos de máis de 20.000 habitantes, cunha boa nova, ademais, e é que xa temos un camiño avanzado, porque o 74 por cento dos concellos de máis de 20.000 habitantes xa teñen o seu plan; é dicir, 17 dos 23 concellos. Fixérono porque crían nisto, e agora o que facemos é establecelo por obrigatoriedade.

O título III abarca o desenvolvemento de instrumentos económicos, co fin de garantir que o diñeiro público estea ao servizo da loita contra o cambio climático, para incentivar tamén o sector privado no cumprimento dos obxectivos ambientais.

Neste senso, a futura Lei do clima considera clave o impulso da contratación pública verde, para que a propia Administración dea prioridade a produtos, obras e servizos coa menor pegada de carbono posible. Para isto, unha vez que entre en vigor a lei e no prazo dun ano, desenvolveranse os criterios climáticos que integrarán de forma progresiva os contratos.

Tamén a inclusión nos orzamentos da Xunta de partidas para avanzar na mitigación e na adaptación. A modo de exemplo, establécese primar nas concesións de axudas públicas os concellos que teñan aprobado e rexistrado o seu Plan de acción polo clima.

E a posta en marcha do mercado de créditos de carbono para compensar emisións a través de proxectos sostibiles. Esta iniciativa xa está en tramitación e, de feito, xa se procedeu á aprobación do decreto no Consello da Xunta que regulará a publicación en breve tamén da licitación da plataforma tecnolóxica. Lembren que somos os primeiros en Galicia tamén en poñer en marcha este mercado de créditos de carbono. Saben vostedes que o teñen a nivel estatal, pero é simplemente inscribirse, e, a partir de aí, non se fai ningún tipo de verificación; algo que non queremos para Galicia, senón que queremos que teña un principio e tamén un fin.

E tamén está recollida a promoción —dentro da lei— da fiscalidade verde, para o que se propón que os impostos e axudas públicas teñan en conta o impacto climático. Neste punto vou explicarlles que se optou na lei por instrumentos de fomento en lugar de crear figuras



impositivas. ¿E por que se fixo? Porque escoitamos a todo o mundo e, entre eles escoitamos á Fegamp e escoitamos tamén ás organizacións ecoloxistas, que solicitaron a exclusión deste réxime sancionador. Entendemos que era produtivo, como así nos dicían.

É preciso ter en conta tamén que o Goberno central e a Unión Europea anunciaron novos instrumentos impositivos. Non semella oportuno que nós agora mesmo vaíamos por esa vía, que si a tiñamos recollida, pero é boa a escoita e, polo tanto, introducímolos para que isto non fose así.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): E para rematar a exposición deste título, quero dicir tamén que estará incluído o Rexistro galego de persoas promotoras de neutralidade climática.

Podía estar falando así do título IV e tamén do título V, e neste —simplemente, presidente, medio minuto—, centrarnos nos servizos para reforzar os servizos de MeteoGalicia, que son fundamentais. Cumpriron vinte e cinco anos e, polo tanto, eles son os que fan o traballo para emitir as nosas propias alertas, algo que tamén lle estamos demandando ao Goberno central, ao igual que o fixo o País Vasco, e aí aceptáronllo.

Polo tanto, eu agardo, señorías, tanto do BNG como do PSOE —pero, neste caso, os que presentaron a emenda á totalidade foron os señores do BNG— que non fagan o mesmo que a...

O PRESIDENTE: Grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): ...e, polo tanto, que nos apoién nesta lei, porque é fundamental non ser menos ca ninguén, pero si estar á par...

O PRESIDENTE: Grazas...

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): ...que outros.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Señora Vázquez, se non dedicase tanto tempo a criticar e atacar o BNG, quedaríalle máis tempo para defender as bondades da lei, pero quedou sen tempo (*Aplausos.*) porque a súa



principal obsesión aquí é atacar e criticar o BNG, que vimos aquí dar un debate xeral e necesario sobre unha lei do Goberno. Non sei que problema ten isto, que falemos no Parlamento dunha lei do Goberno. Supoño que será necesario. Á parte, que despois virá todo o debate da tramitación parlamentaria e das emendas e demais.

Miren, antes de entrar na materia obxecto de debate, quero desde esta tribuna pedir unha condena firme e contundente deste Parlamento aos actos de hostigamento, de coacción e de violencia que se produciron onte en Cangas contra os lexítimos representantes da cidadanía, que foron atacados, insultados e violentados nunha protesta, que, como todas as protestas, é lexítima, para manifestar a discrepancia fronte a unha pretensión determinada dos gobernos, porque iso é unha manifestación de saúde democrática. O que non é lexítimo —e que foi, ademais, alentado polo Partido Popular— é usar a violencia física e verbal contra os lexítimos representantes. (*Aplausos.*) É este ataque que están facendo —porque a vostedes a democracia quédalles grande— contra as alcaldías do BNG de Cangas, de Moaña e de Bueu, porque vostedes non soportan que o BNG governe, como vimos tamén en Ribeira, (*Aplausos.*) e que transforme os concellos para a maioría da cidadanía.

Polo tanto, pedímoslle —e está aquí unha representante do Partido Popular, portavoz en Cangas— que condenen, na súa quenda de intervención, estes actos de violencia física e verbal, inadmisibles, que se produciron onte en Cangas.

Antes de entrar en materia, quería tamén facer unha reflexión de carácter xeral, e é que lle pedimos ao Partido Popular que desconecte o mando a distancia, que deixe de obedecer as ordes que lle mandan desde a rúa Xénova. Porque, claro, vostedes fan as conferencias estas que organiza o Partido Popular, onde van os presidentes autonómicos, danlles as instrucións correspondentes e despois o señor Rueda, en vez de obedecer o mandato do pobo galego, o que obedece é o mandato do señor Feijóo desde Madrid, que, co mando a distancia, lle di o que ten que facer. Por exemplo, dille á señora conselleira que non ten que ir a unha convención sobre a emerxencia climática que había onte e hoxe en Ponferrada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esa é a importancia que lle dan vostedes á emerxencia climática, (*Aplausos.*) non asistir. Porque podían ir alí defender a súa posición, pero boicotéana, non por un criterio do Partido Popular galego, senón por unha orde do Partido Popular de Madrid. E iso é inadmisíble, señora Vázquez.

Mire, sobre o expediente do proxecto de lei —que teño aquí— podemos dicir que é un relato de todas as discrepancias e as liortas que teñen no Goberno sobre esta cuestión. Porque aquí queda ben claro, ¿non?, as pelexas que teñen entre o seu departamento e o de Economía e Enerxía, que lle fixo que chapodasen unha boa parte do texto, que quedou no chasis; quedou en 44 artigos e o anterior tiña 54.

Xa non llo vou comparar coas mellores leis que hai no Estado sobre esta materia, por exemplo, en Navarra —que podían copiar da xente que o fai ben—, que é unha lei moito máis ampla, moito máis completa e moito máis ambiciosa que esta lei pírrica que fixeron vostedes.

Pero, en todo caso, imos debullar polo miúdo cales son as razóns desta solicitude de devolución, que é un procedemento parlamentario, non sei a vostede por que lle chama a aten-



ción. É un procedemento lexítimo parlamentario que temos para dar un debate da totalidade do texto, manifestar as nosas diferenzas, as nosas discrepancias e intentar con este debate mellorar ou facer un texto diferente, un texto novo ou un texto, en todo caso, mellor. Diso é do que se trata aquí, señora Vázquez.

A primeira razón desta petición de devolución é que estamos diante dunha fraude de lei, dunha auténtica fraude de lei, porque vostedes deron o cambiazos. Vostedes empezaron a tramitar un anteproxecto en xuño do ano 2023 —fíxese que axilidade administrativa teñen vostedes, que estamos en outubro do 2025— e vostede xa anunciara este anteproxecto cando foi a Glasgow no ano 2021; é dicir, que levamos bastante tempo falando destes temas sen que avanzásemos moito; máis ben fomos para atrás. Porque realmente nese anteproxecto que vostedes sacaron á información pública non contestaron as alegacións ou, polo menos, non as publicaron, non as incluíron no expediente. No 2025 fixeron un texto completamente novo, que non someteron a procedemento de información pública, e iso é unha auténtica fraude, señora conselleira, porque cambiaron por completo o texto e non seguiron un procedemento fundamental na tramitación normativa, que é o procedemento de información pública. Polo tanto, non queremos dar ideas, pero, se alguén quixese impugnar esta tramitación, tería todas as de gañar, porque é nula de pleno dereito.

Vostedes o novo texto do ano 2025 —insisto, completamente distinto— non o someteron ao procedemento de información pública, que é un dereito que ten a cidadanía de participación nos asuntos públicos e na elaboración das leis. Só o someteron á consulta dos departamentos da Xunta, que llelo chapodaron completamente, pero iso non é participación pública. Entón, ¿como se atreven vostedes a dicir no expediente e no preámbulo da norma que foi sometido este texto a un extraordinario proceso de participación pública? ¡É que nos están tomando o pelo! Para nada houbo unha participación pública, senón todo o contrario. Polo tanto, primeira razón de xustificación desta devolución.

Segunda cuestión, o informe do CES. Claro, ¿é que como non vai ter que ser sometido ao informe do CES un texto que trata sobre a emerxencia climática, sobre un dos principais desafíos que ten a nosa sociedade, que incide en todos os ámbitos da economía e que vostedes recoñecen no propio texto cando falan dos sectores económicos e estratéxicos? ¿Como é posible que non o sometan ao informe do CES? Esta é a consideración que lle dan vostedes ao cambio climático, á emerxencia climática: non considerar que o CES, que é unha representación de todos os sectores da economía galega, ten que pronunciarse sobre este texto. Este é o nivel tamén de respecto que teñen vostedes polo CES.

E despois, que veñan dicir no expediente que substituíron a consulta do CES pola consulta do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible xa nos parece unha auténtica broma, porque non ten nada que ver un procedemento con outro. O Consello Galego de Medio Ambiente, como vostede sabe, só tivo coñecemento do texto, pero non se pronunciou sobre el, e vostedes, por suposto, non nos dan o que se debateu alí; no expediente non está incluído.

Terceira cuestión para xustificar a devolución: vostedes din que este proxecto de lei non vai supoñer incremento de gasto orzamentario. ¡Pero bueno! ¿Como se pode entender que unha



materia desta dimensión, que ten que supoñer unha serie de medidas de impulso e de cambio en materia de mitigación ou adaptación en todos os sectores da economía galega, non vai supoñer un incremento de gasto? Xa din vostedes no informe que lles fixeron a medida que todas esas medidas xa están en marcha e xa contan con orzamentos para todas elas. E, entón, ¿para que facemos unha lei?, ¿para que facemos unha lei se non van cambiar nada, se van seguir co que estaban facendo ata agora? *(O deputado Xosé Luís Bará Torres ri.)*

Non, é que «Lei do clima» tamén, ¡manda truco!, «Lei do clima». O clima non se regula por unha lei; en todo caso será unha lei de acción climática, de emerxencia climática, de loita contra o cambio climático e transición enerxética... Pero, claro, sobre a transición enerxética e todo o que ten que ver coa enerxía xa lles dixeron dende a Consellería de Industria que o quitasen fóra, que aí desaparecía todo. ¡E desapareceu todo!, está nas alegacións. Lin o documento con detalle e todas as alegacións da Consellería de Industria nesta materia foron admitidas e foron desaparecendo todas as referencias á enerxía no texto. E a estratexia que antes era de cambio climático e transición enerxética, xa é só de cambio climático; deixa de ser de transición enerxética. E o Plan rexional integrado xa deixa de ser tamén de transición enerxética. Desapareceu porque llelo pediron os de enerxía. Dixeron: ¡estas competencias son nosas, non o poñades aí! Está aquí escrito nas alegacións que vostedes aceptaron, non estou inventando nada.

E, miren, estas son cuestións —digamos— formais pero podemos ir tamén ás cuestións de contido deste texto, que é un texto, dende logo, pobre, raquítico, sen substancia, absolutamente descafeinado. En primeiro lugar, se o comparamos con outras normas —eu púxenlle o exemplo de Navarra, pero podemos falar da norma catalá, da andaluza, da da Rioxa, da de Baleares, da de Valencia, de calquera outra que hai no Estado—, son infinitamente máis completas e mellores que a súa. Por certo, moitas delas, a maioría delas, recollen a idea dunha asemblea cidadá sobre o clima para que haxa unha participación amplísima da cidadanía nunha materia desta natureza.

E miren, hai temas concretos que non aparecen. Non aparecen os orzamentos de carbono. Non hai medidas de adaptación e mitigación para a Administración no ámbito da enerxía, da mobilidade ou do urbanismo, cando son os sectores que producen máis cambio climático; o transporte e o uso residencial nestes momentos en Galicia son as maiores fábricas de cambio climático, xunto con algunhas políticas que fai o Partido Popular.

Eliminarón as referencias á transición enerxética, ¡non aparece nada, absolutamente nada —señor Trenor, atenda, a ver se presta atención e aprende algo—, ningunha mención á fiscalidade verde, señora conselleira! Vostede inventou aquí un argumento para xustificar que non apareza a fiscalidade verde, que aparece na maior parte tamén das normas a nivel europeo como un instrumento eficaz para as políticas do cambio climático.

Non se regulan os informes xerais e sectoriais sobre o cambio climático e a súa incidencia nos ámbitos e sectores estratéxicos. ¿Sabe de cando é o último informe sobre o cambio climático do Goberno da Xunta?, ¿sabe de cando é o último informe sobre unha materia desta transcendencia, de ámbito xeral? Do 2016. Desde o 2016, vostedes non fixeron ningún informe xeral nin sectorial sobre o cambio climático. Hai outros anteriores que fan referencia,



por exemplo, á incidencia do cambio climático en determinados sectores do ámbito agrario —por exemplo, a viticultura, o sector da pataca, o sector de cereais e demais— que xa teñen máis de 10 anos, están totalmente desfasados. Vostedes non están facendo nada por analizar a incidencia do cambio climático nestes sectores.

Desaparecen dun plumazo as medidas de avaliación e seguimento que aparecían no Anteproxecto; xa non hai que facer avaliación e seguimento. E, ademais, desaparece o título relativo á disciplina e o marco sancionador, que tamén lle digo que estaba no primeiro documento, que vostedes chapodaron —díxonos aquí tamén unha xustificación así, *sui generis*: que llo pediu non sei quen; non dixo quen, supoño que a Confederación de Empresarios—, e que está na maior parte das normas que hai aprobadas no Estado. Estaba na súa primeira versión —eliminárona— e está na maior parte das normas que hai no Estado.

¿Outras cuestións de interese, de máximo interese, que non aparecen no texto? Non hai referencias á Declaración de emerxencia climática e ambiental, que foi un debate que xa tivemos aquí noutras ocasións; non hai referencias á xustiza climática; non hai referencias aos dereitos e deberes da cidadanía en relación coa acción climática; á perspectiva de xénero, ou á contaminación do ar, que aparece nun título ao final así moi lacónico sobre estas cuestións que teñen que ver coa meteoroloxía; ámbito no que vostedes tamén chapodaron e laminaron unha proposta —que estaba nas nosas alegacións do texto primeiro do 2023, non deste—, que nos parecía un avance, para a creación dunha axencia galega sobre o clima e a enerxía, que sería a que levaría as competencias de meteoroloxía. Pois ben, vostedes puxeron esa proposta de creación dunha axencia de clima e meteoroloxía, e resulta que hai un informe da Consellería de Facenda que lles di que non, e vostedes eliminana e van seguir mantendo a situación de absoluta precariedade e de limbo legal na que está MeteoGalicia, que nin sequera é un servizo, que nin sequera é un departamento; é un ente abstracto creado mediante un convenio ou un contrato con Tragsa, que contrata o persoal e que pon as instalacións dunha parte, porque a outra parte está na Consellería de Medio Ambiente. Isto non é normal e isto debería resolverse mediante a creación desta axencia, que vostedes non foron quen de poñer na versión definitiva da Lei.

Sorpréndenos tamén que non se lle dea o trato que merece a todo o que ten que ver cun dos principais desafíos que temos como país e como sociedade, que son os riscos asociados co cambio climático, coa emerxencia ambiental e con todo o que ten que ver cos fenómenos meteorolóxicos extremos. Non aparece un tratamento específico e diferenciado destas cuestións nin da cuestión da seguridade diante do cambio climático. Tampouco dos refuxios climáticos, porque eu creo que vostedes, a estas alturas, xa os desbotaron, despois da turra que lles demos aquí e da demostración que lles fixemos do absolutamente inadecuado que era o uso de «Galicia, refuxio climático» como marca e como slogan. Pero é que nin sequera falan dos refuxios climáticos co sentido que verdadeiramente deben ter, que se deberían regular nesta Lei mediante un articulado específico do que son os refuxios climáticos, como se deben facer e que funcións deben cumprir e demais. Non aparecen tratados no texto.

Por último, consideramos tamén, a modo de recapitulación e conclusión, que unha materia como a crise climática, como a emerxencia ambiental, é un dos principais desafíos que ten a nosa sociedade. Non cansaremos de repetilo: é a principal ameaza, o principal reto; un dos



principais, polo menos, que temos. Estámolo vendo con todo o que está pasando ao noso redor e tamén no noso país. Unha cuestión desta natureza, desta entidade merece unha política de altura, unha política ambiciosa e unha lei tamén que responda todos estes desafíos. Pero esta que presentan vostedes, desde logo, non o fai, e por iso nós presentamos esta emenda de devolución e de totalidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. *(O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)*

Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Dende o noso grupo parlamentario, queremos comezar deixando clara a nosa posición. Nós non presentamos unha emenda á totalidade deste Proxecto de lei do clima de Galicia, porque consideramos que é necesaria unha lei; unha lei precisa, unha norma que dote de forza legal e oriente as políticas públicas cara á neutralidade climática, a protección ambiental e a transición ecolóxica xusta. Si presentariamos unha emenda á totalidade á actitude deste Goberno ante nese cumio do clima, por facer ese seguidismo de Feijóo e non presentarse, cunha falla total de decoro institucional. *(Aplausos.)*

Agora ben, en relación co que vimos hoxe debater, en relación coa emenda á totalidade, que non presentásemos esta emenda non significa tampouco un apoio incondicional ao texto que se somete a debate. Somos plenamente conscientes de que o anteproxecto, tal e como está redactado, presenta carencias importantes, ambigüidades e ausencia de compromisos orzamentarios, que deben ser abordados con seriedade nesa fase da ponencia. Por iso, o noso grupo adoptará unha actitude propositiva.

Imos introducir emendas ao articulado que melloren o seu contido, garantan unha implementación efectiva da lei e permitan que a norma responda realmente ante o que estamos, que é ante unha emerxencia climática. Conscientes de que a Lei do clima — como dicía ao inicio — é un instrumento esencial para definir o futuro de Galicia, señorías do PP e señora conselleira, precisamos reducir as emisións; pero non só as emisións do noso territorio, senón que isto é un problema global, e así o di o último balance da Organización das Nacións Unidas.

Os obxectivos propostos nesta lei non chegan. Son menos ambiciosos incluso que os que propuxeron vostedes na Estratexia galega do cambio climático e enerxía 2050, e necesitamos



xa non só revisar o cumprimento destes obxectivos, senón actualizalos ano por ano. A propia Comisión Europea reclama compromisos rexionais máis fortes para cumprir o Regulamento europeo do clima e unha redución polo menos do 55 por cento das emisións para 2030.

Ao mesmo tempo, cremos que nun contexto no que as forzas da dereita e extrema dereita están a atacar a nivel europeo e mundial tamén as políticas de transición ecolóxica e loita contra o cambio climático, é necesario fixar a nivel legal o compromiso coa neutralidade climática no noso país. E a política é esencial para este fin, porque non podemos esquecer que se Galicia está en condicións de referendar o obxectivo de neutralidade en 2040 é grazas ás políticas impulsadas por gobernos socialistas; dende a aposta polas enerxías renovables dos gobernos de Zapatero, ata o liderado en materia de políticas enerxético-climáticas do Goberno de Pedro Sánchez, que están a posicionar España como referente a nivel mundial na transición ecolóxica. Como así explica o Observatorio Galego do Clima, a emisión de gases de efecto invernadoiro descendeu entre 1990 e 2023 en Galicia un 38,3 por cento; feito que, aínda que vostedes non o recoñezan, se trata do resultado do peche das centrais térmicas de carbón, unha decisión de impronta socialista. Tamén, con todo, as emisións por habitante en Galicia seguen a ser superiores á media española. Polo tanto, necesitamos educación e sensibilización.

Quero insistir tamén en que imos tarde. Non estamos a regular o futuro, porque sabemos que os efectos do cambio climático —estes días en Cataluña estámolo a ver— xa son visibles nas nosas costas, nos nosos montes —como vimos este verán no noso rural—. Polo tanto, temos que liderar unha transición xusta e sostible, e cremos que esta lei debería recoller compromisos reais de redución de emisións con prazos claros e ambiciosos, acordes cos obxectivos do Acordo de París.

En relación con algo esencial e que non aparece nesta lei: a transición enerxética. A transición enerxética é fundamental e debe ser cen por cento renovable, libre de combustibles fósiles e da enerxía nuclear. E Galicia ten recursos e tecnoloxía. O que falta é vontade política e planificación; planificación enerxética realista, democrática e participativa. Debemos saber que enerxía imos usar, onde se vai producir e con que impacto. Señorías, non hai unha política climática real sen transformación do sistema enerxético. Neste punto, obxectivamente Galicia está a fallar de maneira grave. A eficiencia enerxética e o autoconsumo deben ser prioritarios nos edificios públicos —así o di a Lei do ano 2018—, e Galicia leva anos incumprindo sistematicamente, porque non hai nin calendario claro nin estratexia real para converter o patrimonio público nun motor de transición enerxética.

Hai paralización eólica por inacción lexislativa. Galicia é un dos maiores potenciais eólicos de Europa. Leva anos cunha parálise practicamente total na tramitación de proxectos eólicos debido á falla de actualización da normativa autonómica e á ausencia dun modelo claro de planificación territorial. Non hai un novo Plan sectorial eólico actualizado, non se revisaron os criterios de implementación dende hai máis dunha década e a inseguridade xurídica, xunto coa posición social, xustifica a paralización de moitos macroxectos. Isto, ¿que xerou? Unha situación de bloqueo total. E isto non é responsabilidade, como din vostedes, nin do ministerio nin de Madrid; isto é responsabilidade única do Goberno galego, unha inacción lexislativa directa e unha falla de planificación por parte da Xunta.



E, se falamos de transición enerxética, temos que falar tamén das barreiras que existen en Galicia ao autoconsumo residencial. Mentres outras comunidades avanza no autoconsumo, Galicia converteuse, segundo di a Fundación de Renovables e a UNED, na comunidade que máis trabas administrativas impón ás instalacións de autoconsumo residenciais: procedementos farragosos, exixencias normativas superiores ás que marca o Estado, falla de información pública ou de canles de apoio, atrasos excesivos na tramitación e denegación por criterios arbitrarios. E, ¿o resultado? Galicia vai á cola de autoconsumo fotovoltaico, cunhas 3.200 instalacións rexistradas no ano 2023, fronte ás 25.000 de Cataluña ou Andalucía; e iso tendo un dos maiores consumos eléctricos por cápita de todo o Estado.

Falamos tamén de comunidades enerxéticas: moita teoría, pouca realidade. O texto fai referencia ás comunidades enerxéticas, pero non articula medidas reais para impulsalas. Hoxe, en Galicia, calquera colectivo veciñal ou cooperativa que queira crear unha comunidade enerxética enfróntase a un labirinto burocrático: falta de soporte técnico, silencio administrativo, dificultades para acceder ás axudas... E, polo tanto, resulta sumamente complicado; e as comunidades enerxéticas son unha oportunidade, e mais nunha terra como a nosa, co criterio de dispersión territorial que existe.

Despois, por outra banda, tamén cremos que a Lei debe abordar a transversalidade do cambio climático e como este afecta a mobilidade, a vivenda, a industria, o sector forestal, a pesca, ou o turismo, tamén carente nesta norma.

A fiscalidade tamén debe premiar os comportamentos sostibles e penalizar os prexudiciais. E si, falamos aquí dos impostos, desa fiscalidade verde que impón a Unión Europea e respecto da cal o Partido Popular mira para outro lado. Cómpre revisar tamén de xeito continuo os plans de enerxía e clima e corrixir os erros do pasado —e refírome a esa Estratexia galega de cambio climático—.

E, despois, tamén imos falar da autonomía local. Creemos que esta Lei vulnera a autonomía e as competencias das entidades locais e, sen entrar a valorar a necesidade da Lei, que a ten, a súa redacción actual supón un retroceso nas competencias municipais, e isto é grave. Voulle explicar por que: porque altera o marco competencial da lexislación básica estatal e autonómica en materia de réxime local, especialmente na xestión ambiental urbana; porque modifica o réxime dos servizos mínimos obrigatorios que os concellos deben prestar, sen diálogo e sen previsión con eles; porque limita tamén as potestades organizativas e de planificación dos concellos, afectando directamente a súa autonomía recoñecida constitucionalmente, e —o máis preocupante— porque non achegan ningunha memoria económica nin mecanismos de financiamento para facer fronte ás obrigas que impón. E eu preguntolle, señora conselleira: ¿como se espera que os concellos implanten estas medidas sen dotación económica? Porque isto incumpre o principio básico recollido no pacto local e na Lei 5/2014, que obriga a acompañar este tipo de leis cunha memoria económico-financeira que valore o impacto nas entidades locais.

Por outra banda, falando do enfoque sancionador, queremos denunciar que nos preocupa profundamente que este título 7 da Lei centre o réxime sancionador case exclusivamente nos concellos, sen fomentar mecanismos reais de cooperación administrativa. Creemos que



é unha visión centralizadora cun enfoque moi diferente ao que lle están a dar outras comunidades autónomas a este tipo de leis, con marcos de gobernanza cooperativa e coa creación de fondos ou alianzas cos concellos.

Por outra banda, queremos tamén falar de que segue invisibilizada e de que é necesaria a representación feminina nos foros medioambientais. E non o dicimos nós; tamén o di ese informe da Consellería de Igualdade, e tamén a ONU, segundo a cal, menos do 30 por cento dos cargos directivos en materia ambiental e climática están ocupados por mulleres, menos do 30 por cento. En Galicia, esta realidade non vai mellor; tanto os órganos de decisión como os consellos consultivos ou os grupos de traballo en materia medioambiental están moi masculinizados. E a ausencia destas mulleres nestes espazos non é casualidade, senón que é consecuencia dunha estrutura que reproduce desigualdades de xénero tamén na gobernanza ambiental.

Partindo de que o cambio climático non afecta os homes e mulleres por igual, e de que as mulleres, especialmente no rural, nas zonas costeiras e como coidadoras do territorio, somos máis vulnerables aos seus impactos pero tamén somos actrices clave na resiliencia e na adaptación ao territorio, non podemos aceptar deseños que ignoren realidades e necesidades diferenciadas. Temos que impoñer medidas que teñan en conta os coidados, a saúde, o acceso aos recursos ou a pobreza enerxética, que afecta tamén as mulleres. E, ademais, non só para avanzar cara a unha igualdade real, senón tamén porque así o di a Lei orgánica 3/2007 do Estado, ou a Lei de igualdade de Galicia do ano 2023, que establece como unha obrigatoriedade a presenza equilibrada de homes e mulleres nos órganos de decisión. Polo tanto, a Lei do clima non pode ignorar este aspecto. Exiximos que, polo tanto, se inclúa esa composición equilibrada nos órganos consultivos, comités técnicos, consellos e estruturas de gobernanza climática, incorporando así de forma efectiva a perspectiva de xénero en todas as políticas, planificación e avaliacións ambientais, porque non podemos permitir que as mulleres sigan infrarrepresentadas nos espazos onde se deciden as respostas á maior crise do século XXI.

Por outra banda, queremos falar tamén dos recursos. Sen recursos, esta Lei é papel mo-llado, e resulta incomprensible que a Lei non contemple un incremento do gasto público específico para facer fronte a esta crise climática. E, malia iso, neste Parlamento, estamos a tramitar unha lei que non pon enriba da mesa nin un euro novo para afrontar este desafío. Señorías, non se pode facer política pública sen orzamento; non se pode pretender aplicar medidas de mitigación, adaptación ou eficiencia enerxética, protección do territorio ou mobilidade sustentable sen financiamento específico. E, por tanto, é como recoñecer que esta Lei nace sen vontade de ser aplicada. A Lei establece obrigas pero non habilita os medios para cumprilas, incumprindo o principio de suficiencia financeira do pacto local. A lexislación é clara, ademais: toda obriga imposta ás entidades locais debe vir acompañada da compensación económica correspondente. E así o fan determinadas normas, e fago a comparativa coa do 2023 do Goberno vasco, que destinou máis de 80 millóns de euros ao Plan Clima 2050, ou coa de Cataluña, Fons Climàtic, que move ao redor de 150 millóns anuais, financiados, por certo, con impostos ambientais. Galicia, pola contra, pretende aprobar unha Lei climática sen memoria económica, sen previsión de fondos específicos e sen novas liñas de financiamento; sen recursos, será inútil na práctica. Polo tanto, requirimos este compromiso orzamentario.



Polo tanto, señorías —xa para concluír—, creo que Galicia neste momento debe aproveitar a oportunidade que brinda a realización dunha lei que permita avanzar cara a esa transición ecolóxica e, polo tanto, debe reforzar os seus compromisos climáticos. Iso pasa por establecer os obxectivos de redución das emisións, incrementar a ambición na redución de emisións para 2030, integrar unha perspectiva climática transversal e complementar a consagración do principio de non regresión ambiental. Dando acollida na Lei, entre outras, a melloras como as mencionadas, os socialistas si que poderíamos comprometermos a traballar e aprobar esta Lei; unha lei que non deixa de poñer de manifesto realmente as contradicións do Partido Popular, dado que unha lei así non permitiría en Galicia a instalación de proxectos como o promovido pola Xunta e Altri.

Polo tanto, a tramitación desta Lei cremos que ofrece a posibilidade non só de plasmar prioridades políticas que sempre vimos defendendo dende o Grupo Socialista, senón tamén de evidenciar as contradicións dos populares e a falta de solidez do seu proxecto. Porque, falando de contradicións, teño que volver a como empecei: non se pode estar a falar de transición enerxética, dunha lei do clima e de compromisos medioambientais e, por outro lado, dar as costas e ter unha actitude totalmente seguidista dun Feijóo que non para de dar bandazos, e non comparecer como Comunidade Autónoma —vostede como conselleira ou o presidente Rueda— nese cumio do clima, que é fundamental para que, entre todos, sumemos, rememos cara a unha verdadeira transición ecolóxica e cara a unha verdadeira implantación da política medioambiental no noso territorio, tan necesaria e tan urxente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: Moi bos días, señorías.

Moi bo día, conselleira.

Grazas, presidente.

Permítame que empece coa señora Castro, porque, se é verdade a oferta de diálogo que vostede amosou, traballaremos dunha forma construtiva nesta Lei e, seguramente, tanto o Grupo Parlamentario Popular como grupo o Parlamentario Socialista acadaremos unha lei que terá o apoio dunha parte moi importante deste Parlamento. E agradezo profundamente, sinceramente, a súa felicitación, a que fixo vostede hoxe ao traballo que nos levou a liderar en Galicia a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro. Seguramente é verdade que outras administracións tamén axudaron niso, pero quero dicir que a Estratexia galega, os plans rexionais integrados, a Alianza polo clima ou o Pacto local creo que tamén tiveron moito que ver con todo iso; co cal, eu agradezo a súa felicitación.

E doulle a razón noutra cousa que dixo vostede. É verdade que non sei se foi plenamente consciente, pero eu puxen aquí a literalidade: «Non se pode facer política sen orzamentos».



Doulle a razón, señora Castro, (*Aplausos.*) ¡non se pode facer política sen orzamento!, pero non sei se vostede é plenamente consciente do alcance do que vostede dixo. Eu supoño que vostede se refire a unha lei en concreto, a algo moi específico, pero eu dígolle que pode aplicarse absolutamente a todo, e nós compartimos iso. Creo que un goberno que se prece, un goberno que respecta a cidadanía, un goberno que traballa con rigor aproba ano tras ano uns orzamentos, como imos facer este ano tamén nesta Cámara, outro ano máis. Noutros ámbitos, noutros eidos, eu creo os orzamentos xa non saben nin como se elaboran.

Señor Bará, estivo hoxe vostede especialmente enfadado, incluso ata faltón. Eu non lle vou dicir que atenda e que preste atención para aprender; creo que vostede é moi listo e que cando le as cousas lle queda algo á retención. É verdade que vostede despois ten un problema, que é que esa ira que ten lle nubra ás veces a razón; ese sectarismo, ese pensar que só vostede ten a razón, e que no resto —nin na Universidade, nin na Xunta, nin neste Parlamento— ninguén ten a mesma capacidade que ten vostede para prestar atención, para ler, para analizar os datos. Pero ben, iso creo que é unha forma que ten vostede de ver o mundo e por iso está tan enfadado, tan iracundo e tan faltón.

Pero, mire, o 16 de decembro entrou nesta Cámara o proxecto da que vai ser a primeira lei do clima en Galicia, unha normativa que supón un avance moi importante para acadar que sexamos unha rexión neutra en emisións. O acadado ata o de agora, xa de por si é moi importante; en Galicia lideramos as reducións de emisións netas de CO₂ desde 1990. E, ¿cal é a reacción do Bloque Nacionalista Galego? (*O deputado Gonzalo Trenor López amosa un debuxo.*) (*Risos.*) Dálles pena, están tristes, enfádanse. Ás veces, teñen así unha cara de sorriso, pero por detrás están rabiosos, (*O deputado Gonzalo Trenor López ri.*) iso é o que se nota. Alégrense de que Galicia lidere a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, (*Aplausos.*) un 61,7 por cento en 2023, a un ritmo cinco veces maior que o conxunto de España. Vén vostede aquí, intentando que copiemos a lexislación doutras comunidades, que fagamos o que outras comunidades. ¡Pero se o que estamos facendo aquí nos levou a ser líderes na redución de emisións! ¿Que temos que aprender do resto? O que pasa é que nós estamos moi orgullosos do que traballamos aquí, somos moi conscientes da capacidade que temos aquí, e non andamos mirando sempre o que fan os demais sen recoñecer os méritos e a capacidade que temos en Galicia.

E por iso, señoría, porque lideramos as reducións de emisións e porque somos os que facemos un 20 por cento, unha quinta parte, das capturas de CO₂ de todo o Estado, falamos, señorías, de «Galicia, refuxio climático», e seguiremos facéndoo, por moito que ao Bloque Nacionalista lle moleste. (*Aplausos.*) Nós seguiremos falando de «Galicia, refuxio climático». Pero queremos ir a máis, por moito que a vostedes lles moleste.

Eu pensaba que as boas novas a vostedes lles molestaban por unha cuestión de expectativas electorais. Ao final, canto mellor lle vaia a Galicia, peor lles vai ir a vostedes nas súas expectativas electorais; en definitiva, vostedes só se alegran do malo porque pensan que así poden obter algún rédito electoral, algún voto. Pero, vendo as súas reaccións ao que ocorreu no mundo nestes últimos días, creo que non só é unha cuestión electoral, creo que hai algo peor na súa reacción. E estoume a referir, señorías, por exemplo, ao anuncio dese proceso de diálogo impulsado polos Estados Unidos entre Israel e Hamás, que pode levar á paz en



Palestina. ¿Cal foi a súa reacción, señor Bará?, ¿cal foi a reacción do Bloque Nacionalista Galego? Parece que, mentres que todo o mundo o celebraba, a vostedes lles molestaba. Hai que ser moi sectario, hai que ter moi pouca humanidade para non alegrase por un proceso de paz que pode levar a solución a Palestina. Paréceme que hai que ser moi sectario. Pero tamén me estou a referir, por exemplo, ao que pasou co Premio Nóbel da Paz, outorgado a María Corina Machado, pola defensa da liberdade e da democracia. ¿Cal foi a reacción do Bloque Nacionalista? Lamentarse, poñerse do lado da narcoditadura de Maduro e chamar a galar-dada «golpista». Señorías, esa foi a reacción do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

E eu, señorías, quero aproveitar para enviarlle a nosa felicitación a María Corina Machado e desexar que oxalá todos os deputados desta Cámara tivesen, aínda que só fora un pouco, a porcentaxe do valor e do compromiso na defensa dos valores democráticos que ten ela.

Pero ben, señorías, xa sabemos que, para algúns, os referentes democráticos, para vostedes, son o réxime chino, son as ditaduras como a de Cuba e como a de Venezuela, ou tamén sabemos agora que son os herdeiros do terrorismo de ETA. ¡Que vergoña, señorías, que vergoña esa foto do Bloque Nacionalista Galego cos herdeiros do terrorismo!, un terrorismo que deixou 68 galegos mortos. E para vostedes son o referente democrático, son para vostedes os socios. ¿Que gaña Galicia con iso?, ¿que gaña Galicia? Nada, dor, unicamente dor. *(Aplausos.)*

E falan vostedes de mando a distancia. Mando a distancia é o que ten Bildu en Galicia con vostedes, señorías.

Miren, ter eses compañeiros de viaxe xa di moito de vostedes. E con iso podemos esperar de todo. Como tamén que vostedes perdan as eleccións e pensen que, aínda así, son os únicos lexitimados para gobernar. Pero mire, señorías, voulle lembrar unha cousa: en democracia, dez son máis de cinco, dez son máis de cinco, dez dá máis lexitimidade para gobernar que cinco *(O deputado Gonzalo Trenor López mostra un documento.)*, e máis tendo en conta, ademais, quen son estoutros que están aquí. Como vostede sabe, compartimos incluso con algún deles escanos nesta Cámara, co cal a campaña que vostedes lanzaron, de difamación, de acoso, de descualificacións contra os que tiñan máis lexitimidade que ninguén para poder gobernar en Ribeira, non é de recibo. E nós condenamos absolutamente todo tipo de violencia e condenamos todo tipo de acoso e de campañas de intimidación, como as que lidera e como as que encabeza o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* E con nós non contan vostedes para iso.

Pero lémbrolles, señorías: *(O deputado Gonzalo Trenor López mostra un documento.)* dez concelleiros son máis que cinco concelleiros. A ver se aprenden vostedes, á parte de valores democráticos, un pouco de matemáticas.

Pero, señoría, da mesma forma que a vostedes lles molesta o proceso de paz, moléstalles o Premio Nóbel da Paz, moléstalles que haxa unha alcaldesa en Ribeira, para nós son boas novas.

E esta lei é unha boa nova, precedida por outras novas, como foi ese liderado na redución da emisión de gases de efecto invernadoiro. É unha lei que foi moi participada, que se tramitou



tal e como exige a lei, e dende logo que foi feita co máis absoluto rigor técnico, e conta por suposto co aval xurídico necesario.

Someteuse a un procedemento de consulta pública previa, tamén ao de información pública, e contou con quince informes dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia. E iso ao Bloque Nacionalista moléstalle. E moléstalle, ademais, que encima, despois de facer todo ese procedemento, escoitamos que a Xunta de Galicia aceptaba algunha desas suxestións e as incluía no texto que chega á Cámara. Parece que incluso lle molestan algunhas das propostas que fixo vostede.

E vostedes consideran que é un cambiazo traer aquí á Cámara unha lei con ese enriquecemento, co enriquecemento das persoas, das entidades, das asociacións, dos diversos departamentos da Xunta de Galicia que enriquecen o texto. Esa é a forma que vostedes teñen.

Pero ¿que é o que pretende o Bloque? Que fagamos como Armengol. Que unha vez que hai suxestións, que o volvamos someter á exposición pública; que unha vez que se volvan admitir, volvamos admitilo. ¿Cantas veces? ¿Cantas considera o Bloque Nacionalista? (*Murmurios.*) ¡Ah, dúas! Dúas, porque lle sae así, porque é o que vostede decide agora. Claro, se o fixésemos dúas, seguramente que viría o señor Bará e diría: ¡tres, ou catro! Claro. Señor Bará, isto non funciona así, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o proceso participativo é bo *per se*.

E, ademais, hai outra cousa, non se esqueza: é que no Parlamento tamén imos traballar, o Parlamento vai ser o que aprobe o texto definitivo. Ou sexa, que non fale vostede de cambiazo. Traballe un pouco, presente as emendas, dialogue e permita que ao final poidamos sacalo.

Pero, tendo en conta que vostede xa presentou unha emenda á totalidade, xa sei cal vai ser o resultado cando traíamos aquí a lei definitiva. Dá igual o número de emendas parciais que admitamos, o voto do Bloque vai ser o «non». Porque o seu é o «non», é rexeitar absolutamente todo.

Non hai nada que poida incorporar esta lei que poida acadar o «si» do Bloque Nacionalista Galego, e iso hai que telo clarísimo. Dá igual que nesa negociación fagamos transaccións, dá igual que admitamos puntos enteiros, títulos enteiros do que diga vostede. O seu voto vai ser «non», porque vostedes son os do «non». Todo, todo o que é bo para Galicia é malo para o Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) E son vostedes os do «non».

E logo veñen aquí vostedes, despois de consultar máis de quince organismos, á parte tamén de consultar co Consello de Medio Ambiente, dicindo que ao Consello Económico e Social non se lle enviou. ¿Leu ben a lei? ¿Leu ben a Lei do Consello Económico de Galicia? ¿E sabe vostede o que di a lei cando se refire á materia de especial transcendencia económica e social? ¿Sabe a cal se refire? ¿Sábeo? ¿Non o sabe? Non o sabe, pero ao mellor di que si, pero non o sabe. Entón, se a le, sabe que precisamente estas materias non son dese ámbito, non é o que se está a regular nesta lei.

Pero a vostede dálle absolutamente igual, a vostede sérvelle para encher dous folios da súa emenda á totalidade, que —lémbrolle, sorpréndelle que falemos do Bloque— presentou unha



emenda á totalidade, e que é do que temos que falar, é do que temos que debater. Non se sorprenda vostede tanto.

E en relación con ese seguidismo que fan vostedes de Sánchez, que son vostedes case máis sanchistas que os propios socialistas, mire, nós non participamos no pacto de Estado fronte á emerxencia climática porque era unha cita meramente propagandística; sen orzamento, ese orzamento do que tanto fala tamén a señora Castro, ese orzamento sobre o que din que sen orzamento non se poden facer políticas. E que non ten nada que ver coa adaptación climática, senón só atacar o sector primario, que é un sector, como vostedes ben entenderán, importante para a nosa Comunidade, importante para a Xunta de Galicia e para o Partido Popular, e usar o clima como unha arma arroxadiza en política.

A Xunta é unha mostra diso, e precisamente esta lei está traballando para que Galicia estea á vangarda climática. E por iso lamentamos que o único que pode ofrecer o Goberno central é un novo pacto grandilocuente, propagandístico, cando non foi quen aínda de concretar o que fixo do pacto do 2022, e cando aínda ten 9.000 millóns de fondos para o cambio climático, para loitar contra o cambio climático, aos que Galicia presentou máis de 2.000 millóns en proxectos, sen saber que vai facer. Ou sexa, nin cumpre co anterior pacto (*Aplausos.*) e, ademais, queda co que nos corresponde por dereito aos galegos.

En definitiva, se o Goberno quere facerse fotos, que chame aos do Bloque Nacionalista, que chame aos de Bildu, que chame aos de Esquerra Republicana ou que se xunte con afiliados da súa organización, que seguramente se prestan para facer iso.

E logo fala vostede, que isto xa é..., é que non sei como definilo. Critica vostede que nesta lei, que é unha lei de gobernanza, que establece o marco, que establece os criterios de seguimento —creo que a conselleira o deixou bastante claro—, non hai regulación sectorial. Porque, segundo vostede, tiñamos que traer aquí unha lei —non sei— que regulase toda a mobilidade sostible, que regulase tamén todo o sistema de construción de Galicia, que regulase todos os sectores económicos, que regulase, como di vostede tamén —que é o que me parece máis alucinante—, as enerxías renovables.

Ou sexa, o Bloque Nacionalista Galego, que é o responsable da paralización do sector das enerxías renovables en Galicia, bótanos a nós en cara que non regulemos as enerxías renovables.

Pero mire, voulle recordar o que di a prensa do Bloque Nacionalista Galego, por se non lles quedou claro. «Ecoloxistas galegos vinculados ao Bloque Nacionalista Galego foron promotores dos eólicos contra os que agora loitan.» Porque vostedes, cando teñen negocio, cando se lucran, parece que se olvidan de loitar, pero, cando resulta que é a sociedade a que está a presentar proxectos, sae a súa verdadeira cara.

(O deputado Gonzalo Trenor López mostra un documento.) Un bufete fundado por membros do Bloque Nacionalista Galego, e con conexións con antigas empresas adxudicatarias de contratos eólicos, é o encargado de impulsar a ofensiva xudicial contra a Xunta e os parques actuais.



Señoría, ese é o froito, o logro do Bloque Nacionalista Galego, ¿para que?, ¿para a evolución do sector das enerxías renovables? Xa lle dixen unha vez: 2,5 millóns de toneladas de CO₂ cústannos a Galicia ao ano as súas iniciativas...,

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: ...o seu boicot ao sector das enerxías renovables.

En definitiva, señorías, esta lei inicia o trámite parlamentario. Todo aquel que queira facer aportacións vai ser ben recibido, todo aquel que queira traballar para enriquecer esta lei, por suposto, vai poder facelo, pero xa lles digo que o que non imos facer tampouco é ser reféns de ningún tipo de coacción nin de axiomas que queira traer aquí o Bloque Nacionalista. O seu voto xa sabemos que vai ser «non», e polo tanto pois haberá moi pouca sorpresa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do grupo emendante, señor Bará.

LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Señor Trenor, vino a vostede un pouco nervioso nesta tribuna. (*Murmurios*) E non me estraña, despois das últimas enquisas que se están publicando, non me estraña nada que o Partido Popular estea nervioso. (*Aplausos.*) É que, ademais, aquí o curioso é que vostedes estallle facendo a campaña ao Partido Socialista e a Vox; vostedes estallle facendo a campaña a Pedro Sánchez e a Abascal. Pero ¿non se dan conta de que coas posicións que toman estallle facendo un campañón? (*Murmurios.*) E hoxe... Non, non, neste tema, dende logo, co seu negacionismo climático, por moito que disimulen, estallles facendo un campañón aos demais, e así lles vai a vostedes nas enquisas; por iso están tan preocupados, por iso están tan nerviosos. (*Murmurios.*) Si, si, si. Disimulen, disimulen.

Ben, despois vino bastante descentrado, falando aquí de..., pareceu vostede un estadista, case parecía Trump, aquí no estrado, falando de política internacional, falando de bos e malos, repartindo carnés de bos demócratas e de golpistas. En fin, non lle coñecía a vostede esta faceta, señor Trenor.

Do que non dixo nada vostede é da condena que lle pedín, expresa, dos actos de violencia física e verbal contra os representantes lexítimos das alcaldías de Moaña, de Cangas e de Bueu, que vostede non condenou expresamente aquí. (*Aplausos.*) Pedímoslle ao Partido Popular, de novo, que condene estes actos impresentables, que ademais non poden condenar porque foron alentados polo Partido Popular e pola súa portavoz no Concello de Cangas, que se senta neste hemiciclo. ¿Como o van condenar, claro, se o están alentando?

Miren, ¿neutralidade climática no 2040? ¡*Largo me lo fídis!* A ver quen está alí para comprobalo, esperemos que esteamos todos, non sei se en responsabilidades de Goberno, esperemos que non todos.



Claro, o problema aquí é que vostedes utilizan unha fraude, utilizan un truco contable que nós non lles compramos. Non, non lles compramos o truco contable de que vostedes, en vez de utilizar as emisións brutas, que é o que di a normativa internacional que hai que utilizar, e aí o descenso foi do 33 por cento, que o din vostedes no PRIEC, que o teño aquí, *(O deputado Luís Bará Torres mostra un documento.)* dino aquí, o 33 por cento, e non ese 60 e non sei cantos por cento, que son as netas. As netas son coa compensación polo carbono que se retén no tema forestal sobre todo.

Pero o que hai que contabilizar son as brutas, e as brutas baixaron ao 33 por cento. Non cumpriron vostedes os obxectivos para o 2025. ¿Como van cumprilos no 2030?, ¿como van cumprilos no 2040? É unha auténtica fraude.

E o que non din vostedes tampouco é que as emisións descenderon de maneira brutal e abrupta polo peche das centrais térmicas. Temos aquí a baixada. *(O deputado Luís Bará Torres mostra un documento.)* É un descenso no 2018, 2019, 2020 e 2021, que é o que xustifica que esteamos nesas posicións.

Por certo, que as comunidades que máis descenderon nas emisións brutas, e tamén nas netas, pero nas brutas, ás que me refiro eu, son, curiosamente, Asturias, Castela e León, e mais Galiza, que foron as que pecharon as centrais de carbón. Esa é a razón de que vostedes presuman do descenso, cando vostedes se opuxeron a ese peche, que é o paradoxo. Pero vostedes tampouco contan que as emisións brutas en Galiza de gases de efecto invernadoiro subiron con respecto a 1990 un 62,7 por cento no transporte, un 13,2 por cento no sector residencial e comercial e un 20 por cento na agricultura.

Entón, ¿que están facendo vostedes como Goberno? Porque vostedes se benefician de que pechen as centrais, pero como Goberno, no que teñen competencias, non están facendo nada e están permitindo que suban as emisións. Esa é a realidade do seu balance.

E nesta lei non aparecen medidas concretas eficaces, como hai noutros textos normativos noutras comunidades —por iso llelo criticamos— para cambiar este panorama de incremento. ¿Que hai para o transporte? ¿Vaise descarbonizar toda a rede, a frota das administracións e demais? ¿Que van facer vostedes? Non hai nada.

E miren —máis cousas—, sobre os créditos de carbono. Primeiro, están vostedes pelexando entre departamentos a ver quen leva esta cuestión —aínda non nos quedou moi claro—, porque este tema que vostedes meteron aquí tamén aparece efectivamente na Lei de beneficios. E o sistema estatal regula unha determinada parcela desta cuestión *(Murmurios.)* —si, régúlaa—, e hai moitas comunidades de montes que se están acollendo a el; non sei se a vostedes non lles gusta, pero estanse acollendo a el. E vostedes van regular outra parte —que non temos tempo aquí para explicalo—, pero non queda claro aínda. Vostede falou da plataforma, ¿quen vai verificar a nivel internacional que se cumpren eses obxectivos de redución de carbono? Iso está por ver.

E, ademais, a cuestión de fondo é que este tipo de sistemas para o que serven é para facer lavado en verde de empresas contaminantes que se acollen a este sistema para intentar facer iso que lle chaman responsabilidade social corporativa.



Ben, o mesmo podemos falar da contratación pública verde, que vostedes levan vinte anos de atraso con respecto a comunidades como Euskadi, que son pioneiras de verdade, que levan moito tempo traballando nisto. Ou o feito de que non haxa incremento orzamentario para unha lei, que isto xa a descualifica de por si, porque, ¿como van facer unha nova lei con instrumentos novos se non hai incremento orzamentario?

Polo tanto —para rematar—, o que quero dicir, o que queremos dicir desde o BNG, é que, desde logo, nós queremos verdadeiramente unha lei da acción climática, unha boa lei e non unha lei calquera; non nos vale calquera lei, porque teña a palabra «clima» non nos vale. E temos o deber e o dereito de criticala e de pedir unha nova redacción, unha ampliación ou unha mellora deste texto, porque ademais hai referentes no Estado que demostran que se pode facer mellor. E, sobre todo, unha lei que sexa o resultado dun amplo proceso de diálogo e de participación social, que non se fixo, non se fixo neste caso...,

O PRESIDENTE: Remate.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...porque houbo un primeiro texto que si tivo ese procedemento, pero o segundo documento —que é o que traen agora aquí— non foi sometido a ese proceso de participación pública. Polo tanto, un novo texto, unha nova lei que sexa o resultado dun proceso de participación e de diálogo, e que responda ao que é un dos grandes retos —insisto—, e por iso tiña que pasar polo test, porque, se non, non é unha materia de especial relevancia económica e social o cambio climático que é. Por iso, un tema desta dimensión, un reto desta dimensión, debe nacer dunha lei que estea á altura.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Debate de totalidade do proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas

O PRESIDENTE: Continuamos co debate de totalidade do proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.

A este proxecto de lei presentouse unha emenda á totalidade do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señorías.

Hoxe teño a oportunidade de presentar ante esta Cámara unha norma que marca un antes e un despois nas políticas de prevención sanitaria da nosa Comunidade; unha lei que pon o



foco na xente nova, que aposta pola prevención fronte á indiferenza e que dá resposta aos novos retos da saúde pública do século XXI.

Ao longo dos próximos minutos vou explicar con detemento a Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas; unha norma pioneira baseada na evidencia científica e inspirada no principio de anticipación e de converter Galicia nun referente estatal e europeo na protección da infancia fronte ás adiccións.

Señorías —como ben saben—, os hábitos da mocidade mudaron profundamente na última década no uso do tabaco, o alcol e o cánnabis; tamén vapeadores, bebidas enerxéticas, xogos en liña e redes sociais. Falamos de riscos novos, de adiccións silenciosas que afectan o desenvolvemento físico, emocional e social dos menores.

Segundo a enquisa sobre o uso de drogas en ensinanza secundaria en España para o ano 2023, en Galicia a metade dos adolescentes de entre 14 e 18 anos xa probou o cigarro electrónico, o 36 por cento fumou tabaco convencional e un de cada dous estudantes de entre 14 e 18 anos consumiu bebidas enerxéticas no último mes. Estes produtos están xerando dependencia, alteracións do sono, problemas de concentración, trastornos de ansiedade e outras moitas patoloxías. Esta é a realidade, e ante a realidade a Xunta de Galicia responde con responsabilidade, conciencia e determinación.

A Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas, que inicia o seu debate parlamentario de cara á súa aprobación, sitúa Galicia á vangarda. Con esta lei seremos a primeira comunidade autónoma de España que prohíbe a venda, consumo e tenza de bebidas enerxéticas por parte de menores en lugares públicos, e tamén seremos a primeira comunidade que equipara legalmente o vapeo ao tabaco.

Outros territorios comezan agora a seguir o exemplo e o camiño que Galicia emprendeu hai meses: Asturias, Baleares e o propio Ministerio de Sanidade. Pero Galicia, unha vez máis, adiantouse e volve ser referencia en saúde pública.

Tamén o contexto internacional vai polo mesmo camiño: Reino Unido, Lituania, Letonia, Polonia, a Organización Mundial da Saúde e a Unión Europea levan anos recomendando limitar o acceso destes produtos á mocidade e equiparar os vapeadores ao tabaco convencional.

Señorías, todos estamos chamados a transitar por esta senda, así que, canto antes empece-mos, mellor, mellor para os nosos nenos e nenas e mellor para a nosa sociedade. Hoxe Galicia volve apostar por situarse na liña das políticas máis avanzadas de saúde pública de Europa e de protección da saúde da infancia.

As medidas recollidas nesta lei non son arbitrarias. Todo o articulado está avalado por informes científicos, recomendacións internacionais e estudos médicos e clínicos. Sabemos que unha soa lata de bebida enerxética de 250 mililitros pode conter ata 80 miligramos de cafeína, o equivalente a dous cafés expreso. En adolescentes esa dose pode provocar taquicardia, nerviosismo, irritabilidade, insomnio e, nos casos máis graves, arritmias. O consumo



frecuente asóciase a trastornos mentais como tensión, depresión e ansiedade, tanto pola alteración do sono como do estado de ánimo.

No caso dos vapeadores, debemos poñer énfase en que non hai produtos seguros de tabaco ou nicotina para menores. Os cigarros electrónicos conteñen substancias tóxicas e algunhas incluso causan cancro. A nicotina é altamente adictiva e altera o desenvolvemento cerebral dos adolescentes. Ademais, o aerosol dos vapeadores inclúe formaldehído, acroleína e metais pesados, todos produtos altamente tóxicos. E, como amosan as revisións científicas, os adolescentes que vapean teñen tres veces máis probabilidade de empezar a fumar tabaco convencional. Ante esta evidencia, Galicia actúa. A nosa intención non é prohibir por prohibir, a nosa intención é protexer para previr.

O proxecto de lei que hoxe debatemos consta con 67 artigos, agrupados en sete títulos. No título I, promoción da saúde e prevención das adiccións, refórzanse os programas de educación para a saúde en centros escolares; involúcrase tamén as familias e os concellos para crear contornas protectoras. No título II, sobre o control da oferta, establécense limitacións á venda, á tenza, ao consumo e á publicidade; ampliáanse os espazos libres de fume e vapor, regulando máquinas expendedoras, comercio electrónico e publicidade. En relación co título III, a atención sanitaria ante intoxicacións, establécese un protocolo sanitario e social: atención inmediata, aviso ás familias e derivación a servizos especializados; o obxectivo é acompañar, non culpabilizar. O título IV versa sobre a información e a avaliación; habilítanse os sistemas de información sobre as características do consumo de substancias en Galicia, a súa prevención e o seu tratamento; haberá tamén un espazo web específico para facilitar denuncias por parte da poboación daquelas entidades, establecementos ou actividades que cometan calquera das infraccións especificadas na lei. No título V, organización institucional, regúlase a organización e coordinación entre institucións, establecendo as competencias atribuídas a cada administración pública para evitar duplicidades; tamén se reconece o importante labor realizado por persoas e entidades privadas. No relativo ao título VI, inspección, as administracións autonómica e local serán as encargadas de exercer as funcións de inspección e control do cumprimento desta lei, cada unha no eido das súas competencias. E, por último, no título VII, sobre infraccións e sancións, detállanse as medidas punitivas relacionadas coas adiccións con substancia, mentres que, no caso das adiccións sen substancia, establécense medidas de promoción da saúde para impulsar o uso responsable dos xogos de azar e das novas tecnoloxías.

As competencias sancionadoras distribúense entre a consellaría competente en materia de saúde pública e tamén os concellos. Este apartado é moi importante, señorías, porque a lei non ten como fin a sanción —insisto—, senón a educación e a promoción da saúde. Por iso, establece a posibilidade de substituír as sancións por programas preventivos ou asistenciais, como programas de cesación tabáquica ou de conciliación sobre os prexuízos do alcol ou cánnabis, ou tamén traballos en beneficio da comunidade. A norma incide ante todo na prevención, reforzando o papel da sanidade pública e da formación das familias. Ademais, para apoiar os concellos e acadar unha maior eficacia contra o botellón, é a Consellería de Sanidade quen asume a potestade de sanción destas prácticas a través dos servizos de inspección.

Esta lei tamén afecta os espazos libres de fume. Como saben, Galicia foi pioneira coas praias sen fume. Agora ampliamos esa protección a marquesiñas, piscinas e accesos a colexios,



centros sanitarios e edificios administrativos nun radio de 50 metros. Son lugares onde xogan e aprenden os nosos fillos, lugares que deben ser sinónimo de saúde, non de fume. Ademais, agora estes espazos non só estarán libres do fume do cigarro convencional, senón que tamén estarán libres do vapor dos cigarros electrónicos.

Señorías, creo que é algo que todos debemos ter claro: esta lei non pretende restrinxir liberdades, senón garantir dereitos, o dereito a respirar aire limpo e a medrar nunha contorna saudable.

Unha das adiccións silenciosas que precisan urxentemente de regulación son as bebidas enerxéticas. Con esta lei prohíbese a súa venda, consumo e posesión por menores de idade. Os establecementos deberán expoñelas en lugares separados dos refrescos e con carteis visibles que advirtan da prohibición; tamén se vetan a publicidade e o patrocinios dirixidos a menores.

Como digo, señorías, todas estas medidas van acompañadas de educación e sensibilización. Queremos que os mozos comprendan que estas medidas non son inocuas, que non melloran o rendemento deportivo, nin axudan a estudar, senón todo o contrario. Queremos que as familias coñezan os seus riscos e poidan actuar con información.

Outra adicción con perigos descoñecidos para moita xente, debido á novidade que supón, son os dispositivos susceptibles de liberación de nicotina, máis coñecidos como cigarros electrónicos ou vapeadores. O vapeo converteuse nun fenómeno preocupante. A realidade mostra que o vapeo é unha porta de entrada á xente nova cara ao tabaco mediante un vicio aparentemente inofensivo. Pero, como sabemos, a realidade é ben distinta. É por iso que esta lei homologa estes dispositivos ao tabaco en canto á súa regulación.

Este texto normativo que hoxe presentamos nesta Cámara establece a prohibición total de venda, uso e posesión de vapeadores por menores, incluídos os sen nicotina.

A lei —insisto— pretende poñer o foco na prevención, pero non se limita a isto; tamén establece os mecanismos necesarios fronte a estas adiccións para facer óptima a atención sanitaria, o apoio e axuda. Así, en liña coas suxestións recibidas no seu proceso de elaboración, incidimos na prevención no ámbito familiar, escolar, comunitario e sanitario. Cando un menor chega a Urgencias cunha intoxicación non precisa un castigo, precisa axuda. A lei establece que o persoal sanitario active un protocolo de avaliación integral, contacte coa familia e, nos casos en que se considere necesario, o derive a unidades de saúde mental ou condutas adictivas. Ademais, nos controis do Programa de saúde infantil a partir de 12 anos incorpóranse intervencións preventivas de cribado e intervención do consumo de alcol, tabaco, cannabis, bebidas enerxéticas e o uso problemático das tecnoloxías dixitais. A saúde pública é protección, empatía e coidado. Esta lei humaniza a resposta institucional.

Por primeira vez Galicia contará cun sistema de información sobre condutas adictivas. Este sistema permitirá coñecer datos reais sobre o consumo, sancións e evolución dos programas, e isto nutrirá o sistema de información e permitirá analizar os factores de risco e de protección, a incidencia do consumo e tamén o control de aparición de novas substancias.



A prevención das adicciós require corresponsabilidade. Por iso se crea a Comisión de coordinación en materia de prevención das adicciós das persoas menores e condutas adictivas, unha comisión adscrita á Dirección Xeral de Saúde Pública, que integrará consellarías, concellos e representantes de entidades sociais.

Esta lei non pretende criminalizar a xuventude, senón apoderala; non quere sancionar, senón previr, educar e acompañar. Cando un menor participe nun programa de prevención ou nunha actividade comunitaria en lugar de pagar unha multa, estaremos a cumprir a verdadeira finalidade da norma: transformar condutas, que é o que pretendemos.

Esta lei é froito do traballo de profesionais sanitarios expertos en adicciós, docentes, pediatras, psicólogos, traballadores sociais, concellos e familias. Recibimos moitas achegas de axentes implicados na prevención das adicciós, que foron escoitadas. Ese carácter construtivo permítenos achegar a mellor lei posible, a que conta co aval das persoas ás que afecta. A todas elas, e moi especialmente ao equipo de saúde pública da Consellería de Sanidade, quero agradecerlles hoxe o seu compromiso e o seu rigor. A mensaxe é clara: a saúde dos nosos menores é unha prioridade colectiva.

Galicia volve situarse como unha comunidade referente, novamente é referente en materia de saúde pública e políticas preventivas. Señorías, outros territorios e países miran xa cara a Galicia. O que hoxe debatemos aquí estou seguro de que marcará o camiño doutras administracións, porque a saúde da mocidade non entende de fronteiras nin de cores políticas. Todos debemos ir xuntos nisto, e por iso pido o apoio dos grupos parlamentarios, que representan o pobo galego.

O Proxecto de lei responde a un marco normativo básico e transversal, cunha redacción aliñada coas leis marco estatais e europeas nesta materia, que requiren dun texto flexible e capaz de adaptarse aos distintos contextos territoriais e sociais.

Señorías, coido que todos concordamos en que esta lei é unha oportunidade e unha aposta polo futuro dos galegos. *(Aplausos.)* E ese benestar das xeracións futuras é cousa de todos, non só do Goberno galego. É por iso que o papel dos concellos é clave. Intentar executar esta lei sen os concellos sería un erro. A participación municipal responde a un modelo descentralizado e de corresponsabilidade institucional, esencial nesta materia.

Pero hai algo que quero deixar claro: esta norma non incorpora ningunha obriga nova para os concellos que non estea prevista na lexislación do ano 2010. O botellón está prohibido a nivel estatal e representa unha grande ameaza para a saúde. E por iso, para acadar esa maior eficacia fronte ao botellón —insisto—, será a Consellería de Sanidade, a través dos seus servizos de inspección, quen asuma a potestade de sanción destas prácticas.

Señorías, non existe investimento máis rendible nin máis xusto que o que se fai na infancia, na dirección dunha vida máis plena, un proxecto vital que non se frustra e unha familia que non sofre.

Este proxecto de lei, elaborado con diálogo na procura do máximo consenso, incorpora as achegas dos sectores implicados, organismos públicos, entidades sociais e cidadanía.



Señorías, protexer a saúde da nosa mocidade é garantir o futuro de Galicia. Por iso hoxe quero pedirllas aos grupos desta Cámara espírito construtivo e o máximo apoio para sacar adiante unha lei para a protección da saúde dos menores, un obxectivo que precisa da implicación de todas as administracións, de todos os grupos políticos e de toda a sociedade.

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo emendante, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.

Canto máis fala o Partido Popular, o BNG ten máis claro que está do lado certo da historia, ¿non? E, dende logo, o BNG non está co criminal xenocida de Netanyahu, como está o Partido Popular; o BNG non está coa fascista de Corina Machado, que chama a invadir o seu propio país, que quedaron cos recursos dos venezolanos, ¡eh!, nin está co imperialismo que ameaza a soberanía dos pobos, os invade, os bombardea cando non fan o que eles consideran para ser botín. O BNG non está dese lado da historia, (*Aplausos.*) non está dese lado da historia, non, non, non.

E vemos claramente como o Partido Popular sobe o ton, se pon moi espléndido sinalando cuestións, pero é incapaz, é incapaz, foi incapaz o señor deputado do Partido Popular, señor Trenor, de aproveitar a súa intervención neste estrado e condenar os actos inaceptables, violentos, señora Amigo, violentos, contra cargos públicos institucionais, non espontáneos da veciñanza, senón fomentados por cargos do Partido Popular, algúns dos cales se sentan neste hemicycle. (*Aplausos.*) Esa é a estratexia do Partido Popular. No que non consegue nas urnas intentar crear conflito na veciñanza. Ese é o Partido Popular, así de claro. Sabemos cales son as súas mañas. (*Murmurios.*)

Hoxe o BNG presentou unha emenda de devolución á totalidade da lei que ten como título —dígoo por se alguén se despistou— Lei de protección da saúde das persoas menores e da prevención das adiccións.

Dicía o conselleiro que esta lei significaba un antes e un despois e, sobre todo, facía fincapé no que fai sempre o Partido Popular: que vai ser un referente estatal, un referente europeo, un referente mundial. Ao Partido Popular non lle importa que se soluciona coas leis que presenta, iso é o de menos. A cuestión é poder quitar un titular: que somos os primeiros e somos os campións. Se logo a lei resolve ou non resolve, iso xa é outra cuestión.

E eu o primeiro que teño que dicirlle, señor conselleiro, é que logo a lei desmente as súas afirmacións aquí nesta tribuna. Esta lei empezou a falarse dela, empezou a anunciarla o Partido Popular no ano 2021. Lémbrolle que estamos ao final do ano 2025. Empezou no 2021, para arriba, para abaixo, contraste mínimo. E resulta que entra no Parlamento e o Partido Popular pon o acelerador. Xusto neste Parlamento e o conxunto dos deputados e deputadas que temos que corroborar esa lei, resulta que é onde menos importa traelo a debate. Porque



o Partido Popular o primeiro que fixo foi convocar unha mesa de urxencia para que a tramitación fora o máis áxil posible. Ou sexa, levan desde o ano 2021, pero resulta que logo na sede onde se legisla, aquí, que sexa un mero trámite. Entón, acábase o prazo, convocan de urxencia unha mesa para que poida vir xa a este pleno, coa intención de que se aprobe de inmediato, a ser posible rematado este mes de outubro.

Iso é como entende a democracia o Partido Popular: instigar a veciñanza con paus e pedras contra os cargos institucionais e logo a democracia de participación de poder aportar puntos de vista diferentes a algo tan importante como é unha lei; se tivesen o afán de que perdurara e onde todos nos sentiramos corresponsables, non, non, non, aquí facémolo como un trámite.

Ben, pois mire, as leis deberían ter como obxecto que tivesen afán de permanencia e saber que se quere solucionar con elas. O primeiro é que, despois de ler unha lei, todo o mundo quitase a conclusión de que, ben, esta lei serve para isto, para isto e para isto, e vai solucionar estes problemas. Iso é o normal: dar instrumentos para solucionar problemas, non para crealos.

Ben, pois cando un se pon a ler esta lei, o que encontramos é que é un proxecto de lei tremendamente ambiguo. Si, si, hai cuestións que prohiben sen especificar a quen, hai outras que son un remexido lexislativo. E, claro, cando unha lei é ambigua, o primeiro que se produce, señor conselleiro, é inseguridade xurídica. Nós cremos que esta lei, tal como está, á parte doutros problemas maiores, crea inseguridade xurídica. Presenta unha sucesión de xeneralidades, sen concrecións, un texto inzado de termos como promover, impulsar, fomentar, potenciar, procurar..., sen prazos, sen orzamento, sen destinatarios claros. Ben, poñemos estas palabras sempre son bonitas: imos impulsar, imos crear... ¿Cando, como, con que cartos, que persoas, con que...? ¡Bah!, iso xa é o de menos, ¿non? A cuestión é declaración de intencións.

Ben, pois fan entrever que todo recaia no voluntarismo de quen vai levar a cabo esas actuacións, fundamentalmente no que se refire á prevención. Inclúe medidas que se establecen en ámbitos de aplicación: no ensino, na sanidade e no tal... ¿Máis dotación de profesionais na sanidade para facer iso, señor conselleiro? Non, na lei non vai. ¿Máis dotación de ensinantes para poñer en marcha todos eses labores educativos e tal? Non, absolutamente non.

E, claro, imos ir polo principio, ¿non?: Lei de protección da saúde das persoas menores. Moi loable, cuestión na que nós estamos totalmente de acordo.

E, claro, primeira cuestión: 200 concellos de Galiza sen pediatras. Moitos dos que constan como que teñen téñenos a tempo parcial, téñenos unhas horas, téñenos compartidos con outro concello, co cal, en vez de 200, podemos situarnos nos 250. ¡Ah!, pero van facer promoción da saúde. ¿Con que tempo os pediatras, cando os nenos non teñen pediatras? ¿Como van facer promoción? ¿Como van facer seguimento? ¿Como van facer educación cos proxenitores, coas avoas, cos avós? ¿Como van facer ese labor, señor conselleiro? Imos facer promoción da saúde. Ben, xa veremos quen a fai. Igual deciden que sexa —non sei— o que leva o carro da repartición. Pero, dende logo, nesta lei en ningún momento se di que hai que aumentar os profesionais destinados a ese labor de protección da saúde.



Saúde mental. Vostede fixo aquí unhas asociacións entre determinados consumos e saúde mental, algunhas, señor conselleiro, non propias de alguén que presume de ser tan especializado; algunhas son criminalizadoras. (*Murmurios.*) Ben, pois presente os informes científicos que as avalan. Dende logo nesta lei non están, nin sequera nos antecedentes.

Ben, saúde mental, trastornos alimenticios, trastornos da conduta, condutas suicidas, autolésions... ¿Que medidas se contemplan nesta lei para a protección da saúde neste campo, señor conselleiro? ¿Aumento e incorporación de psicólogos e psicólogas en atención primaria para que tamén os menores teñan eses dispositivos? Non. ¿Aumento das unidades de hospitalización infantoxuvenil? Non; só segue habendo dúas en toda Galiza. Podía seguir fálndolle desta cuestión.

Nin unha soa mención á saúde reprodutiva e sexual, señor conselleiro. Esta lei abarca ata 18 anos de idade. ¿Non cre que unha lei de protección da saúde dos menores de 18 anos debería ter algunha mención á saúde sexual e reprodutiva da nosa poboación, dos nosos mozos e mozas? Non, nin a menciona, nin a menciona; (*Aplausos.*) nin sequera é mencionado o tema, nin sequera é mencionado.

Cuestións como para a prevención da saúde dos nosos menores, a violencia, non hai ningunha medida para a detección, e logo medidas para a prevención e resolver problemas de violencia. Problemas de situacións de pobreza, problemas de situación de exclusión, que teñen tanto que ver coa protección da saúde e, incluso, cos consumos e coas adiccións. Non vén, señor conselleiro, non vén.

¿Atención temperá, señor conselleiro? ¡Home!, parecería lóxico detectar problemas na nosa infancia para a súa protección da saúde. ¡Ah!, non, tampouco, non, non, tampouco non.

E ben, mocidade, ¿non? Unha parte importante desta lei xa é nun tramo da nosa adolescencia, da nosa mocidade, ata os 18, ¿non? Entón, resulta que aos 18 anos, aos 16 anos, os nosos mozos e mozas poden traballar, poden casar, poden ter licenza de caza —ou sexa, manexar armas—, poden conducir, votar nas eleccións sindicais... Poden conducir coa autorización do... (*Murmurios.*) Si, señor conselleiro, debería mirar a lexislación. E resulta que son menores de idade para o resto. É un pouco contraditorio.

Con isto quero chegar a que é unha lei coa que o que queda claro é a criminalización da mocidade galega. A criminalización da mocidade galega despréndese desta lei. Logo vou entrar e veremos como o que se fai é criminalizar, sancionar. Un réxime sancionador, realmente para facelo mirar.

E resulta que alternativa de lecer pública e gratuíta, iso non se contempla. Di «farase» e, sobre todo, «que o fagan os concellos». ¿Que fai o Partido Popular cando o BNG trae a este Parlamento propostas para o fomento dese lecer alternativo, público, gratuíto, impulsado polas administracións, impulsado pola Xunta de Galiza? Votar en contra. O Partido Popular, non hai tanto, votou en contra dunha iniciativa que trouxo o deputado do Bloque Nacionalista Galego, o señor Suárez. Non, só sancionamos e criminalizamos. Agora, medidas reais para que a nosa mocidade teña hábitos saudables, iso non, diso votamos en contra. Nesta



lei di «fomentarse». Xa está. «Como», «cando» ou «que» tampouco aparece. Espazos físicos como locais de ensaios, como deportes alternativos, impulsar bonos cultura, impulsar o asociacionismo.... Non, para a mocidade só reservamos sancións.

¿Contar coa mocidade para o deseño das súas políticas e medidas que a afectan? Non. O BNG, cando tivo ese pequeno período de tempo a oportunidade de estar á fronte da Dirección Xeral de Xuventude, creou, entre outras cousas, o Consello Asesor e Consultivo da Mocidade, para ter en conta a mocidade. ¿Que fixo o Partido Popular en canto chegou? Eliminámolo. A mocidade non hai que consultala; hai que criminalizala e multala. (*Aplausos.*) Esas son as alternativas do Partido Popular.

¿Enfoque de xénero nesta lei, señor conselleiro? Non está; non está nin se espera. ¿Para que? Con dicir que fomentamos e queremos a igualdade, pois xa está. Nin sequera se menciona, señor conselleiro. O que si, derívase cara aos concellos unha parte moi importante da responsabilidade de poñer en marcha medidas, de acometer accións de inspección, de vixilancia... Iso si, dotar os concellos de recursos para competencias que nunha maior parte non lles son propias, non. Non, «que fagan os concellos». A Xunta está para facer de cronista, para diagnosticar o problema, que foi basicamente o que vostede fixo aquí. Temos un problema, algo co que estamos de acordo no BNG. Hai que fomentar a saúde das persoas menores e a prevención de adiccións, estamos de acordo. Pero vostede aquí basicamente fixo unha diagnose. Pero logo hai que actuar, e para actuar hai que poñer medidas, recursos, profesionais... E vostedes, pois «poñamos ao lombo das entidades e ao lombo dos concellos unha parte moi importante».

E logo, o que si, un réxime sancionador tremendo. Un réxime sancionador que nós consideramos, dende logo, que busca un obxectivo soamente punitivo. E non o dicimos soamente o BNG; dío claramente o CES no seu informe, que neste caso si consultaron e lle pediu informe ao CES. Agora, caso, *poquito*. Practicamente admitíronlle dúas cuestións de aliño e ao resto non lle fixeron caso. E nisto que o CES di que —estou lendo textualmente— «considera que é necesario realizar unha reflexión sobre a proporcionalidade das sancións previstas neste texto. Observa con preocupación a posible desproporción das sancións previstas na lei no que respecta ao consumo do transporte. É un enfoque sancionador detallado que contrasta co tratamento menos detallado do ámbito da prevención». Este é o resumo da lei: no ámbito das sancións é tremendamente detallado, especifica que se sanciona e que contías; e, no ámbito da prevención, da concienciación, da formación, da información, son cuestións xenéricas.

E, claro, atopámonos con que, por exemplo, un menor de calquera idade, menor de 18, pode ser sancionado entre 200 e 3.000 euros, ou mesmo ata 15.000, por estar na rúa e ter unha bebida enerxética —un Red Bull, un Monster, un Eneryeti, destas cuestións—. Entón, por ter unha bebida enerxética, se non está traballando —ou sexa, levándoa porque traballa— pode ser sancionado, se é reincidente, con ata 120.000 euros. Pero, ¿que lei é esta, que considera que con este tipo de sancións vai solucionar algún tipo de problema? ¡O botellón, o botellón! É dicir, se están consumindo en grupo, pode ser sancionados con ata 120.000 euros e incluso, se son residentes, ata 600.000. Iso é o que pon a lei. Logo veñen vostedes aquí os do Partido Popular dicir que, bueno, que iso está aí pero nunca se vai facer. Está na lei e, polo tanto, consideramos que é desproporcionado e é excesivo. E, dende logo, é unha lei que



pretende situar ao mesmo nivel de responsabilidade a Xunta cos concellos, o cal é totalmente inaceptable, sobre todo en materia de sanidade...

O PRESIDENTE: Remate.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...ou en materia de ensino. Non son competencias dos concellos, señor conselleiro e señoras deputados e deputadas do Partido Popular.

Polo tanto, consideramos que é preciso facer unha lei de protección da saúde, de prevención de adiccións; unha lei da infancia que vaia destinada a protexer a infancia, pero non esta lei. Polo tanto, pedimos a súa devolución e que o Partido Popular na Xunta de Galiza propoña un texto acorde aos obxectivos que di perseguir, pero que logo non están reflectidos na lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Enfrontámonos a un problema formidable, este da loita contra as adiccións. Eu diría que de magnitude comparable ao do cambio climático, do que falamos na cuestión anterior. O señor conselleiro falou dos efectos sobre a saúde de diferentes tipos de adiccións amplamente coñecidas, de tipo físico, de tipo psíquico, de tipo social; porque a saúde, segundo di a OMS, tamén ten o seu compoñente social.

A min gustárame incidir nunha cuestión, que é a da perda da liberdade. Sempre falamos aquí nos parlamentos da necesidade de impulsar a liberdade, a liberdade das persoas, a liberdade do ser humano. E, loxicamente, as adiccións supoñen unha perda de liberdade; á parte xa da perda de saúde e á parte de todo o demais. Eu penso que ese enfoque debería ser tamén posto de manifesto. Cando unha persoa adquire unha adicción o que está perdendo son graos de liberdade na súa conduta. Cando iso sucede na infancia ou na adolescencia, é unha liberdade que se perde moitas veces polo resto da vida. Eu moitas veces comparo as persoas que precisan levar un paquete de tabaco no bolsillo de forma permanente coas que necesitan levar osíxeno. Ou sexa, se unha persoa ten que levar o osíxeno para respirar osíxeno porque padece algún tipo de enfermidade, pois ten unha dependencia dalgunha maneira comparable á que ten que levar o antiosíxeno no bolsillo, que é o fume. Moitas veces a necesidade de levar o osíxeno é consecuencia precisamente de ter levado antes o tabaco. Iso é por facer unha reflexión, porque realmente a perda de control sobre os propios instintos e os propios impulsos é unha perda de liberdade do ser humano.

Pero, claro, aí enfrontámonos a un problema sistémico da sociedade. Porque nesta sociedade da dopamina, como lle chamou alguén, ante a falta doutro tipo de perspectivas, ante a falta



de oportunidades de realización ou por outros motivos; ás veces incluso pola necesidade de pertenza a un grupo, como din os sociólogos, que moitas veces as adiccións son fomentadas por parte dos intereses creados ao respecto para que os adolescentes teñan eses ritos de paso social que están en todas as sociedades e para ser aceptados no seo dun grupo de referencia. Todo iso, que o sabemos perfectamente e que está ben estudado, realmente supón enfrontarse a algo moi poderoso: supón enfrontarse aos intereses creados de moitos tipos de empresas e de moitos tipos de colectivos interesados en que o statu quo se manteña.

Vostede falou, señor conselleiro, de que esta lei foi tratada con diferentes colectivos médicos, sociais etcétera, pero non falou de que sentasen á mesa as empresas comercializadoras ou os sectores comerciais ou doutro tipo que teñen intereses creados e que utilizan a publicidade encuberta, que é moito máis eficaz que a publicidade explícita, á hora disto. Fai algunha referencia á publicidade encuberta na lei, pero, claro, ¿quen decide que tipo de publicidade é a publicidade encuberta? Porque aí si que tamén deixa a cousa moi simplificada. Realmente iso é ao que vai haber que enfrontarse. Por un lado, a publicidade encuberta —xa non falo da subliminal, que de feito está prohibida formalmente—. Pero as empresas e os colectivos sociais que teñen intereses no mantemento destas cousas contan con recursos sutís e moi poderosos para manter esa cuestión. Todos coñecemos o tipo de publicidade encuberta que supoñen determinados *gags* nas películas. Eu poderíalle dicir agora mesmo varias películas nas que en determinadas escenas se fomenta de forma subliminar o consumo de diferentes drogas. Pero ben, iso sábeo vostede mellor ca min.

Hai moitas cousas moi curiosas. Por exemplo, na lei dise que se permite o consumo de alcol nas terrazas. Imos ver, ¿cal é a diferenza real que pode percibir un adolescente entre que se estean consumindo bebidas alcólicas nunha terraza e que se estean consumindo nun banco que está a dous metros diso que chamamos «botellón»? Ningunha. Para os veciños que soportan os ruídos, ningunha; e o adolescente di «¿ese señor pode tomar aí nesa terraza e eu non o podo tomar aquí porque non estou sentado nunha terraza que paga unha taxa?». É complicado, é complicado o tema. Como digo, hai moitos intereses creados e vai haber que traballar moitísimo.

Eu penso que esta lei, se chega a entrar en vigor, vai ser unha de tantas leis que se chaman habitualmente «de papel mollado» —ou, polo menos, papel moi, moi, moi humedecido—, porque é moi difícil loitar contra eses intereses creados e é moi difícil facela cumprir.

E aí si que tamén lle teño que dicir que non se pode deixar que teñan que ser os concellos os que fagan promocións, como dixo, ou os que fagan inspeccións; ten que ser unha administración superior. Como é un problema sistémico —porque é un problema sistémico da sociedade— non se pode deixar que cada concello o leve. Eu xa non estaría de acordo con que os concellos teñan que asumir estes labores de concienciación, porque son campañas que son moi complicadas. Ou sexa, se se busca realmente unha campaña publicitaria institucional que sexa eficaz, é complicadísimo. Iso teno que facer unha empresa tipo Ogilvy & Mather ou unha desas que saben realmente conseguir modificar a conduta da xente. Pero ten que ser a nivel global, porque non vai un concello facelo dunha maneira, o concello que está ao lado facelo doutra e o concello que está un pouco máis alá facelo doutra. Ademais, que non contaría con orzamento suficiente para facer unha campaña verdadeiramente eficaz, que ao



mellor o que fan é unha campaña trivial, dentro do que saben ou do que poden, destas que din *No fumes, no te drogues, que la droga es muy mala*. Iso non fai nada; ten que ser unha campaña realmente que ten que facer, como mínimo, a Administración autonómica, porque os concellos non teñen nin os recursos económicos nin os coñecementos dentro do seu contorno para facer unha campaña eficaz.

E, desde logo, a inspección sería complicadísima. Vostede non lle pode dicir a un alcalde ou a un concello que vaia inspeccionar o bar, que ao mellor é o único bar que hai no concello e que ao mellor é dun primo ou ao mellor é dun sobriño ou ao mellor é da familia. Ten que ser a inspección, e a inspección desta clase de negocios ten que vir dunha Administración que sexa lonxana, obxectiva, que podía facer cumprir. Os que estamos nos concellos e que temos que facer cumprir normativas similares —como son, por exemplo, as do ruído— sabemos que é complicadísimo facelo despois nos contornos pequenos; ten que vir unha autoridade superior, porque a cousa está mediatizada por todos os lados. Entón, eu a maior crítica que lle podo facer a esta Lei é a de sobrecargar os concellos con esta clase de competencias, que, ao final, son un lavado de cara, un brindado ao sol; e dicir, que os concellos asuman os labores de concienciación do malas que son as adiccións. As adiccións xa sabe vostede o que pasa, que vostede é médico. As adiccións son todas iguais neuroloxicamente; unhas tiran polas outras e, por iso, as persoas interesadas en fomentar adiccións empezan por unha calquera: empezan polo tabaco, empezan polos videoxogos, empezan por calquera outra, e, unha vez que se estimula —¿como o chaman vostedes— o núcleo accumbens do cerebro, o cerebro xa empeza a buscar estimulación e neurotransmisores e, entón, xa iso despois non hai maneira de paralo.

Desde logo, as sancións son exaxeradas, porque, ¿a sanción quen a paga? ¿O menor de idade? Non ten responsabilidade civil, ata onde teño entendido, en certos casos; a responsabilidade civil é subsidiaria dos pais. ¿Chégalle ao pai cunha multa de cento e pico mil euros porque colleron ao rapaz cunha bebida enerxética na rúa?, ¿chégalle ao pai con iso? Ben, imaxino que o primeiro que fará será ir a un avogado e buscar...

Mire, a sociedade actual fai que os pais non poidan controlar os contidos que consumen os fillos, esa é a realidade. Agora sae á rúa e atopa 50.000 pantallas emitindo cara ao espazo público, cos seus cambios de plano, cos seus cambios de luminosidade, promocionando determinadas formas de vivir —mais que produtos, formas de vivir—. ¡Ata nas farmacias! A min chamoume o outro día a atención ver nunha farmacia unha pantalla emitindo publicidade dun medicamento. E nin sequera puña despois aquilo que poñen na televisión ao final: *este producto es un medicamento...* A aquilo non lle poñen musiquiña e xa non nolo din cunha linguaxe maternesa, esa entoación coa que se lle fala aos nenos pequenos, que é a que se usa na publicidade; non, alí é unha lingua neutra, a maior velocidade: *este producto es un medicamento...* Pois non, nin sequera aparecía iso no anuncio da farmacia. ¡É outro tipo de adiccións, o das medicinas!, que non falou del tampouco. Estamos nunha sociedade hipermedicalizada. ¿Cantos rapaces entran nas adiccións a partir de que lle din: toma un trankimazin, toma... Bueno, esta clase de cousas.

Ben, voulle recriminar a esta Lei, sobre todo, que deixen na man dos concellos... Aquí falo fundamentalmente na miña condición de concelleiro, porque sei o que é tratar de levar á



práctica determinadas normativas que son papel mollado, porque é totalmente imposible, e hai, por parte das persoas que non cumpren, infinidade de recursos para defenderse.

E, despois, eu tamén vin na Lei que algunhas das responsabilidades van recaer nas empresas directamente interesadas. Vostede non pode facer que un sector comercial ou un sector empresarial proceda contra os seus intereses; é complicado, na práctica é moi difícil.

E despois xa, o típico: a creación dunha comisión —o que dicía Napoleón— na que se dilúan responsabilidades. E, como dicía a lei de Murphy, cando a responsabilidade sexa compartida, a culpa non será de ninguén.

De todas formas, esta lei é mellor que ningunha. Como dicimos moitas veces, o perfeccionismo tamén, ás veces, non é moi bo; buscando a perfección —xa sabe o que pasa co perfeccionismo—, non imos a ningún lado.

Entón, se se fixese cumprir, se conseguísemos —porque, claro, por algún lado hai que empezar— empezar por algún sitio, con todas as dificultades que vai ter a aplicación da Lei, e, polo menos, enganchar e tratar de reverter un pouco o problema —que xa o vexo complicado—, pois —xa digo— *mala lex, sed lex*; unha lei mala, pero polo menos é unha. Imos empezar con esa.

Entón, mire, nós non a imos tampouco bloquear. Non nos gusta, sobre todo na parte que lle digo dos concellos. Considéroa, na práctica, ineficaz e estéril; un brindé ao sol en moitos dos aspectos, pero, sobre todo, no tema dos concellos, porque, ao final, vai recaer neles unha responsabilidade que non van poder asumir e para a que non van ter ferramentas. Pero, dentro do que cabe, se algún denunciante particular ou algún colectivo destes concienciados que hai de asociacións pola saúde veciñal e tal bota man dun artigo nun momento dado e pode ir utilizando os artigos x ou y ou z para ir loitando contra iso, pois tanto mellor.

Entón, ímonos abster, dentro das nosas dúbidas —moi razoables, creo— de que acabe sendo realmente eficaz, polo menos no curto ou medio prazo, para polo menos deixar que siga adiante e ver se por algún sitio podemos enganchar con este problema.

Mire —xa viron na prensa—, estanse facendo probas agora nas estacións depuradoras de augas residuais, estanas analizando e estanse botando as mans á cabeza coa cantidade de drogas de consumo físico. Pero, claro, a estación de augas residuais non detecta a adición a videoxogos, nin ás tragaperras, nin a outro tipo de adicións; ou sexa, que a cousa vai moito máis alá. Como é un problema sistémico, realmente é complicadísimo. Vostede dáme a impresión de que o ve todo desde o punto de vista estritamente médico, e, claro, como médico, vostede ten a súa de deformación profesional. Pero, realmente, esta cuestión, a medicina social, que é unha lei, funciona doutra forma. A fisioloxía da sociedade non é exactamente a mesma que a do corpo humano.

Nada máis, moitas grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidente.

Bos días, conselleiro. Señorías.

Os e as socialistas compartimos o principio de protección á infancia, que constitúe un pilar fundamental para construír unha sociedade saudable, equitativa e con oportunidades para o desenvolvemento integral das persoas. E tamén compartimos a necesidade de potenciar unha educación social orientada á saúde da infancia e da adolescencia, e —¿por que non?— á saúde ao longo de toda a vida dunha persoa, situación que no Proxecto de lei non aparece. Pero tamén defendemos promover unha educación sanitaria, o fomento de estilos de vida saudables e a adecuada utilización do tempo libre.

E, desde o Grupo Socialista, queremos expresar a nosa profunda preocupación ante o consumo do alcol, tabaco ou cánnabis na nosa comunidade autónoma, especialmente entre a poboación máis nova. Galicia non pode mirar cara a outro lado ante unha realidade que ameaza a saúde, o benestar e o futuro dos nosos menores ou os nosos novos. Os datos dispoñibles reflicten que o alcol continúa sendo unha sustancia consumida polos menores con idades de inicio cada vez máis temperás, pero, ao mesmo tempo, o consumo de bebidas alcólicas moitas veces é un comportamento que goza de bastante aceptación tanto en Galicia como no resto de España, a pesar dos seus probados efectos negativos sobre a saúde. E a isto súmase unha preocupante repunta no uso do tabaco e do vapeo, presentados falsamente como inofensivos. O mesmo sucede co cánnabis, que, por algunhas persoas, chega a percibirse como algo normalizado ou mesmo inocuo, pero non o é.

Somos tamén conscientes de que as medidas actuais resultan insuficientes para protexer os menores fronte ás novas formas de xogo e videoxogos. Os e as socialistas cremos firmemente que estas condutas supoñen riscos físicos, psicolóxicos, sociais e económicos que deben ser abordados desde a prevención, a educación e a corresponsabilidade social.

Este é o principal motivo polo que non presentamos unha emenda á totalidade a esta Lei: porque defendemos os principios recollidos nela. Pero a Xunta de Galicia ten que recoñecer que non é unha boa lei e, se queremos que cumpra realmente cos obxectivos que figuran nela e que entendemos que son os principios que levaron á súa redacción, queda moito camiño por percorrer e moito que mellorar. Cabe unha frase que nunca lle gusta ao Partido Popular e que vou adaptar un pouco: lei si, pero non así.

Entrando un pouco no Proxecto, parécenos un texto pouco traballado e quizais inoportuno, se cadra como consecuencia da carreira que pretende a Xunta de Galicia para que a Lei estea aprobada antes de que se aprobe por parte do Goberno de España a que se está tramitando nestes momentos sobre a prevención do consumo de bebidas alcólicas e dos seus efectos para persoas menores de idade. Quizais, señor conselleiro, sería máis oportuno esperar a que o Goberno de España aprobase esa Lei, e que a Xunta de Galicia (*Aplausos.*) actuase como complemento nas súas competencias. Ou, quizais, os medios de comunicación onte nos desen a verdadeira pista, que é que esta Lei quere ser un texto que converta Galicia na primeira co-



munidade en regular e prohibir a venda e o consumo destes produtos entre menores de idade. Pero, señor conselleiro, o noso refraneiro é sabio, e hai un que di que *no por mucho madrugar amanece más temprano*, e pode ser o caso desta Lei. Non por ser os primeiros conseguiremos a mellor lei, e a responsabilidade política da Xunta de Galicia debера ser ter a mellor lei posible.

No tempo de que dispoñemos, primeiro vou tratar de facer algunhas reflexións sobre ela e despois transmitir algúns aspectos que non compartimos —non todos, porque é imposible no tempo do que dispoñemos—.

A primeira reflexión que cabería preguntarse é se ten sentido esta Lei tal e como está exposta e se non sería máis conveniente que formase parte dunha lei de saúde pública máis ampla. Da mesma forma, aínda que non negamos que teñan un especificidade propia, debería reflexionarse sobre a consideración dos menores e sobre se as problemáticas que se tratan moitas veces son moi diferentes no caso de menores, mozos ou maiores de idade. Recoñecemos que efectivamente hai unhas especificidades, pero, nalgúns circunstancias, ten que recoñecer que se cingue exclusivamente a unha cuestión legal por minoría de idade, porque nos podemos preguntar que diferenza hai entre un neno ou unha meniña de 17 anos e un que xa cumpriu os 18 anos, se os consumos son exactamente iguais, por pór un exemplo concreto.

Ou, se quere, podemos falar de aspectos que xa están regulados na lexislación estatal, como é o caso do consumo de tabaco ou substancias asimilables. Pero tamén, do mesmo xeito que falaba da Lei do alcol, que está nestes momentos tramitándose no Parlamento de España, tamén no caso do tabaco se está tramitando un proxecto de lei por parte do Goberno de España que aborda a cuestión dunha forma global e en todos os tramos de idade.

Estas son reflexións que lle traslado, e agora si que entro en temas que realmente nos preocupan na Lei:

En primeiro lugar, señor conselleiro, chama poderosamente a atención que para nada se fale do contexto socioeconómico, cando sabemos perfectamente que é determinante nas condicións de saúde; ou, se o prefiren, en moitas ocasións o contexto determina a conduta máis que calquera outro factor. E é unha constante que nos plans e estratexias da Xunta de Galicia nunca se teñan en conta os elementos socioeconómicos. E non soamente é un tema que queremos trasladar aquí os socialistas, senón que é un tema que está recollido e demostrado en numerosos estudos.

Diciamos —ou dicía— ao principio que cremos nunha educación sanitaria, en fomentar e potenciar os estilos de vida saudables, pero neste Proxecto de lei, desde o noso punto de vista, fálase pouco de prevención, de formación, de educación, de información, e cremos que pesan moitísimo máis as prohibicións, as sancións e as multas. Podemos dicilo, señor conselleiro, se quere, doutra forma: o enfoque sancionador entra en súper detalles —por favor, míreo con atención— e as medidas de prevención non entran neses detalles en que entran as medidas sancionadoras.

Pero de novo —e dicíano outros grupos políticos—, neste Proxecto de lei, a Xunta volve cargar responsabilidades nos concellos. De novo, a Xunta traslada aos concellos competencias



impropias, tanto no ámbito sanitario como no ámbito educativo. (*Aplausos.*) Quizais, señor conselleiro, por pensar que vai ser sobre os concellos sobre os que recaia unha vez máis a responsabilidade desta Lei é polo que non dotan a Lei de novos recursos en Atención Primaria para a súa posta en marcha. Pagan os concellos, xa nos olvidamos, e así solucionan as súas responsabilidades. Seguen de novo con ese slogan ao que nos ten afeitados a Xunta de Galicia a respecto dos concellos: eu convido e ti pagas.

Teremos tempo de profundar neste Proxecto de lei, pero queremos insistir en que o que temos diante é un texto ambiguo e difuso, que queda moitas veces en meras declaracións de intencións, salvo —xa digo—, nos deberes que se lle encargan aos concellos. Non o di soamente este grupo; por favor, lea con detalle o informe do Consello Económico e Social, que insiste —como digo— en que é un texto ambiguo e difuso, aínda que, ao mellor, o di con outras palabras. Por este motivo, eu quero chamar a atención da Xunta de Galicia e do Partido Popular como partido que a sostén. Se a Lei non contén accións claras, non será efectiva, e isto é o que os socialistas non queremos. Eu pídolle que fagan unha proba, e que contén as veces que aparece no Proxecto de lei «promoverá» e «impulsará», e entenderán porque o Grupo Socialista fala de ambigüidade.

Desde o Partido Socialista de Galicia, defendemos que as políticas públicas en materia de adiccións deben ser integrais; coordinadas e baseadas na evidencia científica; preventivas e socialmente inclusivas, recoñecendo que as adiccións non son un problema individual, senón o reflexo de desigualdades e exclusión social. Os e as socialistas defendemos que as adiccións deben ser tratadas coma unha cuestión de saúde pública, e non como un delito. Por iso é polo que, ao comezo desta intervención, tamén falaba da posibilidade dunha Lei de saúde pública máis ampla. Pero os socialistas defendemos que deben combaterse as causas estruturais que favorecen as adiccións: a pobreza, o desemprego, a falta de oportunidades educativas e a mercantilización do lecer.

Como nos indica a Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas, a lei debe de responder aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. A necesidade, señor conselleiro, está clara; a eficacia cuestionámola pola ambigüidade; para a eficiencia, non vemos o texto actual como instrumento óptimo, e a seguridade xurídica debería revisarse no momento en que invaden competencias municipais. Quen ten a responsabilidade política é quen debe de facer que isto se cumpra, porque, con data de hoxe, consideramos que a Lei, tal e como está exposta, presenta limitacións que dificultarán a plena efectividade.

Señor conselleiro, ao longo da súa intervención, falaba moito de fume, de espazos de fume ou libres de fume. Pois collo o que vostede di, e dígolle que para nós esta Lei soamente é fume. O compromiso socialista si que está claro: queremos que as adiccións non estean normalizadas; queremos uns menores e unha mocidade informada, crítica e saudable, e tamén, por suposto, querémolo así para todos os galegos e as galegas.

Quero terminar sinalando que os socialistas non queremos que esta Lei se converta en propaganda e publicidade. Se o Proxecto do que partimos non se enriquece ao longo desta tramitación parlamentaria, non cumprirá os seus obxectivos. Por este motivo, dende este



Parlamento, debería traballarse para que esta Lei serva realmente para fortalecer as políticas de prevención e para garantir que cada neno e nena galega creza coas mesmas oportunidades de benestar e desenvolvemento.

Falar de saúde para os socialistas e as socialistas é falar de igualdade, de futuro e de xustiza social. Este, señor conselleiro, señores e señoras deputadas, é o noso compromiso para que teñamos unha boa lei.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

Vaia por diante que non podemos esperar nada dun partido que chama fascista a un Premio Nobel da Paz. (*Aplausos.*)

Señorías, señorías é un orgullo como deputada, e tamén como médica, tomar a palabra hoxe para defender este Proxecto de lei pola protección da saúde das persoas menores e pola prevención das condutas adictivas; un texto necesario, valente e profundamente social, que pon o foco onde máis importa: na saúde, no benestar e no futuro da nosa mocidade. (*Aplausos.*)

Vivimos nun tempo no que as substancias adictivas xa non se limitan ao consumo de substancias. Hoxe falamos tamén de adiccións comportamentais: de adiccións ao xogo, á pantalla, ás redes sociais, aos videoxogos. Son novas formas de dependencia, que afectan cada vez máis a idades máis temperás, e en Galicia, como no conxunto de España, a metade dos adolescentes de 14 a 18 anos consumiron bebidas enerxéticas no último mes, e un número crecente deles mestúraas con alcol. O consumo de vapeadores e de cigarros electrónicos medra a un ritmo alarmante, e detectouse tamén un uso excesivo e compulsivo das redes sociais que afecta a saúde mental e o rendemento escolar.

Señora Espinosa, coincido con vostede en que non podemos mirar para outro lado, e os populares galegos, polo menos, tampouco o imos facer. Temos a obriga legal e moral de protexer as xeracións máis novas fronte a riscos que poden comprometer o seu desenvolvemento físico, emocional e social.

E señora Prado, non sorprende. Non sorprende o Bloque Nacionalista Galego presentando unha emenda á totalidade deste texto legal, como fixeron vostedes en estrepitosa soidade; a única formación política que así o fixo. E así demostran que, ou ben o nacionalista galego descoñece a evidencia científica e social que aquí todos escoitamos, que todos podemos ler no texto da Lei, ou ben —o que aínda é máis grave— que non comparte eses obxectivos de protección da saúde dos menores.



E pregunta vostede de que lado está o Partido Popular. Pois ben, mire, o Partido Popular está do lado dos galegos, que son os que nos sosteñen nesta Cámara, que votaron maioritariamente para que a maioría esteamos aquí, (*Aplausos.*) e tamén na maioría dos concellos, señorías do Bloque Nacionalista Galego; tamén en Ribeira, tamén en Cangas, eh.

E respecto ao que pensamos de vostede, eu xa non llo pregunto, porque nosoutros vimos de que lado están vostedes, vimos esa foto da vergoña con Bildu. Teñen que respectar. Eu pí-dolles respecto polo que pensa a maioría do pobo galego. (*Aplausos.*) ¡Un respecto, señorías!

Miren, vostedes estarían a tempo de rectificar —que penso que non o van facer— retirando esta emenda. Poderían enriquecer construtivamente con emendas ao articulado, pero iso sería pedirilles demasiado.

Esta Lei, señorías, nace precisamente para previr antes de curar —como dixo o señor conselleiro—, para educar antes de sancionar e para acompañar antes de estigmatizar.

Eu convídoos a ler os obxectivos e os principios da Lei. É un proxecto de lei que persigue un obxectivo claro: protexer a saúde dos menores fronte ás condutas adictivas, tanto químicas como comportamentais, promovendo estilos de vida saudables e responsables. Está sustentada en tres principios básicos: a prevención e a promoción da saúde como eixo de toda acción pública; a protección dos dereitos da infancia e da adolescencia, recoñecidos pola Constitución e polo Estatuto de autonomía, e a corresponsabilidade social. Porque esta loita non é só das administracións; tamén é das familias, dos centros educativos, dos concellos e da sociedade no seu conxunto.

¿De verdade que o nacionalista galego está en contra de medidas como as incluídas nesta lei? Medidas concretas, realistas e equilibradas, como pode ser a prohibición da venda de vapeadores e bebidas enerxéticas a menores, por primeira vez, de maneira expresa e integral, que van facer de Galicia un territorio pioneiro. Falamos de produtos que xeran dependencia e que poden ter efectos graves sobre a saúde cardiovascular e sobre a saúde neurolóxica.

¿Están vostedes, señores do BNG da señora Pontón, en contra de regular a publicidade e promoción destes produtos, evitando que se utilicen mensaxes, imaxes ou eventos dirixidos a menores, como está a acontecer, por exemplo, nalgúns ámbitos, como o cine ou actividades deportivas ou lúdicas?

¿Está o BNG da señora Pontón en fronte da prevención das adiccións dixitais, incluíndo actuacións sobre o uso abusivo das redes sociais, dos videoxogos e das novas tecnoloxías?

¿De verdade que a formación nacionalista da señora Pontón está en contra do reforzo da educación para a saúde nos centros escolares e no ámbito familiar?

¿Está en contra da detención temperá e da atención integral das condutas de risco desde o sistema sanitario público? Porque profesionais da pediatría, da psicoloxía, da saúde mental e da atención primaria van dispoñer de instrumentos específicos para identificar e intervir ante posibles casos de dependencia.



¿Pode o BNG rexeitar un texto legal que dá os instrumentos normativos precisos para afondar na coordinación institucional? porque a Lei fomenta a colaboración entre sanidade, educación, política social e mocidade, así como coa Fegamp e co tecido asociativo; entidades que teñen unha traxectoria recoñecida na prevención das adiccións, como UTACA, Érguete ou o Proxecto Home.

Señorías, esta é unha lei moderna, unha lei integral e unha lei pioneira. Galicia será unha das primeiras comunidades en contar cun marco normativo que aborda conxuntamente o consumo de substancias e as adiccións sen substancia, incluído o uso das tecnoloxías dixitais.

Mire, non se trata de prohibir por prohibir, senón de protexer con sentido común, de establecer límites razoables para evitar danos irreversibles nunha etapa vital clave, porque a liberdade, señorías, non é incompatible coa responsabilidade, e porque a verdadeira liberdade só existe cando hai saúde, coñecemento e capacidade de decidir sen dependencia.

Algunhas voces poderán dicir que esta Lei restrinxen a liberdade individual ou que introduce novas obrigas aos comercios, pero, señorías, a resposta é clara: a protección da saúde pública é un deber colectivo. Non estamos a falar de limitar dereitos, senón de garantir o dereito fundamental á saúde dos menores, que sempre debe prevalecer sobre intereses comerciais ou de consumo.

Hai quen di que debemos de rexeitar esta norma porque será difícil controlar o cumprimento, pero a Lei prevé mecanismos de inspección, sanción e colaboración coas administracións locais e co sector comercial, ademais de accións de sensibilización social perfectamente aplicables e efectivas. Pero, sobre todo, esta Lei apóiase nun principio esencial: a educación e a corresponsabilidade.

Acabamos de escoitar unha vez máis aquí a señora Prado. O Bloque Nacionalista Galego fai o que mellor sabe facer: dicir «non» a todo; dá igual o contido, dá igual o obxectivo, dá igual que falemos dunha lei para protexer os menores e previr adiccións. Para o Bloque Nacionalista Galego, se vén do Goberno galego, a resposta é sempre a mesma: «non», «non», e outra vez «non». Pero, mentres vostedes repiten o seu discurso de sempre, o Goberno galego traballa e propón solucións reais. Esta Lei non é retórica, señores do BNG; é unha ferramenta útil, moderna e necesaria que pon o foco na educación, na prevención temperá e na coordinación entre sanidade, educación e servizos sociais. Pero, claro, cando a solución nace da proposta estudada, consensuada, cientificamente avalada e promovida polo principal partido de Galicia, polo Partido Popular, no Goberno da Xunta, a resposta do BNG, ¿cal é? ¡Sempre «non»! Oxalá tivesen o mesmo escrúpulo para seleccionar segundo que compañías, pois, desde logo, xea o sangue ver o Bloque Nacionalista Galego sorrindo á mesa con Bildu, nesa foto da vergoña que protagonizaron cos herdeiros de ETA. (*Aplausos.*) ¡A foto está aí, señorías, é pública!, ¡non a estou inventando eu, é pública! E, para iso, vostedes non propuxeron ningún cordón democrático; para as iniciativas que nacen do Goberno Popular da Xunta, a resposta segue sendo «non».

E finalizando e desmontando un por un eses argumentos que empregan na súa emenda á totalidade, señorías do BNG, vostedes din que esta é unha lei xeral, pero o que non entenden



é que as leis marco son así: marcan o camiño e logo concrétanse en plans e programas. Pedir máis detalle é demostrar que non se entende o proceso lexislativo, algo que tampouco sorprende nunha formación política sen experiencia lexislativa de goberno como é o Bloque Nacionalista Galego.

Din tamén que cargamos competencias nos concellos, cando o que facemos precisamente é reforzar o seu papel e brindar, incluso por lei, apoio técnico e económico da Xunta. Iso, señorías, chámase colaboración institucional, algo que ao Bloque Nacionalista Galego, polo visto, lle soa a herexía.

E critican o réxime sancionador, que é proporcionando, educativo e pensando para previr; non para castigar. Pero, claro, hai que entender que para o Bloque Nacionalista Galego todo o que implique responsabilidade é sospeitoso. Esta Lei, señorías, non criminaliza; protexe. Non impón; educa. Non divide; constrúe. E o Bloque Nacionalista Galego, unha vez máis, prefere quedar fóra.

Pois ben, mentres vostedes sigan no «non» por sistema, o Goberno galego seguirá no «si» con responsabilidade. (*Aplausos.*) «Si» á saúde pública; (*Aplausos.*) «si» á prevención, (*Aplausos.*) e «si» á protección da infancia galega. (*Aplausos.*) Estamos falando, señorías, de investir no futuro, porque cada euro investido en prevención aforra moitos máis en tratamentos, en atención sanitaria, en problemas sociais e familiares. Previr adiccións é investir en saúde, en educación e en cohesión social.

Remato como empezaba, afirmando que, como muller, como nai, como política e como médica, síntome orgullosa; orgullosa de que, con esta Lei, Galicia, a nosa terra, dá un paso adiante para situarse na vangarda das políticas de saúde pública, con medidas baseadas na evidencia científica e na experiencia acumulada dos nosos profesionais e entidades sociais. Esta norma naceu da escoita e segue aberta á escoita.

Só un apunte con respecto ao que dixo a señora Espinosa: esta Lei estaba redactada cando o Goberno central estaba pensando aínda en facela. É importante o diálogo; a diferenza que hai entre esta Lei e a do Ministerio é que a nosa lei nace do diálogo e a do Ministerio nace da imposición. Dito isto, está ben que copien liñas innovadoras como a das bebidas enerxéticas e a dos vapeadores. O noso grupo estudará con atención todas as emendas ao articulado presentadas e as achegas que nos fan chegar diversos sectores con interese neste texto legal, porque estamos convencidos de que o diálogo e a cooperación van poder enriquecer esta futura Lei. Pero unha cousa é presentar emendas construtivas e outra ben distinta é facer o que fixo o Bloque: unha emenda á totalidade que non propón melloras, unha emenda errada, unha emenda equivocada coa que só busca botar abaixo unha lei necesaria para protexer a nosa mocidade.

Señorías —repito—, esta é unha lei que non busca castigar, senón coidar; que non pretende imponer, senón acompañar. É unha lei que mira cara ao futuro con responsabilidade protexendo a quen máis o precisa, os nosos mozos e as nosas mozas. Claro que si, con orgullo, podo asegurar que Galicia leva anos sendo referente en políticas de saúde pública e, con este texto, imos dar un paso máis, actualizando o noso marco normativo aos novos tempos e ás



novas ameazas, porque a saúde da nosa mocidade non é unha opción de interese político curtopracista; é unha obriga moral e social. Porque o mellor legado que lles podemos deixar ás próximas xeracións é unha Galicia máis sa, máis libre e máis consciente.

Imos votar en contra, señores do BNG, desa emenda á totalidade equivocada presentada por vostedes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do grupo emendante, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.

Señora deputada do Partido Popular, tivo 15 minutos de intervención, ¿e non tivo un segundo para condenar estes actos vandálicos violentos *(A deputada Montserrat Prado Cores amosa dúas fotografías.)* contra cargos institucionais dos concellos de Cangas, Moaña e Bueu, *(Aplausos.)* instigados por persoas vinculadas ao Partido Popular? ¿Condénaos, si ou non? *(Aplausos.)* As preguntas son moi claras: ¿condenan estes actos violentos instigados por persoas do Partido Popular, si ou non? Actos contra cargos institucionais elixidos democraticamente pola veciñanza de Cangas, Moaña e Bueu. É moi fácil: si, condeno. *(Murmurios.)* É moi fácil. En Israel hai un xenocidio; é moi fácil. En Israel hai un xenocidio, Netanyahu é un criminal; son cousas fáciles de dicir. *(Murmurios.)* Ao longo destes dous días de pleno, van ter moitas oportunidades. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É moi fácil: condenamos estes actos vandálicos a cargos institucionais dos concellos de Cangas, Moaña e Bueu; condenamos o xenocidio en Gaza; condenamos o criminal xenocida Netanyahu; si, condenamos... É facilísimo, señores e señoras do Partido Popular. *(Aplausos.)* É moi fácil, moi fácil. *(Aplausos.)*

Miren, o BNG non se avergonza das posicións que defende, para nada. E mire, o Premio Nobel da Paz non pode estar máis devalado, se nalgún momento serviu para algo máis que para a estratexia do poder. Calquera persoa decente sente vergoña e repugnancia do uso deste Premio Nobel dado a unha fascista, a unha persoa que pide a invasión do seu pobo soberano, como é Venezuela, só a beneficio da estratexia do imperialismo de querer volver converter América do Sur no seu patio traseiro. *(Aplausos.)* E xa lles estamos dicindo aquí desde o BNG que non o van conseguir, ¡non o van conseguir! *(Aplausos.)* Os pobos de América do Sur xa saben como actúa o imperialismo, xa saben o que é a bota do imperialismo. E, como xa o saben, non aceptan estas estratexias, para nada. Son pobos soberanos que non aceptan esta situación, incluído o pobo venezolano; efectivamente, incluído o pobo venezolano.

E no BNG nós non temos nada que ocultar, señoras e señores do Partido Popular. *(Murmurios.)* ¡Non ocultamos ningunha foto! *(Murmurios.)* ¡Non ve vostede que é que a mandamos nós aos medios de comunicación! Nós reunímonos con forzas democráticas que partillan co BNG *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* o traballo pola soberanía das súas nacións, *(Murmurios.)* e non temos nada que ocultar. Se o tivésemos que ocultar, non seríamos nós mesmos os que o mandásemos aos medios de comunicación. ¿Vostedes cren realmente que



con esa ladaíña continua van conseguir algo? *(Murmurios.)* ¡Non! *(Murmurios.)* Si, si, o BNG reúnese coas organizacións que lle dá a gana e que considera que loitan polos dereitos dos seus pobos; non cos que intentan criminalizar, non coas organizacións que intentan actuar para reducir dereitos, como é o tema do aborto, que o Partido Popular está entrando nesa cuestión de intentar reducir os dereitos das mulleres. *(Aplausos.)* ¡Claro que non! Claro que o BNG non está nesa estratexia. *(Aplausos.)* E non nos van arrinconar nin van facer que sintamos vergoña do que somos, porque somos nacionalistas, defendemos a soberanía de Galiza, defendemos a autodeterminación dos pobos con todas as consecuencias, por moito que lles pese; *(Murmurios.)* incluída, evidentemente, a de Galiza. *(Murmurios.)*

Eu, señor presidente... Nada, sigan vostedes. Alborotouse o galiñeiro, ¿sabes? —aquela canción dos Resentidos—, e sigan. A min, dende logo, anímame que vostedes se poñen tan nerviosos. *(Murmurios.)* A min anímame velos a vostedes tan nerviosos, tan nerviosos. Ben, ¿que lle imos facer?

O PRESIDENTE: Quédalle un minuto para falar das condutas adictivas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Vou falar da lei esta que presenta o Partido Popular e que... *(Murmurios.)* ¡Se me deixan!... *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Si, si.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ¡Se me deixan! *(Murmurios.)* E, se non, tamén o farei porque, dende logo..., *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Silencio.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...as súas algaradas non me van facer calar, ¡non me van facer calar! *(Aplausos.)* Non, malas noticias. *(Aplausos.)* Malas noticias para o Partido Popular, *(Aplausos.)* moi malas noticias: ¡non me van facer calar!

E entón, nós dixemos que era necesario regular e poñer medidas para a protección da saúde das persoas menores, para a prevención de adiccións, e que era incluso necesario presentar unha lei integral da infancia —cousa que non fai o Partido Popular—, pero esta Lei non responde a estes obxectivos. E xa o dixeran na primeira intervención: non contempla máis medidas, non contempla prazos, non contempla orzamento; e o que si contempla son medidas moi punitivas. Non contempla pediatras, non contempla cuestións para a saúde mental, non conta coa mocidade, só a criminalízala, e non incide na prevención. E non é só que o digamos dende o BNG; é que o di o propio CES no seu informe, que había que facerse mirar se o tema das sancións é a mellor forma de actuar. E nós coincidimos co CES, non é a mellor medida.

E, evidentemente, hoxe esta emenda á totalidade non significa non querer regular estas cuestións, senón que efectivamente queremos unha lei para as persoas menores, si, pero non así, señores e señoras do Partido Popular. Non consideremos que criminalizar a infancia e a mocidade... Lémbrolles que con esta Lei, calquera menor de 18 anos, por consumir unha bebida enerxética...,



O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...unha cervexa ou un pitillo pode ser sancionado con ata 120.000 euros. Por consumir na vía pública, pode ser sancionado ata con 600.000 euros. Ese non é o camiño.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Ese non é o camiño. E, polo tanto, pedimos esta emenda de devolución, que se non se acepta...

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...evidentemente, presentaremos emendas parciais para intentar... *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo, grazas.

Non quixera eu confundirme, pero eu penso que a señora Amigo condenou o de Cangas. *(Protestas.)* Si... Se non, recorremos ao VAR. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu oíno. ¡Non sei!, pero eu oíno desde aquí. Ao mellor é que eu non estou moi ben do oído ou confundo xa as palabras..., pero eu oíno. *(A vicepresidenta primeira, María Elena Candia López, pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Señor Trenor, para que quere a palabra?

GONZALO TRENOR LÓPEZ: *(O deputado Gonzalo Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* ...o artigo 76.1, por alusións reiteradas a este humilde deputado.

O PRESIDENTE: Si. ¿Mestúrase iso con algunha inexactitude, que é o que recolle tamén ese artigo? *(O deputado Gonzalo Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* Si. ¿Cal é esa inexactitude, por favor? Déanlle voz ao escano do señor Trenor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: A inexactitude... Se me deixa explicar, explícolle ben.

¡Claro!, empezamos chamando «psicópatas» os do Sergas e, ao final, acabamos chamando «fascista» a quen leva o Premio Nobel da Paz. *(Protestas.)* Xa confundimos absolutamente todo.

Na miña intervención, despois de manifestar o meu rexeitamento aos que queren boicotear o proceso de paz en Palestina, *(Balbordo.)* despois de felicitar a María Corina Machado —que vostedes chaman fascista e golpista por defender a liberdade e a democracia— polo Premio Nobel da Paz, *(Murmurios.)* *(O presidente pide silencio.)* e despois de censurar que se fagan fotos cos herdeiros do terrorismo que asasinaron sesenta e oito galegos, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* eu condenei expresamente todo acto de violencia na política, *(Protestas.)* ¡en Cangas e en Ribeira, señorías! E incluín a petición de condena dos deputados do



BNG que lideraron a campaña de descualificacións, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* de acoso e de deslexitimación...

O PRESIDENTE: Grazas.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: ...da forza política, o Partido Popular, que obtivo o dobre de votos que o Bloque Nacionalista Galego en Ribeira. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: E pedín, señorías, *(O deputado Gonzalo Trenor López amosa unha fotografía.)* que vostedes tamén condenasen... *(Balbordo.)*

O PRESIDENTE: ¡Calma!

GONZALO TRENOR LÓPEZ: ...os actos de insulto...,

O PRESIDENTE: ¡Silencio!

GONZALO TRENOR LÓPEZ: ...de acoso e de violencia en Ribeira.

O PRESIDENTE: ¡Señor Trenor, está aclarada a cuestión!

GONZALO TRENOR LÓPEZ: E esta é a resposta do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: ¡Señor Trenor, xa non está no uso da palabra!

(A deputada Olalla Rodil Fernández pide a palabra.)

Si, señora Rodil, ¿para que quere a palabra? ¿Con base en que artigo? *(A deputada Olalla Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Balbordo.)*

Non. Si, correcto. *(Murmurios.)* Non, non. ¡Perdón! Eu doulle... *(A deputada Olalla Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non... Eu creo que acabo de arbitrar correctamente. *(Protestas.)* ¡Si! Bueno, non me van dicir vostedes que si... ¡Xa fastidiaría que me dixesen vostedes que si! *(Balbordo.)* Non, está claro. Miren, eu observei e atendín ao debate. Así como a señora Amigo mencionou... ¿Quérenme escoitar, por favor? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* «¿Para que?», di. Váíase, saia. Se non me quere escoitar, saia. *(Balbordo.)* ¡Home, se non me quere escoitar...! «¿Para que?», di... Home, para clarexar unha situación que se acaba de producir... Non, que se acaba de producir. Na intervención do señor Trenor, efectivamente, el dixo: condeno todo tipo de violencia. *(Balbordo.)* Iso dixo, porque o mandei comprobar. Recorrín ao VAR e dixo iso.

E no da señora Amigo, eu mesmo escoitei o que ela dixo e especificamente falou de Cangas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Cal é o problema? Pois creo que se acaba de aclarar. *(Protestas.)* Si, el mesmo acaba de condenalo. Polo tanto, morreu aquí a cuestión; quedou



claro que condenamos todo tipo de violencias, ¡todos!, e continuamos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, deixe. E imos continuar.

Continuamos, imos facer unha das cousas máis importantes, que é votar. Entón, votamos os textos lexislativos.

Pechen a porta, por favor.

Votacións dos textos lexislativos

O PRESIDENTE: Votamos.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei do clima de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 38; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade.

O PRESIDENTE: O Proxecto de lei continúa, por tanto, o seu trámite parlamentario.

Continuamos coa seguinte votación.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 38; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade.

O PRESIDENTE: A Lei continúa o seu trámite parlamentario.

Pasamos ao punto segundo da orde do día.

Comparecencia da conselleira do Mar, por petición propia, para informar sobre a avaliación das políticas pesqueiras europeas

O PRESIDENTE: Para iso, ten a palabra a conselleira do Mar, dona Marta Villaverde Acuña.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Señor presidente, señorías.



Moi bo día a todos.

Comparezo hoxe nesta Cámara, por petición propia, para informar dos avances realizados polo Goberno galego no desenvolvemento das políticas europeas que afectan o sector marítimo pesqueiro.

Señorías, atopámonos ante un escenario xeopolítico complexo e vivo, que pode poñer en risco a actividade deste sector; unha cualificación que nos obriga a considerar unha resposta ás propostas de reformas políticas na Unión Europea e a considerar aspectos fundamentais para o futuro da nosa cadea mar-industria; aspectos centrados na garantía de seguridade xurídica e no apoio orzamentario que permita reforzar a súa competitividade. Estas son as accións emprendidas a partir dun traballo en común no que a defensa do noso sector constitúe o eixo central do seu propósito.

Sen dúbida, o campo de debate e decisión europeo segue a abrir fronteiras de suma importancia para o noso futuro. Hoxe, gustaríame profundar en tres deles, aqueles que están a incidir de xeito directo na nosa actividade. En primeiro lugar, como elemento base, a revisión da política pesqueira común —a PPC—. En segundo termo, o veto imposto por Bruxelas á frota de pesca de fondo, cun destacado impacto negativo na nosa frota. E, como terceiro elemento, o aspecto orzamentario, xa que a configuración do próximo marco plurianual financeiro podería traer consigo a desaparición do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura. Por responsabilidade e por compromiso, estamos preparados para tratar de converter estes elementos que supoñen ameazas en senllas oportunidades, porque Galicia ten moito que dicir e ten moito que achegar aos centros decisorios, e facelo en condicións de liderado, como ata o de agora, depende de todos nós. *(Aplausos.)*

Como saben —porque non é unha mensaxe nova—, a actual política pesqueira común non conseguiu cumprir cos seus obxectivos iniciais, ao tempo que tamén precisa adaptarse aos novos requirimentos. Dende que comezou o seu proceso de revisión, Galicia está a traballar para que a futura política pesqueira común recolla as demandas e as necesidades dos sectores produtivos ligados ao mar.

No mes de febreiro do ano 2022, aprobamos da man do Consello Galego de Pesca o Ditame sobre a estratexia de Galicia na defensa dos seus intereses ante a revisión da política pesqueira común. Foi froito dun traballo de todos os elos da cadea mar-industria, polo que contaba, por iso mesmo, coa unidade e co consenso de todas as partes implicadas, que realizaron distintas aportacións co obxectivo de melloralo. Xusto un ano máis tarde, esta vez en colaboración coa Fundación MarInnleg, presentamos o Informe do impacto sobre o sector pesqueiro do conxunto de propostas lexislativas e non lexislativas da Comisión Europea. Debido á súa importancia capital para Europa e para o sector, a avaliación da política pesqueira común é un exercicio moi complexo e que require dunha análise exhaustiva e profunda. É por iso que acollemos con satisfacción o proceso de avaliación do Regulamento 1380/2013, que é o que regula a política pesqueira común. A Comisión Europea puxo en marcha este proceso de avaliación no mes de xullo do ano 2024 a través do lanzamento dunha convocatoria pública de recollida de datos. Está a chegar xa á súa fin, polo que proximamente poderemos coñecer o seu resultado.



Nós participamos situando no centro do debate as rexións e os axentes socioeconómicos do sector, sinalando a nosa preocupación pola adopción de decisións centradas só no eixo ambiental. Neste contexto, estamos a traballar con intensidade no seo da Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas —a CRPM—; un traballo que estamos a potenciar dende a presidencia que ostentamos do seu grupo de traballo de pesca. A presidencia vén recoñecer e posicionar Galicia como a rexión pesqueira de maior peso en Europa. A CRPM é unha organización cuxo obxectivo é influír nas políticas europeas clave para que estas teñan en conta as necesidades específicas das rexións marítimas periféricas, e converteuse nun interlocutor estratéxico nas instancias europeas; poderíamos dicir que alcanzou un nivel de recoñecemento equiparable ao Comité das Rexións. Polo tanto, a nosa vinculación con esta organización respalda o noso papel activo e diferencial neste proceso normativo.

No último ano, a nosa actividade foi intensa. Participamos no evento de presentación do novo presidente da CRPM, onde Galicia trasladou o interese de reivindicar o papel da pesca, ademais de comprometerse a traballar na defensa dos intereses comúns das rexións. Tamén asistimos á Asemblea extraordinaria, na que reivindicamos a descentralización da xestión pesqueira, a través dunha maior participación das rexións marítimas nestes procesos de toma de decisións. Xa no mes de abril deste ano, en Bruxelas, lideramos e coordinamos o que foi o último encontro de traballo dos representantes das rexións europeas e presidimos a delegación na reunión co comisario de Pesca e Océanos, a quen lle trasladamos o documento elaborado polo grupo de traballo de pesca; unha contribución da CRPM á consulta pública da Comisión Europea sobre o funcionamento do regulamento sobre a política pesqueira común. A nosa seguinte cita será a Asemblea xeral ordinaria, que terá lugar o próximo mes en Barcelona.

Así é como estamos a desenvolver distintas e diversas actuacións para influír e para poder facer oír a nosa voz, tanto en institucións europeas, no marco do proceso de revisión da política pesqueira común, como noutros procesos onde poidamos participar. Xunto a estas, cabe destacar a elaboración do Decálogo estratéxico de Galicia para a defensa dos seus intereses ante a revisión da política pesqueira común. O documento é o resultado do traballo conxunto entre a Administración e o sector, consensuado no pleno do Consello Galego de Pesca, celebrado o pasado 4 de abril, e formulado a partir do Ditame sobre a revisión da política pesqueira común e a posición expresada pola CRPM na publicación *Unha visión para a competitividade territorial nas rexións periféricas marítimas*. O Decálogo configura o actual posicionamento dos intereses pesqueiros galegos ante a próxima reforma da política pesqueira común, e as súas prioridades son, por exemplo, entre outras, a actualización do concepto de zona altamente dependente da pesca, a potenciación do relevo xeracional, a dotación dunha definición de pesca artesanal, a adopción dun enfoque ecosistémico da actividade, a preservación do noso patrimonio marítimo ou o fomento da economía azul.

En resumo, a política pesqueira común precisa ser actualizada para poder abordar o mantemento do equilibrio entre as dimensións social, económica e ambiental e unha xestión baseada no mellor coñecemento científico dispoñible. Non facelo sería ir en contra do seu fundamento e sería manter esa deriva ambiental dos pasados anos que obviou a sustentabilidade social e económica da pesca; unha idea que quedou marcada pola veda ás artes de fondo nas 87 zonas do Atlántico Nororiental, decretada por Bruxelas, un veto en vigor que respondeu a unha de-



cisión totalmente arbitraria, sen aval científico de ningún tipo e sen análise do impacto socioeconómico sobre a frota europea. No caso de Galicia, ese impacto está ao redor do 25 por cento da nosa frota; un veto do que reclamamos a súa revisión e a súa suspensión, e que nos levou a definir unha intensa folla de roteiro co obxectivo de tombar ese veto na vía xudicial. Así o fixemos, aportando informes e rebatendo puntos de incidencia técnica alegados pola Comisión no proceso xudicial no que participamos en calidade de parte coadxuvante en apoio ás demandas da organización de produtores pesqueiros de Burela OPP-7 e dezaseis compañías armadoras galegas recorrentes. Esa tese tamén foi recollida polo Consello Internacional para a Exploración do Mar, ao indicar que a medida adoptada pola Comisión Europea carecía de base científica. Con todo, e pese ao traballo conxunto, o Tribunal Xeral da Unión Europea tirou por terra no mes de xullo as nosas esperanzas. A sentenza veu respaldar a decisión política do anterior comisario de Pesca, que tanto dano causou e segue a causar ao sector pesqueiro europeo; unha resolución que non tivo en conta o impacto socioeconómico da medida, o que vai en contra dos principios da propia política pesqueira común.

Reiteramos que o lexislador está obrigado a realizar unha ponderación específica e motivada do interese da protección do medio mariño, cos intereses dos profesionais do mar e os aspectos socioeconómicos da súa actividade. O Tribunal Xeral, pese a recoñecer que o impacto do palangre de fondo é menor respecto ás artes de fondo móbiles e que, para a envergadura das zonas nas que se prohíbe á pesca, pois é moi ampla, non nos deu a razón. Unha sentenza que só nos permite traballar na modificación da norma estatal e comunitaria en liña coa reforma autonómica que estamos acometendo. Con todo, o fondo material do fallo europeo será revisado e argumentaremos para o seu cambio. (*Aplausos.*)

Coa política pesqueira común, a Unión Europea xestiona os seus recursos pesqueiros e garante o seu uso de forma sostible. Como saben, as normas creadas a partir desta serven para axudar a conservar os recursos biolóxicos mariños e a xestionar e a controlar a pesca dentro e fóra das augas europeas. O Fondo Europeo Marítimo de Pesca e da Acuicultura é o actual instrumento financeiro que vén apoiando a implantación desta política pesqueira común desde o ano 2021 ata o ano 2027. Galicia como principal rexión pesqueira da Unión Europea é unha das grandes beneficiarias deste fondo e dispón de 366 millóns de euros, preto do 70 por cento do importe asignado ás comunidades autónomas en España.

A mediados do mes de xullo coñeciamos a nova proposta do marco financeiro plurianual para o período 2028-2034 da Comisión Europea, que, segundo o anunciado, virá transformar de forma substancial as políticas comunitarias tradicionais, entre elas o FEMPA, diluído nun fondo único, xunto con outros instrumentos financeiros de carácter rural, territorial e social. Na actualidade o FEMPA representa o 0,5 por cento do orzamento total, mentres que coa nova proposta pasaría a representar tan só o 0,1 por cento. De saír adiante este recorte, a España tocaríanlle 470 millóns de euros e a Galicia 120 millóns de euros, fronte aos 1.120 millóns de euros e 366 respectivamente do FEMPA asignado tanto a España como á nosa comunidade autónoma. Este fondo, que xa sufrira un recorte de 105 millóns de euros respecto ao período anterior, sería substituído por unha dotación global na que a pesca pasaría a contar a priori con tan só 2.000 millóns de euros para toda a Unión Europea; unha redución substancial respecto aos 6.100 millóns de euros actuais, a pesar de que o orzamento global da Unión Europea aumentaría do 1,2 aos 2 billóns de euros.



Trátase, polo tanto, dun ataque frontal a Galicia e a un dos seus sectores estratéxicos; un ataque frontal nos eidos económico, da xestión e político. No eido económico, consideramos que, se ben é positivo que exista unha cantidade específica, non deixa de ser un recorte imposible de aceptar; un golpe especialmente duro, xa que Galicia sería a rexión máis prexudicada como comunidade altamente dependente da actividade pesqueira. O orzamento estimado viría debilitar o respaldo financeiro a un sector que xa enfronta elevados custos operativos, escaseza de relevo xeracional, presión normativa crecente e competencia internacional desleal, ao que se uniría a posible competencia doutros sectores emerxentes polos mesmos fondos, o que podería acentuar aínda máis a súa vulnerabilidade. É paradoxal que Europa destaque a crecente importancia da pesca e da acuicultura para a seguridade alimentaria e para o desenvolvemento das comunidades locais, mentres que ao mesmo tempo reduce o orzamento dispoñible para apoiar estes sectores.

Polo que se refire ao eixo de xestión, a articulación do novo marco financeiro plurianual foi presentada como unha ferramenta flexible; unha ferramenta para adaptar os obxectivos europeos á realidade económica, social e territorial de cada un dos estados membros, (*Aplausos.*) que será quen decida a prioridade de gasto dentro de cada territorio, así como os criterios de repartición. Estas son —a prioridade do gasto e os criterios de repartición— dúas incógnitas preocupantes, porque a pesca non pode asumir, non pode absorber, máis recortes. Polo que parece, os estados membros poderían dedicar cantidades adicionais á pesca, pero esta cuestión quedaría ao seu arbitrio, algo co que Galicia non está de acordo, dado o carácter centralizador desta formulación, xa que implicaría unha escasa participación dos gobernos rexionais no proceso de decidir que fondo é prioritario fronte a outros. Isto deixaríanos pouca marxe de manobra e converteríanos en meros executores económicos das contías que outros decidan destinar ao sector marítimo-pesqueiro. Ademais, esta metodoloxía implicaría unha maior desigualdade territorial, polo que podería haber diferenzas significativas entre países na prioridade que cada un lle dea á pesca e podería, ademais, correrse o risco de que o financiamento desta materia fose desprazado por outras prioridades.

Por último, este plantexamento é un ataque frontal no eido político. A proposta, tanto polo seu contido como pola súa orientación, amosa un absoluto desleixo das necesidades da nosa cadea mar-industria, xa que a Comisión Europea parece estar a renunciar a contar cunha política pesqueira específica, o que viría supoñer graves implicacións de conxunto nun contexto no que xa enfrontamos importantes desafíos. É dicir, coa presente formulación, o Fondo Europeo Marítimo de Pesca e da Acuicultura perdería independencia, perdería especificidade e perdería visibilidade ao integrarse nun fondo máis amplo. Polo tanto, na liña do avanzado, a política pesqueira común deixaría de dispoñer dun instrumento financeiro específico, comprometendo desta forma a existencia dun orzamento estable e suficiente para atender as necesidades e as singularidades do noso sector. Isto podería supoñer, primeiro, un erro histórico, pola desaparición dun instrumento propio que demostrou ser eficaz desde o ano 1993, a través do IFOP, a través do FEP, do FEM e agora do actual FEMPA. Segundo, podería comprometer a equidade entre estados membros e o demandado *level playing field*. E terceiro, podería eliminar a eficiencia nas políticas públicas orientadas á pesca, xa que podería transformarse nun mero mecanismo de apoio asistencial, en lugar de seguir sendo unha política orientada a fomentar o investimento e a innovación do sector. Polo tanto, como o plantexamento que marca a Comisión Europea para o seguinte período, o marco da política



pesqueira común debilitaríase e, en lugar dunha política pesqueira europea única, correríamos o risco de avanzar cara a vinte e sete políticas nacionais, o que afectaría o principio de igualdade de condicións e a coherencia entre países.

Tras esta valoración, coa que creo que estaremos todos de acordo, e como rexión altamente dependente da pesca que somos, Galicia pode afirmar coñecer a realidade do seu mar mellor ca ninguén. Para a Xunta de Galicia é indispensable que o novo instrumento financeiro garanta que as rexións participemos do seu deseño e execución e que sexamos destinatarias directas da repartición da asignación de fondos. E por iso non renunciamos a contar cun instrumento financeiro propio e específico co que desenvolver as nosas políticas pesqueiras, e por iso reclamamos e defendemos uns fondos cunha asignación xusta, equilibrada e definida acorde coas nosas necesidades e coas nosas singularidades, co fin de non poñer en perigo a viabilidade económica, social e ambiental do noso sector. E é por iso que lle exiximos á Unión, á Comisión Europea, que reformule o texto desta proposta antes de que o presente e antes de que o aprobe o Parlamento Europeo. *(Aplausos.)*

Neste punto convén recordar que esta proposta xorde no seo do Colexio de Comisarios, onde soamente ten presenza unha española, a exministra para a Transición Ecolóxica e actual vicepresidenta executiva para unha Transición Limpa, Xusta e Competitiva da Comisión. Teresa Ribera non foi quen de manter unha defensa do noso sector estratéxico para o noso país, un silencio que podería ter un prezo moi alto para nós e para o noso sector; un prezo do que é responsable unicamente o Goberno central, xa que será quen poida e deba debater unha proposta sumamente prexudicial para Galicia e para España. Tamén me gustaría recordar que a proposta financeira —é dicir, ese compromiso orzamentario plurianual que se debe tomar— debe ser aprobada no Consello da Unión Europea por unanimidade, polo que resulta indispensable que o Goberno central loite por impedir que perdamos voz propia en Europa e que loite por impedir que o fondo para a pesca se elimine ou se dilúa noutros fondos.

Remato xa, señorías.

Aínda que Galicia ostenta competencias en materia de pesca nas rías e augas interiores, marisqueo, acuicultura ou ordenación do sector pesqueiro, entre moitas outras, todas elas están condicionadas pola política comunitaria, que pode limitar ou orientar as políticas rexionais e afectar a competitividade do noso complexo mar-industria. O efecto multiplicador que ten a actividade pesqueira en Galicia é ben sabido por todos, o que nos fai especialmente sensibles ás accións políticas europeas; unha idiosincrasia que lle explicamos en diversas ocasións ao longo do último ano ao comisario de Pesca e Océanos, a quen lle presentamos tanto o ditame como o decálogo na súa visita a Galicia o pasado mes de xullo; unha visita na que aproveitamos para abordar, xunto cos representantes da frota galega do palangre de fondo, o veto de Bruxelas, un feito que xa lle avanzáramos na carta que lle remitimos no mes de xullo. E a quen lle remitimos tamén esta carta foi ao ministro de Pesca, Agricultura e Alimentación para explicarlles —a ambos— o impacto da resolución xudicial e estudar posibles solucións nun asunto vital para Galicia. Para nós é necesario que o conxunto das administracións actúen de xeito coordinado e sempre da man da frota afectada para levar adiante medidas realistas e efectivas que permitan mudar a situación actual.



Por outra banda, no marco desta visita, foi especialmente relevante o encontro do comisario cos membros do Pleno do Consello Galego de Pesca, en atención a unha petición que a Xunta realizara previamente; un encontro no que o sector lle trasladou directamente a necesidade de reforzar a dimensión marítima fronte ás grandes concentracións socioeconómicas do centro de Europa e de concienciar sobre a necesidade de loitar contra as desigualdades competitivas existentes entre a Europa central e as súas periferias, promovendo a integración dos niveis rexionais na construción do proxecto europeísta. Sempre consideramos que todas e cada unha das rexións coas súas singularidades deben ser escoitadas, entendidas e tidas en conta co fin de que a nova política pesqueira común poida adaptarse a elas. Unha realidade práctica que debe partir da situación actual e cingirse ao establecemento de obxectivos flexibles e realistas.

Sen embargo, hai que ter en conta que os movementos xeopolíticos ameazan con recortes no orzamento comunitario, polo que o FEMPA podería verse afectado se non se acomete unha aposta polo seu mantemento nas instancias europeas. Non hai que esquecer que o Tratado de funcionamento da Unión Europea establece que esta política pesqueira común constitúe unha das bases sobre as que se sustenta o proxecto comunitario e que obriga á Comisión a xestionar, a financiar e a garantir a sustentabilidade do sector en colaboración cos estados membros. É por iso que non contar cun fondo propio para a pesca sería atentar contra un dos elementos vertebrais do proxecto europeo. Reconducir as políticas pesqueiras europeas ás nosas necesidades e singularidades é un exercicio vital para poder posicionar as nosas frota na nova orde establecida.

Todo o anterior fai que sexa imprescindible a creación dunha fronte común forte a todos os niveis contra as pretensións da Comisión Europea. Non podemos permitir que acaben saíndo adiante decisións arbitrarias e inxustificadas, como o veto á pesca de fondo —que recorreremos—, ou unha proposta de marco financeiro sumamente prexudicial para o futuro do noso sector —que batallaremos—. Imos actuar e facer un intenso labor propio, e apoiar tamén a busca de aliados por parte de España noutros países con intereses pesqueiros.

É por iso que, como principal potencia pesqueira europea, o compromiso do Goberno galego é seguir a traballar no estudo e deseño de iniciativas de colaboración a nivel nacional e a nivel comunitario, para sumar esforzos ante os desafíos presentes e futuros.

Remato, señorías, e fágoo deixando unha cuestión no aire: ¿de que lado se van poñer vostedes nesta ocasión? ¿Van achegar ambos os cóbados e traballar pola defensa do noso sector ou unha vez máis asistiremos a un exercicio de incoherencia política? Porque a ninguén lle escapa, señorías, que o Goberno socialista en Madrid e os seus socios din unha cousa e logo fan exactamente a contraria, porque unha cousa é o discurso aquí e outra moi distinta a que fan en Madrid ou en Bruxelas.

É por iso que, sendo esta a miña primeira comparecencia nesta Cámara de todos os galegos, gustárame saber con que PSOE e con que BNG estou a falar; se co PSOE do ministro Planas, que a semana pasada chamaba á unidade na defensa dun fondo específico para a pesca, ou co PSOE que, ao mesmo tempo, cando o Partido Popular, cando o Grupo Popular, presentaba unha proposición non de lei precisamente para defender este fondo votaba en contra. E tamén me gus-



taría saber ante que BNG me atopo: co grupo combativo aquí en Galicia e compracente e caladiño en Madrid ou co BNG que presenta mocións para defender o sector aquí e logo se aliña cos verdes en Bruxelas, eses que non fan máis que poñer atrancos aos nosos profesionais do mar. (*Aplausos.*)

Señorías, non o sabemos, pero espero que nas súas intervencións as súas posicións sobre eses temas queden definidas.

Moitas grazas.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Entendo que o Grupo Parlamentario Mixto renuncia á súa intervención. (*Asentimento.*)

Ten, entón, a palabra o Grupo Parlamentario Socialista.

CARLOS LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, conselleira, e grazas pola súa comparecencia.

Baixo o título da súa comparecencia, conselleira, entendiamos que esta era para dar conta das políticas pesqueiras europeas, especialmente da súa incidencia en Galicia, e, sobre todo, da preocupación polo futuro destas políticas europeas, polo marco orzamentario para o futuro máis inmediato e do anuncio da Unión Europea de severos recortes.

Galicia é a primeira comunidade pesqueira de España e unha das máis importantes de Europa. A nosa tradición mariñeira non só é parte da nosa identidade cultural, senón que tamén é unha fonte esencial de emprego, desenvolvemento económico e sustentabilidade social. Miles de familias dependen do mar para o seu sustento, e a pesca sostible é clave para garantir que esas xeracións futuras poidan continuar con esta actividade. É evidente a importancia que ten en Galicia o fondo FEMPA, actualmente vixente para o período 2021-2027, continuación do anterior FEMP, que tivo a súa vixencia entre 2014-2020.

É bo recordar os obxectivos principais do FEMPA, que xa indican a relevancia que ten para Galicia: promover a pesca sostible, apoiando a pesca que respecta os recursos mariños, reducir o impacto ambiental do sector pesqueiro; fomentar a acuicultura sostible, con investimentos en tecnoloxía e sustentabilidade en granxas acuícolas; desenvolver as comunidades costeiras con axudas para a diversificación de actividades; apoiar tanto a creación de emprego en zonas pesqueiras como o impulso da necesaria substitución xeracional; fortalecer a gobernanza internacional dos océanos con apoio á vixilancia marítima e o control de actividades pesqueiras ilegais; e impulsar a innovación e a dixitalización coa implantación de novas tecnoloxías para mellorar a rastrexabilidade, a seguridade e a eficiencia enerxética.

A importancia destes obxectivos —compartidos e asumidos polo Goberno de España— debe verse reflectida nos orzamentos da Unión Europea. O orzamento do FEMPA para o actual



período 2021-2027 é de 6.100 millóns. A valoración que pode realizarse sobre o seu impacto en Galicia pode ser cuestionable, pero é evidente que a perspectiva dun novo período 2028-2034 debe, cando menos, manter esta cantidade. Por iso a preocupación polo futuro, porque, como todos coñecemos, a Comisión Europea presentou —a Comisión Europea, o Goberno da Comisión Europea—, para o próximo marco financeiro plurianual 2028-2034, unha proposta de drástico recorte nunha magnitude moi importante. Fronte aos mencionados 6.100 millóns actuais, a proposta contempla que esta cifra se reduza aproximadamente 2.000 millóns, o que supón unha caída do 67 por cento fronte ao nivel actual. É evidente que esta proposta é absolutamente inaceptable, e os socialistas de Galicia rexeitámola de pleno neste Parlamento polas consecuencias reais e profundas que tería para España no seu conxunto pero, desde logo, especialmente para Galicia. (*Aplausos.*)

É importante sinalar de forma detallada esas consecuencias.

Primeiro, porque afectaría seriamente a viabilidade económica de moitas embarcacións, sobre todo da frota costeira artesanal e das pequenas empresas pesqueiras.

Segundo, porque poñería en risco o cumprimento dos compromisos ambientais e de sustentabilidade, pois boa parte das axudas do FEMPA se dedican á modernización, á adaptación tecnolóxica, á mitigación de impactos ambientais, á conservación de recursos biolóxicos e ao desenvolvemento da acuicultura sostible.

Terceiro, porque dificultaría a substitución xeracional no sector, pois os mozos pescadores requiren apoios para acceder ás embarcacións modernas, con normas máis exixentes de eficiencia, combustible e emisións, algo que sen o financiamento adecuado é inviable comprometer. [...] faría máis custoso o cumprimento de normativas europeas, nacionais e locais, como vedas, cotas e medidas de protección do medio mariño, se non se conta con fondos suficientes para adaptarse.

E, finalmente, poñería en risco a seguridade alimentaria e a contribución que fai España como un dos principais produtores pesqueiros da Unión, ademais do papel social das comunidades costeiras.

A gravidade destas consecuencias require dunha contestación e mobilización institucional conxunta, no que respecta a España, entre o Goberno do Estado e as comunidades autónomas.

No caso de Galicia, este chamamento á colaboración institucional entre o Goberno galego e o Goberno de España debe romper coa práctica habitual dos gobernos de Feijóo e Rueda. O enfrontamento institucional que se practica neste Parlamento dende o Grupo Popular co Goberno de España non pode repetirse neste caso.

Esperabamos que de forma sincera cumprise co seu discurso de Conxemar, e comprobamos que xa hai un salto moi diferente en relación con ese discurso. Os socialistas facemos un chamamento a unha fronte común, no noso caso entre o Goberno de Galicia e o Goberno de España, porque somos conscientes de responsabilidades do Goberno de España, conscientes con todas as dificultades coñecidas das negociacións no ámbito da Unión Europea. E, nese sentido



—e sería bo que o fixesen vostedes—, valoramos de forma moi positiva a inmediata reacción que tivo, en nome do Goberno de España, o ministro de Pesca, Agricultura e Alimentación, Luis Planas, de considerar que a proposta de redución dese 67 por cento era inaceptable.

O Goberno de España, por declaracións do seu ministro, exixiu de inmediato —e debe coñecerse aquí, neste Parlamento— que a asignación orzamentaria dese fondo non sufra o recorte proposto, que haxa flexibilidade no uso dos fondos para adaptalos ás situacións reais, situacións climáticas adversas, emerxencias ambientais, paradas temporais, etcétera... Tamén que se manteñan —e, se é posible, se reforcen— os instrumentos de apoio á modernización, innovación, transición ecolóxica, tecnoloxías de baixo impacto, eficiencias enerxéticas, redución de emisións e protección de hábitats mariños, e tamén que se incorpore unha transición xusta para as comunidades pesqueiras, medidas de acompañamento social, formación, diversificación económica no litoral, etcétera. E tamén exige ao Goberno de España transparencia nos criterios de distribución, de asignación entre os estados membros, de modo que as zonas máis vulnerables non queden desprotexidas.

Os socialistas galegos, conselleira, preguntamos de que lado estamos. Consideramos que esta debe ser a folia de roteiro en defensa do sector pesqueiro en Galicia, e que o Goberno galego debe apoiar estas reivindicacións que debe realizar o Goberno de España. As referencias á responsabilidade de Teresa Ribera, en primeiro lugar, debería facelas directamente ao comisario de Pesca do Partido Popular Europeo, responsable da proposta presupostaria que se realizou. Polo tanto, deben de estar na colaboración institucional co Goberno de España, ante un grave problema que temos e que afecta certamente o sector pesqueiro galego.

A colaboración institucional é fundamental. O Goberno galego débea de practicar, e debe facer fronte común co Goberno de España na defensa do sector.

Grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na rolda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, moi bo día. Señora conselleira, moi bo día.

No que vai de lexislatura —máis de ano e medio—, é a terceira vez que comparece aquí unha conselleira de Mar. Nas dúas veces anteriores, compareceu —insisto, dentro desta lexislatura— un conselleiro, un exconselleiro neste momento, que permanece imputado por presunto delito de agresión sexual e que foi aplaudido entusiasticamente na súa despedida por vostede, entre outros moitos membros do propio Partido Popular; situación supoño que comprometida, pero que a nós nos parece absolutamente vergoñenta. Polo tanto, temos que dicir que comezou vostede con bastante mal pé esta andaina. (Aplausos.) A ver se é capaz de solucionalo no que lle queda ata as próximas eleccións, se permanece vostede aí.



Ben, tres comparecencias, ou dúas comparecencias —non vou contar a de hoxe, xa a escoitaron todos e todas vostedes—, onde o exconselleiro, o señor Villares —imputado, insisto, por presunto delito de agresión sexual—, nunha delas veu aquí comentarnos cales ían ser as liñas de actuación do seu departamento. E do cen por cento do tempo investiu moitísimo máis da metade en contarnos en que consistía a política pesqueira común e en todos os atrancos que nos poñía a política pesqueira común.

A segunda comparecencia resulta que se baseaba na comercialización de produtos pesqueiros diante do Acordo de libre comercio entre a UE e Tailandia; polo tanto, única e exclusivamente tema europeo.

E nesta terceira comparecencia vostede segue a mesma folla de ruta e vén aquí comparecer sobre unha serie de temas, dos que, efectivamente, nós non lle imos negar a súa importancia —agora lle imos entrar neles—, pero valla tamén esta comparecencia de vostede, esta primeira comparecencia de vostede, para que nós lle poidamos pedir, solicitar e demandar que, cando teña a ben, teña un oquiño e poida vir ao Parlamento, veña falarnos de moitas cuestións que son única e exclusivamente da súa —¡da súa!— competencia e que ten neste momento absolutamente manga por ombro.

Logo, se me dá tempo, tamén lle conto algunha, porque vostede xa puxo a tiritar antes da ferida. Dixo que si, que Galiza tiña moitas competencias exclusivas, ou que tiña competencias exclusivas en pesca, pero que estaban condicionadas polas políticas europeas. Claro, se di iso, parece que nos deixa aos demais sen argumentos. Nada máis lonxe, porque hai moitísimas cuestións —e vostede sábeo mellor ca min— que pode vostede decidir, e ata o de agora aínda non decidiu ningunha.

E pregúntase vostede, señora conselleira, con que BNG se vai atopar hoxe. Pois é curioso, porque nós non nos facemos esa pregunta. Nós xa sabemos con que PP nos imos atopar hoxe: co mesmo de todos os días, absolutamente co mesmo de todos os días, co PP que vén aquí dicir que a decisión do recorte dos fondos europeos en máis dun sesenta e pico por cento que pretende a Unión Europea a partir do ano 2028 *pues es por obra y gracia* de non se sabe quen; como se o PP non tivese representación en Europa, como se do PP non fosen 23 dos 27 comisarios da Unión Europea e como se a presidenta, a señora Von der Leyen, non fose do Partido Popular Europeo. (*Aplausos.*)

Entón, vostedes veñen falar aquí dun marco financeiro plurianual que, segundo vostedes, pois non é culpa de ninguén. ¡Ah, si!, en todo caso, é culpa da señora Ribera, que é a única española que está na reunión de comisarios... —perdón, non me sae agora o nome do órgano—. Claro, a alguén lle temos que botar a culpa, evidentemente. E se non fose a culpa de Teresa Ribera, evidentemente, sería culpa e responsabilidade *de los Verdes* —señor Fidalgo, deses que lle gustan tanto a vostede—. Claro, pero vostede non se deu conta, señora Villaverde, a estas alturas aínda —xa sei que transcorreu pouco tempo, pero xa se pode ir entendendo, ¿verdade?—, de que temos un comisario de Pesca que non é dos Verdes, que temos un comisario de Pesca que vostedes venderon como a salvación de todos os problemas pesqueiros do noso país, que temos un comisario de Pesca que veu a Vigo e que lles prometeu montes e moreas, e na semana seguinte a señora Von der Leyen resulta que fai público pre-



cisamente este marco financeiro plurianual, que, evidentemente, coincidimos con vostede en que sería unha auténtica catástrofe para o noso país.

Entón, non temos dúbida de que Partido Popular nos imos atopar. Vostedes son o Partido Popular do branqueo, vostedes son os que branquean absolutamente calquera política —e máxime, evidentemente, a europea— que ataca —pero desde hai moitos anos— frontalmente a nosa pesca.

¿E sabe por que son o partido do branqueo; entre outras cuestións, do branqueo das decisións da Unión Europea? Bueno, pois son o partido do branqueo porque resulta que se incrementen os orzamentos nese marco financeiro que nos acaban de anunciar, que se multipliquen por cinco os orzamentos que lle van dedicar a defensa —léase armas—, tampouco é culpa de vostede, ¿non? Ou sexa, van multiplicar de 8.000 millóns de euros a cento trinca e pico mil millóns de euros o presuposto europeo en armas e o Partido Popular di que a señora Ribera *nos está machacando la pesca*.

¿Quen decide que todo iso vaia a armas? Decídeno vostedes. ¿Vostedes de que partido son? ¿Vostede de que partido é? ¿Non é do Partido Popular? Pois entérese, señora Villaverde, quen goberna en Europa e do que está propoñendo en Europa o Partido Popular.

Vostedes propoñen a política da guerra, e para levar a cabo esa política da guerra e machacar, efectivamente, a quen faga falta polo medio, non teñen ningún tipo de condicionamento; nin teñen ningún tipo de problema en vir quitar os fondos europeos de pesca do próximo período, en reducilos, nun sesenta e pico por cento.

E digo que vostedes son o partido do branqueo, porque agora vén vostede dicirnos que Galiza é unha «zona altamente dependente da pesca». ¿Onde está escrito iso? ¿Está recoñecido nalgún sitio? ¿Onde está escrito, en que norma europea di que Galiza é unha zona altamente dependente da pesca?

Iso leva décadas reclamándoo o BNG, pero non só leva tempo reclamando iso, senón que lles leva reclamando ás distintas conselleiras e conselleiros do Mar que fagan en Europa todo o que teñan que facer para que ese recoñecemento sexa unha realidade. E vostedes aínda están a velas vir, aínda están a ver se modifican o concepto de «zona altamente dependente da pesca», que, por certo, tamén lle vou dicir unha cousa: naquel famoso informe do Consello Galego de Pesca do ano 2022, vostede non sei se o sabe, pero o BNG tivo unha participación importante —¡importante!— e aceptáronse moitas das nosas emendas. Pois ben, o BNG naquel momento propoñía, efectivamente, a modificación do concepto de «zona altamente dependente da pesca», que se aceptou —emenda que se aceptou— e aínda estamos agardando dende o ano 2022 a saber que fixo o Partido Popular en Europa (*Aplausos.*) para que iso que din vostedes que é Galiza, zona altamente dependente de pesca —que o é—, realmente estea recoñecido nalgún lado.

Nalgún momento terán que facer algo máis que falar, porque falar de que Galiza é unha zona altamente dependente da pesca sabémolo todos e todas, agora hai que recoñecelo nalgún documento oficial, e para iso vostedes, que son o Goberno galego, teñen que traballar.



Igual, señora Villaverde, que non lle custa nada ao Partido Popular falar de branquear. ¿Veu vostede vendernos hoxe aquí —por se non entendín ben ¡eh!— que van recorrer a sentenza das 87 vedas? ¿Veu vostede vendernos iso? ¿Pero a quen llo veu vender? ¿A quen llo veu vender? Porque lle lembro que a señora Quintana, antecesora súa —o do medio ímolo deixar en branco—, vendeu aquí por activa, pasiva e perifrástica que ía recorrer a decisión da Unión Europea das 87 vedas. Estamos agardando, ¡estamos agardando! Os únicos que recorreron a decisión das 87 vedas foron o propio sector e o Goberno español. E vostedes, como sempre, nin lideraron o posicionamento de Galiza nin fixeron absolutamente nada. E agora, que hai unha nova sentenza, veñen vostedes dicirnos que a van recorrer. ¿E cando, señora Villaverde?, ¿cando acabe o prazo? Dígoo porque o Goberno español xa recorreu en tempo e forma esa sentenza...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Pérez.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ...e estamos agardando a ver que fai a Xunta de Galicia.

O *modus operandi* da Xunta de Galicia, e da Consellería do Mar en concreto, é sempre o mesmo: ante calquera problema, reunión urxente do Consello Galego de Pesca, notas de prensa a tu-tiplé por todos os lados... Esta é a folla ruta da Consellería do Mar e do Consello Galego de Pesca. ¿E todo iso en que queda, señora conselleira? ¿E todo iso en que queda? —e remato, presidenta—. Porque aquí temos tomado decisións neste Parlamento, votadas a favor polo propio Partido Popular, a respecto da zona altamente dependente da pesca, a respecto do principio de estabilidade relativa e a respecto do poder decisorio que ten que ter Galiza na Unión Europea, votado a favor polo Partido Popular...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ...e estamos agardando a que vostedes fagan algo nese sentido.

Polo tanto, insisto, nós xa sabiamos que PP nos íamos atopar; e de vostede, como membro do PP, que, como lle dixen, empezou moi mal a súa andaina, non agardabamos que hoxe mellorase.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Popular, o señor Fidalgo.

MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señora presidenta.

Moi bo día.

Señores do Bloque «Negacionista» Galego, señora Pérez, ¡canta hipocrisía! Van de antimilitaristas, pero díganlles aos traballadores de Navantia, en Ferrol, que non se poden facer máis fragatas; díganllelo. Van de feministas, pero non lles oímos aínda nin unha soa palabra



sobre o que está pasando cos seus aliados do Goberno en Madrid; con Jéssica, con Ábalos, co Tito Berni, con Claudia, ou con esa linguaxe de: «*Necesito pulseras. ¿Para quién?, ¿para las cuatro letras?*» E non vou seguir, porque, de verdade que é bochornoso; é bochornoso o discurso do Bloque «Negacionista» Galego.

E tampouco imos permitir leccións dos que van a Bilbao (*O deputado Miguel Fidalgo Iglesias mostra unha fotografía.*) recibir instrucións dos herdeiros dos terroristas, deses que [asasinaron] 68 galegos. Nin tampouco imos permitir que nos dea leccións quen chama aquí, nesta Cámara, «fascista» á Premio Nobel da Paz, unha muller venezolana libre e valente, como é María Corina Machado, para a que pido un aplauso. (*Aplausos.*) ¡Non imos permitir leccións! (*Aplausos.*)

E xa falando do debate que trae hoxe a conselleira, é un debate que está en Europa, evidentemente, pero que nos afecta moi directamente. Por iso quero agradecerlle á señora conselleira, en nome do Grupo Popular, a súa intervención. Hoxe quedou creo que ben explicado o momento decisivo que está a vivir o sector pesqueiro fronte ás políticas europeas e a firme posición que está a defender Galicia. Porque o que nos acaba de expor a señora Villaverde é a posición política do Goberno de Galicia, é unha defensa valente dos nosos intereses en Europa e, sobre todo, un chamamento á responsabilidade política de todos para estar á altura dun momento clave para o futuro do noso sector pesqueiro.

No Partido Popular de Galicia solemos dicir que o terreo de xogo da política pesqueira é europeo. ¿Por que? Porque o 80 ou o 90 por cento das decisións que afectan o noso mar se toman en Bruxelas. Podemos asegurar, polo tanto, que tanto a nivel orzamentario como a nivel normativo o que se cociña na Unión Europea comémolo aquí, gústenos ou non nos guste. E como todo o mundo sabe, señorías, o sector pesqueiro é para Galicia un pilar esencial e fundamental. Galicia non é unha comunidade máis no mapa marítimo europeo; Galicia é potencia pesqueira recoñecida internacionalmente. Somos a comunidade coa maior frota pesqueira de España, somos líderes en capturas, en exportación e en transformación dos produtos do mar e somos tamén unha rexión mariña con historia, pero, sobre todo, con moito presente e con moito futuro.

Por iso, cando se fala de políticas pesqueiras europeas, Galicia ten que estar presente e ten que facerse escoitar. Non podemos ser convidados de pedra en decisións que afectan directamente o noso mar, o noso emprego, a nosa economía e a nosa identidade. E iso é o que precisamente está a facer a Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar: liderar, propoñer, anticipar e defenderse. Porque cando se debate o futuro da política pesqueira común, cando Bruxelas toma decisións que afectan directamente a frota galega e cando están sobre a mesa propostas que poderían supor recortes inasumibles, Galicia debe ter unha mensaxe clara, e a mensaxe é: non imos aceptar decisións que ameacen o noso sector pesqueiro. (*Aplausos.*) ¿Por que? Pois porque os riscos que temos diante están moi claros: propostas de redución drástica de fondos FEMPA, políticas de conservación impostas sen diálogo e sen unha análise real, estratexias climáticas que non teñen en conta a realidade socioeconómica das comunidades costeiras e unha crecente tendencia a exercer unha presión ambiental desproporcionada. Non é o mesmo ecoloxía que ecoloxismo. E Galicia di «non» a estas políticas desequilibradas e di «si» a unha política europea baseada na ciencia, na proporcionalidade, no diálogo e no respecto ás comunidades pesqueiras.



A conselleira tamén nos lembrou un caso paradigmático, que é o veto á pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico Nordeste; unha decisión unilateral da Comisión Europea adoptada sen diálogo co sector e sen avaliar correctamente o impacto socioeconómico, que afecta —como ben dixo a conselleira— ao redor do 25 por cento da frota, e estamos a falar directamente de 200 embarcacións e indirectamente de case mil artes menores. ¿Sabem, señorías, quen estivo na primeira liña defendendo os nosos mariñeiros e os nosos armadores? Galicia. Galicia foi quen de advertir eses riscos; Galicia foi quen traballou cos informes científicos; Galicia foi quen apoiou a frota afectada; e Galicia foi quen fixo valer a súa voz en Bruxelas. (*Aplausos.*) Foi Galicia, señorías. (*Aplausos.*) E grazas a esa acción decidida, hoxe temos un fallo xudicial que lle dá a razón ao sector e cuestiona o procedemento da Comisión. Este é un exemplo claro de por que Galicia ten que ter voz propia e forte en Europa, porque, se Galicia cala, outros decidirán por nós.

E outro asunto gravísimo que a conselleira abordou con total contundencia é a proposta de recorte brutal, de recorte imposible dos fondos FEMPA para o próximo marco financeiro 2028-2034, un recorte de ata dous terzos. Unha decisión, señorías, que afectaría máis directamente a Galicia que a ningún outro territorio de Europa. ¿E por que? Porque Galicia é a rexión que máis fondos FEMPA executa en España e unha das primeiras de Europa; e, por iso, un recorte desta magnitude sería un golpe directo á competitividade, ao emprego e ao desenvolvemento sostible do noso sector. E fronte a iso, señorías, o Grupo Popular pide unidade, a unidade de todos os grupos para apoiar o noso Goberno, o Goberno de Galicia. Porque, tal e como nos dixo a conselleira, Galicia non vai quedar calada nin vai quedar inmóbil, vai defenderse en Bruxelas con argumentos, con forza política, porque é así e porque é o noso dereito.

Respecto da política pesqueira común, nós estamos, desde o Grupo Popular, de acordo en que precisa ser actualizada; debe basearse na ciencia e non en dogmas nin en slogans ideolóxicos. Decisións como o veto á pesca de fondo ou os recortes das taxas e cotas deben estar fundamentadas en informes científicos sólidos e non en presións políticas ou en *lobbys* ou campañas mediáticas. As comunidades costeiras, os mariñeiros, as mariscadoras e as confrarías non son o problema, son a solución. Levamos décadas traballando polo uso sostible dos recursos, adaptándonos a novas normativas, innovando en tecnoloxías máis respectuosas co medio mariño. Galicia, señorías, non precisa leccións de sostibilidade porque leva practicándoas xeración tras xeración.

E vou rematando.

A conselleira tamén fixo unha chamada clara ao Goberno de España, ao Goberno de Madrid. Galicia ten que estar na negociación e ten que ser escoitada, señor Font. Non pode haber posicións de Estado que non incorporen a realidade e os intereses da frota galega, porque máis do 40 por cento da actividade pesqueira española está aquí, en Galicia. Por iso, señorías, pedimos que o Goberno central escoite e defenda con contundencia a posición de Galicia en Bruxelas e que conte coa Xunta como interlocutora real.

E permítanme tamén volver falar de unidade. Se hai un tema no que deberíamos deixar a un lado as siglas e poñer por diante o país é este. A defensa da pesca non debe ser motivo de



confrontación política, debe ser un punto de encontro. E por iso desde o Grupo Popular facemos un chamamento a todos os grupos para defender xuntos a nosa frota, para defender xuntos a nosa industria e para defender xuntos o noso dereito a seguir vivindo do mar.

Conselleira, despois da súa intervención, quedanos claro que Galicia ten posición, ten argumentos e ten lexitimidade. Bruxelas debe escoitar a Galicia, e o Parlamento de Galicia debe apoiar con unidade a defensa da nosa pesca. Desde o Grupo Popular reiteramos o noso apoio total á posición da Xunta.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Fidalgo.

MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Apoiamos o traballo serio, rigoroso e anticipado que se está a facer, porque a pesca non só é un sector produtivo, é Galicia mesma.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Grazas, señora presidenta.

Señora Pérez —¿non está?; si está, perdón—, no mes de agosto, solicitou o seu grupo a miña comparecencia nesta Cámara para debater sobre a proposta do marco plurianual financeiro. Hoxe comparezo nesta Cámara, por petición propia, para dar conta e responder con responsabilidade ante todos os galegos dos nosos avances na xestión das políticas europeas que afectan a pesca, onde inclúo precisamente o tema da súa petición, o tema en cuestión, xunto a outros que creo que son de carácter vital para o sector marítimo-pesqueiro galego. De feito, dentro do seu propio grupo, estes temas comunitarios están sendo destacados dun xeito notable. Sen embargo, esta fin de semana —igual que o fixo agora aquí— entérome pola prensa —coñeciamos polos medios— de que me instaban a aproveitar a miña comparecencia —parece que, segundo o manifestou antes, tampouco lle gusta o tema polo que pedín a miña comparecencia— para falar doutros temas, como o marisqueo, a xestión do sector ou as axudas á parada do polbo, entre outros moitos asuntos. Entón, simplemente quero dicirlle e comunicarlle que, claro, este é o motivo desta comparecencia, pero que haberá outros momentos en que pedirei comparecencias para falar destes asuntos e doutros que sexan de interese en cada momento.

E fíxese ata que punto dentro do seu propio grupo estes asuntos están sendo destacados —por iso creo que son asuntos de vital importancia para o momento no que nos atopamos agora— que, no escenario da Feira Conxemar, a súa voceira —a voceira do seu grupo— lle pedía ao Goberno central a rebaixa do IVE, como lle pedimos todas administracións, sobre todo as autonómicas, que estamos moi vinculadas e nos encargamos da xestión do sector marítimo-pesqueiro e, sobre todo, as que dentro das nosas competencias temos o fomento do consumo de peixe. Pero tamén manifestaba o seu rexeitamento á proposta do marco financeiro do que falamos aquí hoxe. E no Congreso dos Deputados presentaban tamén unha interpelación urxente ao ministro Planas para tratar medidas que consideran



que o Goberno central debe adoptar para impulsar o sector pesqueiro galego, como é a modificación da política pesqueira común, o recurso de casación á sentenza pola que se avala o veto á pesca de fondo e o recorte dos fondos presentada na nova proposta do marco financeiro plurianual de financiamento. Bueno, pois para todo isto —que cremos que o momento de traballar sobre estes temas é agora— estou aquí hoxe, nun debate do que espero saír de aquí cun criterio; co criterio dos seus grupos políticos, co criterio que vaia defender aquí e en Madrid, porque —como dicía antes— non sei de que lado se van poñer vostedes nesta ocasión.

Porque, verán, falar de política comunitaria é falar do arduo traballo que temos por diante para atender todos os retos que temos no sector; retos como, por exemplo, que a adaptación da política pesqueira común se realice de forma proporcionada nas súas tres vertentes, de forma que a ambiental non penalice a actividade extractiva, que a protección dos fondos mariños se faga en equilibrio coa importancia socioeconómica da pesca, que no novo marco financeiro se recoñeza, por exemplo, o marisqueo como unha actividade moi particular e moi característica, onde non sexan necesarios eses 120 días, como mínimo, para que se poida apoiar os mariscadores, o sector ou os profesionais con esas paradas temporais, ou que o relevo xeracional se enfoque desde toda a integridade da cadea mar-industria e non soamente ao sector extractivo.

Polo tanto, se este é o camiño, o camiño que van seguir desde os seus partidos, saiban que están aliñados cos postulados deste goberno. Polo que, se é así, eu persoalmente congratúlome —e sei a bo seguro que tamén o fará o propio sector— ao saber que van reforzar as nosas peticións en Madrid; peticións que requiren, pola súa relevancia e repercusión futura para a nosa comunidade, que esteamos preparados e que traballemos para que o seu resultado se adapte ás necesidades de Galicia. Cómpre facer como fixemos noutras ocasións: ter unha planificación dos traballos que dean amparo ao preciso seguimento de cada un dos asuntos europeos en marcha na actualidade.

No que corresponde ao proceso da revisión da política pesqueira común, e na procura da defensa da nosa posición e da súa toma en consideración por parte dos negociadores europeos, seguiremos desenvolvendo os traballos de estudo e da análise de situación, especialmente conforme avance o proceso de avaliación pola Comisión.

A liña fundamental seguirá a ser a da argumentación da relevancia do sector marítimo pesqueiro en Galicia, para defender a posición de España no marco negociador europeo. Porque aquí recórdolles que nós traballamos con lealdade institucional co Goberno de España, achegando sempre toda a información e todas as propostas que temos consensuadas e traballadas co sector e con outros grupos, para defender a nosa cadea mar-industria. Porque o que participa e o que ten que realizar a defensa nas mesas de negociación, e o interlocutor de España ante Europa, é o Goberno de España.

Se para nós é importante a unidade de opinión e de acción en Galicia, porque o é, non o é menos tamén a busca de aliados nesta viaxe para que a nosa voz tamén se escoite con forza en Bruxelas. Buscaremos aliados tamén noutras rexións periféricas da Unión Europea que estean na nosa mesma situación.



Con este mesmo sentir tamén actuaremos cando coñezamos a decisión do Tribunal Xeral de abalar o veto á pesca de fondo. Unidade de opinión e unidade de acción en Galicia, xunto co sector, ao que apoiamos desde o primeiro momento na fórmula en que podíamos, participando no seu recurso coadxuvante. Porque si, señora Pérez, presentamos recursos en primeira instancia como parte coadxuvante da OPP7 e das 16 empresas armadoras. *(Aplausos.)* E o Goberno galego, como non pode ser doutra forma, unha vez coñecida a sentenza en primeira instancia, respecta pero non comparte esta decisión xudicial.

E non nos imos quedar tampouco de brazos cruzados nesta ocasión. O primeiro que fixemos foi activar a vía política. Solicitamos senllas reunións co comisario de Pesca e Océanos e co ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, para coordinar actuacións conxuntas, sempre da man do noso sector. Tamén activamos a vía xurídica, co estudo en profundidade da sentenza para abordar os efectos do aval do Tribunal ao veto e analizar co sector no mesmo mes de xuño a posibilidade de presentar un novo recurso co que recorrela.

Neste senso, hai que dicir que valoramos positivamente a decisión do Goberno central de recorrer ambos os fallos, o que presentou el, máis o que presentamos nós en casación, xunto coa OPP, pola súa condición de demandante privilexiado. Isto fai posible, recorridas as dúas sentenzas, os dous fallos, a nosa participación no procedemento, co obxectivo de apoiar os motivos de casación cos que reforzar as posibilidades de éxito deste novo recurso. Polo que tamén lles comunico que imos participar do procedemento presentando tamén o recurso de casación.

En paralelo, solicitamos que o palangre demersal ou semipeláxico fose incluído na clasificación de aparellos de anzol, a través das alegacións presentadas ao Real decreto 502/2022, do 27 de xuño, polo que se regula o exercicio da pesca nos caladoiros nacionais, co obxectivo de dotalo dunha normativa diferenciada e máis acaída respecto á do palangre de fondo. Unha petición coa que defenderemos a súa importancia socioeconómica e ambiental para Galicia, e coa que procuraremos garantir unha explotación racional e sostible dos recursos mariños. Viría cubrir o defecto da normativa actual. Está, pois, encima da mesa do Goberno central actualizar a súa clasificación da normativa estatal e, con ela, a comunitaria, no marco da negociación que está a manter coa Comisión Europea para conseguir a exclusión do palangre de fondo do veto das 87 zonas. Unha negociación que esperamos que sexa positiva para o noso país, pois é profundamente inxusto que se aplique esta prohibición a unha frota que realiza o seu traballo dunha forma tan sostible. Unha frota que, polo tanto, merece todo o noso esforzo e todo o noso apoio.

Por último, temos que referirnos ao reto económico máis importante que temos por diante: O deseño do que será o novo marco financeiro plurianual que rexerá a nosa actividade no horizonte 2028-2034. Toca traballar agora e a futuro. E, como consideramos que non hai tempo que perder, a mediados do mes de xullo, tras a publicación da proposta por parte da Comisión, solicitamos, xunto coas comunidades autónomas con intereses pesqueiros, a convocatoria dunha conferencia sectorial de pesca para artellar unha resposta conxunta e coordinar accións e urxir o ministro Planas para poñer todos os medios, cantos sexan necesarios, para impedir que esta iniciativa non tivese maior percorrido.

Unha conferencia que teño que dicir que non se convocou, sendo tratado este asunto no marco da celebración dun Consello Consultivo de Política Agraria e Política Pesqueira para



asuntos comunitarios a mediados do mes de setembro. Neste encontro o Goberno central asumiu e anunciou como propios os nosos fundamentos. Unha mensaxe da que nos congratulamos e que indica que Galicia estaba no certo e que a voz de Galicia segue a ser a que marca o rumbo desta nova etapa europea cara ao horizonte 2034.

Tamén anunciou a creación dun grupo de traballo cos gobernos autonómicos, seguindo a liña marcada por Galicia. Tamén teño que comunicar que, un mes despois, aínda non temos constancia de que este grupo de traballo fose constituído nin nos pediron participación.

Como dicía, en Galicia consideramos que non hai tempo que perder. Se ben o debate culminará ao longo do ano 2027, cando se agarda o peche definitivo do marco e a fixación de montantes asignados a cada un dos estados membros, temos que ser dilixentes no traballo que temos por diante. Galicia non se resigna e esperamos que o Goberno central tampouco o faga e non use ao sector como moeda de cambio para favorecer outras políticas nin outros intereses.

Galicia, como lles dicía, si se puxo a traballar nada máis coñecer a proposta. Despois de solicitarlle ao ministro a convocatoria da conferencia sectorial, o 3 de agosto convocamos un pleno do Consello Galego de Pesca para explicar e compartir a nosa preocupación co sector. Neste foro, e tras escoitar o parecer dos seus membros, creamos un grupo de traballo *ad hoc* para este asunto. Un grupo de traballo que sería o responsable da elaboración dun ditame coa posición de Galicia. Un grupo de traballo que se puxo a traballar inmediatamente e elaborou un ditame que xa foi presentado e aprobado por unanimidade polo Pleno do Consello Galego de Pesca hai apenas dez días. Nel o sector adxunta os seus argumentos para que poidamos defendelos ante as máis altas instancias europeas e co obxectivo de que a voz de Galicia sexa escoitada neste proceso negociador e que o resultado sexa positivo para o noso sector.

Señorías, sei que estamos todos a bo seguro no mesmo barco: o da defensa dos intereses de Galicia, sumándose desde esta Cámara e fortalecendo a postura na nosa rexión.

Remato, señorías, e fágoo insistindo, porque o noso sector merece unha resposta sincera: ¿de que lado se van poñer vostedes nesta ocasión? Voulles dicir o que a min me gustaría, pero non só aquí, señora Pérez, non só aquí. O que lles pido é que se poñan de lado de Galicia e do noso sector aquí, en Madrid e en Bruxelas. (*Aplausos.*) Porque a min, como lles dicía, gustárame atopalos do lado do compromiso real, achegando propostas que respondan ao interese xeral e non ao seu uso partidista, achegando responsabilidade aquí, en Madrid e en Bruxelas, tal como lles dicía. En definitiva, achegando o seu apoio ao noso discurso, ao discurso dos feitos, lonxe de calquera sigla ou cor, como verdadeiros alt falantes de Galicia nesta Cámara, nas Cortes Xerais ou na Eurocámara. Para que nos escoiten alto e claro na Comisión Europea ou onde faga falta.

Bo día. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista.



CARLOS LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta, de novo.

Detallabamos na primeira intervención a que considerabamos que debe ser a folla de ruta de defensa do sector pesqueiro no conxunto de España e, en consecuencia, en Galicia. Pero isto debe ir acompañado dunha implicación institucional do Goberno de Galicia e do propio Partido Popular.

Debemos ter moi en conta que o Goberno da Comisión Europea actual é de maioría absoluta do Partido Popular Europeo. Este Goberno da Unión Europea é o Goberno máis de dereitas que tivo a Unión Europea nunca. (*Aplausos.*) E, por tanto, corresponde ao Partido Popular de Galicia e de España elevar a voz e facer valer no seu peso político —se é que o ten— en defensa dos intereses de Galicia.

Nesta Comisión Europea o comisario de Pesca é do Partido Popular Europeo, o señor Costas Kadis, e tamén a carteira de Agricultura, Orzamentos e a propia Presidencia da Comisión. O Partido Popular Europeo criticou con dureza o anterior comisario europeo que se encargaba da Pesca e instaba a que neste novo Goberno as políticas de pesca tivesen carteira propia. É máis, nas comparecencias dos candidatos ás carteiras, os eurodeputados do Partido Popular de España vangloriábanse de conseguir —leo literal— «arrincar ao hoxe comisario europeo o compromiso de reformar os puntos débiles da política pesqueira común». É evidente que se conseguiu un comisario para a pesca e tamén é evidente que ese comisario do Partido Popular Europeo, na súa primeira e decisiva actuación, traizoou a pesca, cun recorte que se propón dos 67 por cento. ¿Quería o PP de España comisario europeo de Pesca? Aí o ten. E é agora o Goberno de España quen debe facer fronte ás políticas do recorte do Partido Popular Europeo.

¿Señora conselleira, coa referencia a Teresa Ribera quere desviar a atención sobre a responsabilidade do comisario europeo neste recorte? (*Aplausos.*) ¿Quere dicirnos que o comisario non ten responsabilidade neste recorte que afecta tanto a Galicia? Mire, presume vostede de reunirse co comisario e trasladar as propostas do Goberno galego. É evidente que o comisario rexeitou esas propostas do Goberno galego. Creo que dicía: «a voz de Galicia marca o camiño». Pois, precisamente, o comisario non fai ningún caso. O señor Costas Kadis é responsable directo da proposta que está encima da mesa e o Partido Popular de España e de Galicia non poden mirar para outro lado, como fan habitualmente. Deben asumir a súa responsabilidade política, tentar facer valer o seu peso nese Partido Popular Europeo para que o recorte proposto non leve a efecto.

O presidente Rueda estivo de viaxe en Bruxelas e non se coñecen accións en defensa do sector pesqueiro en Galicia. É evidente a súa falta de interlocución e é hora de que eleve a voz ante os seus correligionarios en Europa e se escoite a voz dos europarlamentarios do Partido Popular de España, e especialmente de Galicia. Tamén sería bo que Feijóo, tan dado a desprazarse a Bruxelas para criticar o Goberno de España, inclusive para boicotear os fondos europeos para o noso país, se posicionase expresamente en contra desa redución.

En suma, estamos nun momento decisivo para o sector pesqueiro. Non nos ten que preguntar de que lado estamos. Os socialistas de Galicia defendemos con firmeza que os fondos europeos para a pesca deben ser reforzados e non recortados. Sen eses recursos non só se pon



en risco a actividade económica, senón tamén a conservación do ecosistema mariño, que é vital para o noso planeta. Por iso, exiximos ás institucións europeas que reconsideren esta proposta e manteñan o seu compromiso co sector.

E a vostede, conselleira, pedímoslle que manteña o seu discurso do pasado martes en Conxemar; leo literal, como foi publicado, para que non quede dúbida: «*Señor ministro, cuente con nuestro apoyo desde la lealtad institucional y el diálogo abierto y constante para que juntos podamos pedirle a la Comisión Europea que esté a la altura y que nos asegure una herramienta que nos dote de la estabilidad debida para el desarrollo de nuestro sector.*» É evidente que é vostede quen cambia de discurso no curto prazo dunha semana.

Grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pérez.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, di o señor Fidalgo que o discurso do BNG é bochornoso. ¿Sabe o que digo eu, señor Fidalgo, e o que di o BNG? Que o bochornoso é manter no Consello da Xunta de Galiza durante catro meses un presunto agresor sexual sen que ninguén diga nada. (*Aplausos.*) ¿Sabe, señor Fidalgo, o que digo eu e o Bloque Nacionalista Galego? Que o bochornoso, indecente e absolutamente inmoral é o que fixeron onte en Cangas —algunha deputada das que está sentada por aquí— tirando pedras; é dicir, vostedes fan política a pedradas, iso é o único que saben facer vostedes (*Aplausos.*), política a pedradas. Iso é o que é realmente bochornoso e é absolutamente indecente.

E ao señor Trenor supoño que lle vai chivar o que pasou onte no pleno de Ribeira, pero é que vostede estaba alí; o que non estaba era o señor Trenor, que chegou tarde. Si, si, tarde, mal e a rastro. O pleno de Ribeira, señorías, púidose desenvolver con total normalidade, cos apupos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ¿Que pasa? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, eu tamén, eu tamén, eu tamén, eu tamén. Mire, perdoe... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio. Silencio, por favor.

Señora Pérez, vanlle quedar tres minutos para falar de mar.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Eu estaba en Ribeira. Polo tanto, todo o que contan vostedes por aí non me vale para nada, porque eu estaba alí. E, polo tanto, os apupos duns e doutros non impediron en ningún momento... (*Murmurios.*)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio, por favor.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ...que o pleno se desenvolvese con total normalidade, cousa que non pasou onte en Cangas, onde mantiveron encerrados os alcaldes. (*Aplausos.*) Iso non pasou onte en Cangas.

Señora conselleira, ¿quéréme dicir que hai de incompatible, se é que hai algo —porque, claro, tratar de confundir a xente realmente non é unha práctica política recomendable—, en que nós mesmos pediramos efectivamente a súa comparecencia polo tema do marco financeiro plurianual e que agora hoxe nesta intervención nós lle pidamos que compareza aquí polos temas que son da súa exclusiva competencia? ¿Hai algo de incompatible? Claro, gustaríame moito que me respondese, porque non sei vostedes, pero é que nós somos capaces de facer moitas cousas á vez e somos capaces de pedir a súa comparecencia para o marco financeiro plurianual, porque, igual que vostede, entendemos que este é o momento de tratalo, pero tamén somos capaces de non olvidarnos de en que situación de debacle teñen o sector marisqueiro e extractivo deste país, e, polo tanto, que compareza para nos contar que están facendo.

Porque miren, señorías, a conselleira do Mar vai a Murcia, (*A deputada Rosana Pérez Fernández mostra un documento.*) señorías, a explicar os seus logros en investigación mariña contra o cambio climático. Falta a primeira vez, señora conselleira, que nos viñera vostede contar aquí, vostede e todos os seus antecesores, cales son eses logros e que están facendo en investigación para paliar as consecuencias do cambio climático; falta a primeira vez.

¿Quere vostede compromiso? É que non sei que compromiso quere. Nós fomos pioneiros en propoñerlles a vostedes —está aprobado aquí por unanimidade, no ano 2021— o recoñecemento de Galiza como nación pesqueira, a reforma do principio de estabilidade relativa e a capacidade de decisión de Galiza en Europa. Iso está votado aquí por estes corenta señores e señoras, no ano 2021; aí está o compromiso, política pesqueira común.

Non queremos revisión, como vostede; queremos unha profundísima reforma, que é o que se necesita, e vostedes están branqueando, como lle dixen antes, e pásana agora por unha revisión, porque ao principio era reforma, pero *ahora ya con una revisión ya nos vale*. Non, non, pois non, nós somos coherentes.

Iso en canto á política pesqueira común.

Segunda cuestión, 87 delas. Pero ¿cantas veces propuxo o Bloque Nacionalista Galego aquí medidas precisamente a respecto do tema das 87 delas? Tantas, tantas as veces as propuxemos como o Grupo do Partido Popular votou a favor. Entón, ¿que máis compromiso quere? O compromiso faltoulles a vostedes cando levaron meses dicindo que ían recorrer a sentenza da Unión Europea e logo axuntáronse ao sector porque non lles quedaba outra, non foron capaces nin de recorrela vostedes como Goberno galego, (*Aplausos.*) non foron capaces dese país, Galiza, máis importante do mundo mundial en pesca, non foron capaces.



E terceira cuestión, e última: marco financeiro plurianual. ¿Que nos vén contar vostede, señora conselleira, do marco financeiro plurianual? ¿Quere que quitemos os datos aquí? Iso si que é incompatible, o que din.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Pérez.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: ¿Quere que lle saque aquí os datos da inexecución —que non o di o BNG, dí o Consello de Contas de Galicia, no informe do ano 2022—, da súa falta de execución dos fondos FEMPA? E agora rásganse as vestiduras polo marco financeiro plurianual, igual que nós, só que nós somos aínda máis claros.

Non queremos que se lle quiten fondos á pesca, nin aos fondos de cohesión nin á PAC porque se lles estean metendo ás armas, e vostedes iso nin o din nin o fan. Vostedes son os que apoian o incremento das armas, a conta, precisamente, de todo o demais.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señor Fidalgo.

MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Grazas, presidenta.

Señor Font, ¡que mala memoria parece que teñen os socialistas! ¿Non se acorda vostede do acordo do número 1, Pedro Sánchez, do PSOE, coa ultradereita de Meloni e de Orbán para salvar o veto do Partido Popular Europeo ao nomeamento como comisaria de dona Teresa Ribera?, ¿non se acorda? Debería de dicirlle a Teresa Ribera, esta comisaria, que ela é a responsable do que está pasando, o que pode pasar con estes fondos da pesca, porque ela non foi quen de defender a pesca galega. É a única comisaria que ten España nese consello, así que podería dicirlle á súa compañeira que nos bote unha man, que seguro que se fora cava catalán estaría apoiando, pero, se é o peixe galego, xa non lle fai tanta graza. *(Aplausos.)*

E, señora Pérez, evidentemente que nós condenamos calquera tipo de violencia, o que pasou en Cangas, pero estamos esperando aínda, vostedes, o Bloque «Negacionista» Galego, que condenen os comportamentos machistas que hai fronte á nosa, por exemplo, compañeira do Concello de Pol ou a nosa compañeira do Concello de Pontearreas. Non sei se vostede estivo atenta a todo o que pasou estes días. Que o nacionalismo galego veña agora darnos leccións do que pasou en Cangas e das pedradas... Mire, señora Pérez, todos temos memoria e acordámonos do que pasou en Cangas hai anos e décadas, e podemos botar a vista atrás. Así que leccións do nacionalismo galego, ningunha, ningunha.

E felicítoa, por polo menos dicir «presunto» cando fala do exconselleiro de Pesca, pero párecenos bochornoso que aínda non condene ningún dos comportamentos que está a ver cos seus aliados políticos en Madrid, co que está pasando co Partido Socialista en Madrid, con Tito Berni, Ábalos, etc., etc. *(Aplausos.)*



E miren, a semana pasada, na inauguración da feira Conxemar, a gran feira da pesca en España, na que a conselleira estivo día e noite desde o principio ata o final, os tres días, o ministro Planas afirmou que Vigo era a capital pesqueira da Unión Europea e que Galicia representa practicamente a metade do sector pesqueiro de España. Ese é o Partido Socialista que hai en Madrid ás veces ou o que fala en Bruxelas, moi diferente ao Partido Socialista que escoitamos aquí en Galicia.

Pero será por iso que en Galicia, pola súa historia, pola súa dimensión e polo peso que o mar ten na nosa economía e na nosa identidade colectiva, penso que todos ao final compartimos a mensaxe central que trouxo hoxe aquí a conselleira: Galicia —penso que estamos todos de acordo— non pode ser unha espectadora muda en Europa.

Sobre a política pesqueira común, señora conselleira, coincidimos: Galicia debe liderar e condicionar a posición de España.

En canto ao veto á pesca, compartimos a firmeza coa que se está actuando.

E sobre o FEMPA, señorías, non hai lugar a medias tintas. A Xunta está facendo o que debe facer: mobilizar o sector, buscar aliados e exixir ao Goberno central que faga o seu traballo en Bruxelas.

Non imos permitir ser moeda de cambio para aplicar outras políticas, quedando o sector da pesca discriminado e prexudicado. Por iso esa mensaxe de unidade desde o Partido Popular. Aquí non sobra ninguén, é o momento da unidade política e da firmeza institucional. Quen hoxe dubide ou mire para outro lado mañá será responsable das consecuencias.

Estámonos xogando moito e o que temos claro é que non imos permitir aquí leccións dos que se negan a rebaixar o IVE do peixe e das conservas ou dos que aproban en Madrid un real decreto no que se permite que nos comedores escolares só poñan unha ración de peixe á semana. Nós xa sabemos que o Partido Socialista é máis de chistorra; a nós no PP gústanos máis o peixe, ¿que quere que lles diga?, a vostedes as chistorras (*Aplausos.*) e a nós o peixe. Esa é a diferenza. ¿Por que? Porque o Partido Popular —non se lembran— é o partido da pesca; PP, partido da pesca.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Dúplica, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Señorías.

Antes de nada gustaríame aclararlle á señora Pérez que esa nota de prensa que ensinaba da presenza de persoal da Consellería do Mar en Murcia é porque asistimos a unha mesa redonda de resultados do programa nacional ThinkinAzul, onde somos sete comunidades autónomas as que participamos —pero acláreo ben, porque non aclarou ben o que di o corpo da noticia—;



nesa xornada somos sete comunidades autónomas que participamos do Plan complementario de ciencias mariñas, onde quedou patente que a execución que realizamos a través de convenios con universidades, o CSIC e centros de investigación é excelente e que somos unha das comunidades autónomas que máis estamos... *(Murmurios.)* ¿Non escoitan? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah! Esa é unha das grandes medidas que estamos desenvolvendo con fondos europeos. Non é FEMPA; son Next Generation. É un programa que se está acabando neste 2025, un programa no que as sete comunidades autónomas que participamos estamos facendo mesas de debate e onde queda patente o gran traballo que está facendo Galicia nese campo.

Por outra parte, gustárame tamén, no meu peche, poñer sobre todo en relevancia e poñer como centro da miña comparecencia o fundamental, que son as políticas europeas para o noso sector marítimo-pesqueiro. Regulan extremos tan importantes como o acceso aos recursos mediante a política pesqueira común e buscan garantir a sustentabilidade deses recursos pesqueiros e a seguridade alimentaria, e tamén porque aportan un financiamento clave a través dos fondos como FEMPA; cuestións tan relevantes como, por exemplo, a modernización e a transición ecolóxica da nosa frota, e que ademais inflúen na competitividade do sector, no relevo xeracional e na igualdade de oportunidades.

Polo tanto, debemos traballar na súa articulación, para conseguir que Galicia participe na toma de decisións como zona altamente dependente da pesca, asegurando así o noso futuro económico e social dentro do marco europeo.

Señorías, os temas traídos aquí hoxe están enmarcando a actualidade do noso sector e van ser determinantes na definición do noso futuro. Fomos e somos testemuñas de como as últimas decisións da Comisión Europea, caracterizadas pola falta de equidade e de obxectividade, nos levaron ao marco de inseguridade no que agora nos atopamos.

Polo tanto, aínda que sabemos que non vai ser un camiño fácil, seguiremos traballando con esforzo e con constancia para defender o noso sector. E farémolo coa mesma fórmula empregada ata o de agora: a fórmula da cogobernanza, man a man co noso sector marítimo-pesqueiro. É por iso que levaremos a Bruxelas o ditame elaborado polo Consello Galego de Pesca coa posición de rexeitamento de Galicia á proposta do marco financeiro plurianual; é a nosa pretensión, e facela co seu respaldo é clave.

Por iso neste momento fago entrega do dito documento á presidenta desta Cámara *(A conselleira do Mar entrégalle un documento á presidenta)*, ¿para que?, co ánimo de que obteña o respaldo máis amplo posible e realicen as súas aportacións. *(Aplausos.)*

Tamén nese camiño involucraremos os membros do Congreso dos Deputados, do Senado, do Parlamento Europeo que defenden o sector, e recolleremos a posición galega nun manifesto que denuncie esta nova ameaza.

Esta actuación política no interior irá acompañada dunha xeira de contactos nos que aproveitaremos a presenza de Galicia nos espazos de debate europeos, achegándonos aos marcos decisorios correspondentes a outras rexións e a estados membros con afeccións semellantes e intereses comúns, de cara a artellar unha posición conxunta ante negociacións.



Polo tanto, como ven, nesta tarefa todos temos un papel importante. Nós, dende o Goberno galego —tal e como acabo de relatar—, e vostedes, como partidos políticos que participan no Goberno de coalición, son responsables tamén; responsables de que o Goberno central atenda dilixentemente estes asuntos e responsables de conseguir un acordo que garanta que no proceso de aprobación do marco financeiro plurianual, onde se precisa a unanimidade do Consello, só se apoie unha formulación favorable para o noso sector.

Pecho xa con compromiso de que dende o Goberno galego atenderemos este tema coa responsabilidade e coa seriedade que se necesita; é a nosa vontade, é o noso querer e é o noso deber. Só lles pido a todos vostedes que, neste traballo de alcanzar un marco de seguridade xurídica e estabilidade política, se impliquen de forma activa, con lealdade institucional e fidelidade ao sector, polo seu presente e, sobre todo, polo noso futuro, polo ben de Galicia e do noso país.

Moitas grazas e moi bos días a todos. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematado o debate, imos suspender a sesión; será reanudada ás 16.30 horas, e deséxovos a todos bo proveito.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O PRESIDENTE: Retómase a sesión.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, que son as mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, sobre as medidas para mellorar a situación do servizo de axuda no fogar en Galicia

O PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e outra do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Raquel Arias Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:

1. Cumprir co establecido na Lei estatal de Dependencia e asumir o financiamento do 50% do custo dos servizos e prestacións, garantindo un reparto equitativo dos recursos entre o Goberno de España e as comunidades autónomas.

2. Abonar de maneira inmediata a débeda acumulada con Galicia, que supera os 2.500 millóns de euros, permitindo así fortalecer o sistema de atención á dependencia na nosa Comunidade.



3. Incrementar os fondos destinados ás comunidades autónomas para a atención á dependencia, asegurando que todas as persoas con dereito a prestacións poidan acceder a elas sen demoras inxustificadas.

4. Establecer un plan de financiamento estable e plurianual, que permita ás comunidades autónomas planificar e mellorar os servizos de dependencia con previsibilidade e seguridade orzamentaria.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da moción polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar, no prazo de 6 meses, o plan estratéxico previsto no artigo 45 da Lei de servizos sociais; así como aplicar, de inmediato, as medidas que promove o Real Decreto 893/2024, do 10 de setembro.

2. No inmediato, incrementar a achega orzamentaria da Xunta ao financiamento do SAF até os 17 euros a hora con carácter retroactivo, isto é, desde o 1 de xaneiro de 2025 para aumentar progresivamente esa contía até alcanzar os 20 euros a hora en 2027.

3. Introducir as mudanzas que sexan necesarias no método de cálculo do prezo/hora actualmente en vigor para que permita a cobertura dos custes laborais do persoal administrativo e do traballo social necesarios para o correcto funcionamento do servizo de axuda no fogar.

4. Modificar as rateos que fixan o persoal técnico mínimo exixible ás empresas prestadoras deste servizo reducindo o número de persoas usuarias por cada técnica/o co obxectivo de garantir unha mellor prestación do mesmo.

5. Facer valer a posición da Xunta de Galiza en tanto que autoridade laboral e administración competente en materia de dereitos sociais na negociación do Convenio colectivo do SAF para promover unhas condicións laborais e salariais dignas e seguras para as traballadoras do SAF. Neste senso, a Xunta de Galiza deberá convocar unha reunión ao máis alto nivel coas patronais do sector e a representación sindical das traballadoras.»)

O PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Traemos hoxe esta moción, que parte da interpelación que fixeramos sobre o servizo de axuda no fogar. Quixera empezar polo final, e o final é que hai 6.572 persoas mortas que estaban esperando o servizo de axuda no fogar desde o ano 2017 ao ano 2024. Ese é o balance que temos durante eses sete anos do que é a axuda á dependencia. Moitas delas moi posiblemente entrarían ao sistema da dependencia precisamente polo servizo de axuda no fogar,



porque é o servizo máis demandado e seguramente é o previo a outros tipos de servizos que veñen máis adiante. Pero esa é a realidade: 6.571 persoas que morreron esperando un dereito que lles era propio. E dicía que isto é boa parte do SAF.

Sobre o SAF —o servizo de axuda no fogar— faciamos hai pouco unha rolda de prensa con varias concelleiras e algunha alcaldesa onde viñan falar precisamente dese «estoupar» que ten o servizo de axuda no fogar. Un dos servizos —insisto— estrela da dependencia e o máis demandado. Viñan dicir o que precisamente é algo que repetimos aquí xa máis dunha vez: que os concellos non poden máis, que están ateigados e que, por conseguinte, o propio sistema que adoptou a Xunta de Galicia en torno á Lei da dependencia facía auga por todas as partes. Vou facer unha relación.

Primeiro, a relación non fluída que existe entre a comunidade autónoma e os concellos. Segundo, a falla de dirección estratéxica na Consellería de Benestar, que en dezaseis anos e con tres conselleiras e conselleiro non foron capaces de organizar minimamente esta situación. Os modelos arbitrarios e sen coordinar das residencias para maiores. A distorsión completa —insisto— do SAF, tanto na súa estrutura como no eido dos dereitos das traballadoras das empresas que contratan coa Administración. Os casos de emerxencia sobrevida; algún día traeremos falar aquí estes casos de emerxencia que sobreveñen os dependentes, que teñen que agardar, en moitos casos, ata tres meses no sistema sanitario ingresados nun hospital, porque non se lles atopa unha solución. Non se atopan residencias e non se atopa ninguén, nin sequera un SAF que poida coidalos nas súas casas. É o sistema sanitario quen está a soportar estas emerxencias que se producen a través do servizo de axuda no fogar e a través da Lei de dependencia. A falta do modelo residencial. Levamos meses pedindo que se defina cal é o modelo de residencias que ten a Xunta de Galicia. Os bonos coidado, que apenas con cincocentos euros serven para facer unha especie de branqueamento do que é a axuda á dependencia, cando realmente están aforrando con cada bono coidado unha media de 1.500 euros.

Así que esta moción deriva da insistencia de darlle unha solución a un problema que non por anunciado e repetido deixa de existir. Unha moción que non é nova, nin moito menos, e que tememos que imos repetila máis veces, porque a obriga de planificar os servizos sociais en Galicia e de aplicar a normativa estatal que mellore dereitos e condicións do sector é da Xunta de Galicia.

Non é unha petición política —xa o dixemos aquí varias veces—; é un deber legal. Volto a repetir por enésima vez: o artigo 45 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, establece con meridiana claridade que a Xunta debe elaborar un plan estratéxico de servizos sociais que defina os obxectivos, as prioridades e os recursos necesarios do sistema galego. Non di «poderá»; di claramente «deberá», e ese «deberá» leva dezaseis anos agardando sen ser cumprido. Un plan estratéxico que debía ser, segundo a propia lei, o instrumento básico de planificación e coordinación de todo o sistema público galego de servizos sociais, integrado pola Xunta, as deputacións e os concellos. Un plan que debería actualizarse periodicamente e que, no entanto, nunca chegou a existir.

Todo este camiño, que agora se intenta levar a cabo coa Fegamp, como se estivésemos inventando a pólvora, deriva da non existencia dun plan estratéxico. E vou a poñer un exemplo.



Nunha das reunións da Comisión 5ª, falando precisamente sobre o envellecemento da poboación e que tiñan pensado facer vostedes desde a Consellería de Benestar, desde a Xunta de Galicia... Porque, no día de hoxe, o dato é revelador: 720.000 galegos teñen máis de 65 anos. Bueno, pois a resposta da persoa que estaba na Comisión, da secretaria xeral da Consellería e Dependencia foi: «non hai problema, que aquí as xubilacións agora van máis alá dos 65 e ata chegan ata os 70 anos». Claro, cando un escoita este tipo de comentarios dunha secretaria xeral técnica, sabe que ese é o sentir da Consellería. É dicir, temos encima o aviso dun potencial de 720.000 persoas; que, se a sanidade evoluciona e se a saúde nos acompaña, esperemos que todas cheguen ao maior rango de idade posible. Pero é un potencial que está encima da mesa; nunca houbo tantas persoas que poidan entrar no sistema de dependencia e, polo tanto, ser, como moitos outros, solicitantes dun SAF. Bueno, pois se a resposta é que imos traballar ata os 70 anos e non somos capaces de pensar que con ese dato enriba da mesa a política que hai que facer é unha planificación, pois di todo sobre o que está a acontecer nesta consellaría.

E somos, ademais, por enriba de todo isto, a comunidade que menos informados ten os usuarios da súa posibilidade de ser persoas que entren ao sistema da dependencia: está informada menos do trinta por cento da poboación susceptible de ser usuario de dependencia; ou non a coñece ou non a solicita. É dicir, o sistema nalgunha medida estanos axudando, pero a realidade é que no día de hoxe máis de 700.000 persoas teñen máis de 65 anos e de aquí a 20 anos os sistema ten que ter unha planificación.

Así que non estamos pedindo algo novo; o que pedimos é simplemente cumprir a lei. Por iso, reclamamos que no prazo máximo de seis meses a Xunta elabore e aprobe un plan estratéxico, previsto no artigo 45 da Lei de servizos sociais. E que o faga coa participación real, non decorativa, das entidades sociais, dos colexios profesionais, dos concellos e das persoas usuarias, porque o sistema non pode seguir sen estar deseñado.

E dicir «deseñado» é dicir unha ilusión, porque a verdade é que non deseñaron absolutamente nada dende o 2009 cos dirixentes de asuntos sociais. Nunca se deseñou ningún plan. O único que coñecemos, que xa o felicitei aquí algunha vez máis, é todo o que teñen con respecto á ELA, pero isto é unha persoa que dentro da Consellería levou ese encomenda e o fixo ata o final. Ata o de agora, nada da Consellería de Servizos Sociais ten un plan estratéxico que poida levarnos a un futuro esperanzador.

E ademais, tamén é cumprimento normativo e de xustiza social, porque hai un real decreto, o 893/2024, do 10 de setembro, aprobado polo Goberno de España, que supón un avance real na modernización e profesionalización dos servizos sociais. Establece medidas de coordinación interadministrativa, impulsa a dixitalización do sistema, define estándares de calidade e, sobre todo, mellora as condicións laborais das persoas traballadoras que prestan atención directa. Pois ben, ese decreto xa está en vigor, pero a Xunta de Galicia segue sen adaptalo nin aplicalo. Mentres outras comunidades xa deron os primeiros pasos, aquí seguimos co «xa veremos», o «estamos estudando» e o «hai que analízalo». Así que hai milleiros de persoas dependentes agardando por unha prestación e milleiros de traballadoras do servizo de axuda no fogar que seguen nunha situación de precariedade inxusta e vergonzosa.



Por iso tamén pedimos ou exiximos —ou o verbo que queiran— que, antes de que remate o actual período de sesións, a Xunta presente e resolva un plan de actuación que dea resposta á prestación de servizos e á concesión dos dereitos, tanto das persoas traballadoras como das usuarias do servizo de axuda no fogar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Eu, con todo o cariño á señora Longueira, vou negar a maior. Non é un problema de planificación, este non é un debate de xestión; o que está acontecendo cos servizos sociais e cos dereitos sociais das galegas e dos galegos —cos servizos públicos, co coidado, coa atención á dependencia— é unha cuestión ideolóxica. É unha cuestión ideolóxica. O PP non cre nos coidados como dereito; nin tampouco, en consecuencia, no dereito, neste caso, a unha vellez digna, a unha vida digna, independentemente da situación na que nos atopemos cadaquén, como un dereito fundamental, que deba prestarse a través da rede de servizos públicos. Non planifica porque non quere fortalecer o sistema público de coidados; non quere que exista. O que está facendo é todo o contrario: está dinamitando, está acabando con el.

Eu creo que unha das súas máximas expresións é precisamente a situación na que se atopa ao servizo de axuda no fogar. E vou usar este exemplo, precisamente desa cuestión que poñemos enriba da mesa dende o BNG. Aquí hai unha intención claramente política e ideolóxica por parte do PP de converter o dereito a unha vida digna, a unha vellez digna, nun negocio e, para iso, ir dinamitando aos poucos —ou o máis rápido que poidan— os servizos públicos.

Temos un SAF asfixiado economicamente. Fálase moito de que hoxe se paga por debaixo do que custa prestar a hora de SAF. Está en torno aos 23 euros de media. Hai concellos que están licitando agora o servizo a 28 euros, pero estase pagando por parte do Goberno da Xunta, con fondos propios máis a transferencia pírrica que fai o Goberno español, a 12 euros a hora. Pero é que entre o 2009 e o 2021 o Partido Popular mantívoo en 9,7 euros a hora conxelado durante 12 anos. Claro, ¿cal é a situación na que se atopa a maior parte do SAF en Galiza?

Levan anos, polo tanto, asfixiando os concellos, obrigándoos a ter que soportar un custo na prestación do servizo que non lles corresponde. Porque, igual que todo o sistema de atención á dependencia ten que estar financiado ao cincuenta por cento pola Xunta e polo Estado, isto o único que fai é precarizar as condicións: unha, do servizo que reciben as persoas usuarias e, en segundo lugar, precarizando as condicións laborais das traballadoras, como temos denunciado desde o BNG aquí tantas veces, cun convenio colectivo caducado desde hai máis dunha década.



Os concellos, polo tanto, levan anos non reclamando, pedindo ou demandando unha axuda, senón que se cumpra co que corresponde, co que fixa a lei no sistema de financiamento da dependencia; e en segundo lugar, tamén que se dote as propias arcas municipais dos recursos económicos suficientes para poder prestar o servizo que merecen as galegas e os galegos e, sobre todo, coa máxima calidade posible. Hoxe pola mañá alguén dicía que non se pode gobernar sen orzamento. *Aplícate el cuento*, que dirán os 313 concellos deste país.

¿E que fai o Partido Popular? Botarlles unha man ao pescozo aos concellos deste país, non dotando con máis recursos o financiamento do SAF, como temos defendido e volvemos hoxe na nosa emenda defender dende o BNG: elevando no inmediato e con carácter retroactivo a 17 euros a hora e cun horizonte a 2027 de 20 euros a hora. Non, non dota os concellos de máis recursos; o que fai o Partido Popular é recortar o orzamento que estaba previsto nos orzamentos de 2025 para o servizo de axuda no fogar. Dezasete millóns de euros recortados en dous meses —¡en dous meses!—. Dezasete millóns de euros que lle recortan ao orzamento do servizo de axuda no fogar e que derivan a axudas absolutamente asistencialistas que non garanten dereitos.

Iso non é unha cuestión de planificación ou de xestión. Esa é unha decisión política e unha decisión ideolóxica de ir recortándolle ao servizo público para ir precarizando a atención e o coidado ás persoas dependentes.

E as consecuencias están á vista. Hai escasos días saía publicado, como todos os meses, o informe do Servizo de Atención á Dependencia. Se collen os datos do Imsero, entre xaneiro de 2025 e setembro do 2025, en nove meses, o servizo de axuda no fogar en Galiza perdeu 3.000 usuarias e usuarios —máis de 3.400, para ser exactos—. Non é nin o preferido, nin é nin sequera o principal servizo de atención ás persoas dependentes hoxe en Galiza. Está por detrás das prestacións económicas vinculadas á adquisición de servizo, á privatización, e por detrás dese denominado «bono coidado», antigamente coñecido como a prestación económica vinculada ao coidado no entorno familiar. Cando a Lei de dependencia, quero lembrar, considera extraordinarias esas axudas económicas. O prioritario era prestar un servizo público.

Isto non é unha cuestión de falta de planificación. Perder 3.500 usuarias e usuarios no servizo de axuda no fogar é a consecuencia directa do plan ideolóxico e político do Partido Popular de asfixiar con menos orzamento o servizo de axuda no fogar, facer recaer as súas competencias nos concellos e despois manter absolutamente soas as usuarias e os usuarios do servizo de axuda no fogar e tamén as súas traballadoras, que son as principais persoas, os nomes e apelidos, que hai detrás de todo isto. Sen orzamentos e sen medidas concretas, máis alá de pírricos anuncios que ademais nunca chegan a materializarse.

Nós aquí, desde o BNG, non sei as veces que trouxemos unha iniciativa a debate e a votación deste Pleno sobre a necesidade, a urxencia imperiosa dos concellos de que teña máis financiamento o servizo de axuda no fogar, para poder atender as persoas que teñen por lei recoñecido o dereito a esta prestación, e o Partido Popular votou absolutamente todas as veces en contra. Todas e cada unha das veces que a trouxemos, porque hai un interese —insisto— político en que o SAF vaia quebrando, caendo polo seu propio peso e que a xente se vaia aco-



llendo —aínda que sexa absolutamente precario e insuficiente e non responda ao deseño dun servizo público e dun dereito fundamental, como é a atención ás persoas dependentes— a axudas que chegan a 400 euros. Dicía 500 euros a señora Longueira; non, non, son 400 euros o que che pagan por coidar unha persoa do teu contorno no seu domicilio. E están os datos do Imsero para quen o queira comprobar.

E logo deixar aos pés dos cabalos as traballadoras. Doce mil mulleres, porque son na súa práctica totalidade traballadoras, que sosteñen co seu lombo e co seu corpo o servizo de axuda no fogar. Que están cun convenio colectivo caducado, coas costas viradas do Goberno que tiña que representar e defender os seus intereses e que as deixa absolutamente soas. Onte, ademais —foi onte o Consello da Xunta—, levámonos a sorpresa de que o presidente da Xunta de Galiza —órgano que non moveu un dedo para dotalas dun protocolo de seguridade diante das situacións de acoso, de violencia e de discriminación que sofren, que acabou coa vida de Teresa de Jesús— sacaba e anunciaba supostamente un protocolo que ninguén viu de momento —nin os concellos, nin tampouco este Parlamento— e, para sorpresa —tamén o hei de dicir— de ninguén, o único que nos trae unha vez máis é fume e propaganda. Nin orzamento previsto para poder implementalo, nin medidas concretas máis alá da autoprotección das propias mulleres: manter o teléfono acendido, adquirir habilidades en materia de prevención da violencia, habilidades comunicativas na resolución de conflitos e rexistrar os incidentes. Os incidentes que sufrían casos de violencia, de agresión mesmo sexual e de discriminación as traballadoras do SAF xa os estaban rexistrando, xa se estaban poñendo en coñecemento, como no caso de Teresa de Jesús, das empresas, dos concellos e dos propios servizos de inspección da Xunta de Galiza. Eu teño aí a resposta do Servizo de Inspección a un caso que non era o de Teresa de Jesús, pero si estaba vinculado ao SAF do concello do Porriño, onde é o propio Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia quen, a pesar das denuncias das traballadoras, manda esas mulleres traballar outro día máis a ese domicilio.

Francamente, se se quere poñer medidas para garantir o sostemento do SAF e a protección das mulleres que sosteñen ese servizo o que fan falta son recursos económicos para poder garantir a súa protección e, sobre todo, condicións de traballo dignas. Aí vai a nosa emenda, nese sentido de fortalecer e de dotar con 20 euros a hora no horizonte de 2027 o financiamento do servizo de axuda no fogar; e, sobre todo, volver dimensionar e deseñar un servizo esencial para o coidado das persoas no seu domicilio adaptándoo á realidade do ano 2025. Seguir cunha orde do ano 2009, cando a realidade deste país, vinte anos máis tarde, é absolutamente diferente é, de verdade, iso: un proxecto ideolóxico para acabar con el.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.



Señora Longueira, acepto o reto. Falemos de como mellorar a vida das dependentes e dos dependentes en Galicia.

E, señora Rodil, acepto tamén o seu. Falemos de como inflúe a ideoloxía no tratamento da dependencia en Galicia. Por exemplo, falemos de que Galicia foi a primeira comunidade hai xa tres anos en ter unha axuda directa para os enfermos da ELA e onte mesmo o presidente anunciaba ademais que haberá exención fiscal para estas axudas. Mentres, no Goberno en Madrid —ese Goberno, segundo vostedes, tan social— resulta que hai un ano que se aprobou a Lei da ELA e aínda non se recibiu nin unha soa axuda. Pero non é que non se recibise, o que pasa é que non hai ningún orzamento aínda destinado, non hai elaborada ningunha orde de axudas e levan cinco peticións para que os reciba a ministra e aínda non os recibiu. Ese é Sánchez. Sánchez, que abandona os enfermos da ELA sen que o BNG diga nin unha soa palabra. ¡Tan feros en Galicia e tan mansos en Madrid! (*Aplausos.*)

E Sánchez, co apoio do BNG, é tamén —si, señores— o culpable de que os dependentes e as persoas con discapacidade en Galicia non teñan os servizos e as prestacións que por lei lles corresponden; non por ideoloxía, por lei, unha lei estatal que o Goberno do Estado non está a cumprir. ¡Déixense de cinismo! ¡Deixen a hipocrísia! Mírenlles á cara aos maiores, mírenlles a cara aos dependentes e ás persoas con discapacidade e díganlles o que de verdade está pasando aquí en Galicia, onde o Estado nos debe 2.500 millóns que estarían destinados a prazas de residencia, que estarían destinados a prazas de centros de día, a horas de SAF e tamén a horas de teleasistencia. Díganlles a todas esas persoas que o Estado lle paga ao País Vasco o 50 cincuenta da Lei de dependencia e a Galicia só o 35, e baixando. Díganlles ás persoas con discapacidade de Galicia, mirándoas aos ollos, que vostedes veñen de recorrer un protocolo que facía que se avanzase na valoración da dependencia e da discapacidade o dobre que se estaba facendo ata o de agora e que nos converteu en primeiros en España en canto ao número de valoracións. E vostedes, por iso, porque nos ía ben, vano recorrer e vai afectar 9.000 persoas con discapacidade en Galicia, unha media de 1.000 cada mes. (*Aplausos.*) Iso son vostedes, esa é a súa ideoloxía. Señora Rodil, non se oíu o BNG dicir nada disto. (*Aplausos.*)

Porque, mire, o que está pasando é que ao Bloque e ao PSOE lles parece que canto peor lle vaia a Galicia, mellor, e vostedes non queren que a nós nos vaia mellor. Pero, a pesar de todo, a pesar da inquina que Sánchez nos ten aos galegos e a pesar da deslealdade do Bloque Nacionalista Galego con Galicia, Galicia é a segunda comunidade na que máis se reduciu a lista de agarda de dependencia no último semestre: exactamente un 38 por cento respecto ao mesmo período do ano pasado. E, tal e como recoñece o propio Goberno —o Goberno de Madrid, non o Goberno de Rueda—, somos a segunda comunidade na que máis soben os beneficiarios, ata chegar a 98.000, e atendemos ao 98 por cento dos que teñen recoñecida a súa dependencia.

Señorías, ese bono coidado, ese do que vostedes tanto se rin, pois é o preferido polos dependentes en Galicia: 33.000 persoas xa. Señora Rodil, cada un ten dereito a elixir o que quere, ten dereito a elixir como pasar e onde pasar esa etapa da súa vida. Nós cremos na liberdade desas persoas e en darlles aos medios para que libremente elixan como e onde queren pasar esa etapa. Esa é a ideoloxía do Partido Popular. (*Aplausos.*) ¿Cal é a de vostedes? ¿Cal é a de vostedes? (*Aplausos.*)



Miren, non é certo que se recortasen cartos do servizo de axuda no fogar. (*Murmurios.*) Díganme un caso onde un alcalde pedise cartos para o servizo de axuda no fogar, unha hora, e se lle denegase. Dígamo. ¡Non se denegou nin unha soa hora pedida por ninguén para o servizo de axuda no fogar! Por tanto, a Xunta de Galicia non reduciu nin un euro do servizo de axuda no fogar. (*Protestas.*) O que fixo foi utilizar todos os cartos para outros servizos cando non estaban neste servizo de axuda no fogar. Pero non hai ninguén —ningunha persoa, ningún concello— que solicitase unha hora e que a Xunta a ese concello non lla concedese. Por favor, deixen xa de mentir.

E se é imprescindible a atención aos maiores, por suposto que é imprescindible a atención a quen coida eses maiores. E a min paréceme increíble que hoxe non nos esteamos aquí felicitando por un protocolo que onte anunciaba o presidente e que tantas veces se reclamou aquí. Un protocolo que se fixo tendo en conta e escoitando o sector, tendo en conta que é un sector fundamentalmente feminino e tendo en conta as condicións do rural. Un protocolo que fixo o Issga en colaboración coa Consellería de Política Social e coas propias traballadoras, a petición da Fegamp, nesa mesa que efectivamente se puxo en marcha despois do falecemento Teresa de Jesús no Porriño. (*Aplausos.*) É a Fegamp, esa mesa na que está a Fegamp, a Xunta e os sindicatos, quen por unanimidade lle pide ao Goberno galego que faga o protocolo. O Goberno galego fai o protocolo e o presidente dixo que vai traballar cos concellos para que ese protocolo se poña en marcha. Porque, señorías, foron o Bloque e o Partido Socialista os que decidiron que o SAF fose competencia dos concellos. E a Xunta vai falar cos concellos e a traballar con eles para que se poña en marcha. Pero non, a señora Rodil quere que sexamos o Parlamento, igual que quere que sexamos no Parlamento os que lle digamos aos concellos canto lles imos dar para o servizo de axuda no fogar, cando o que están facendo neste momento é negociar na Fegamp os concellos e a propia Xunta ese custo que lles van dar por hora.

Señora Rodil e señora Longueira, en vez de falar tanto aquí, exixan en Madrid que se cumpra o que manda a lei. Exixan en Madrid que se pague o 50 por cento da Lei de dependencia, que nos dean os 2.500 millóns de euros, que se incrementen os fondos destinados ás comunidades para a atención á dependencia. Porque, mentres todo isto non se cumpra, os únicos responsables de que os dependentes galegos non teñan acceso a todos os servizos e prestacións que lles corresponden é o Goberno de Sánchez, co apoio do Bloque Nacionalista Galego; (*Aplausos.*) un Bloque Nacionalista Galego que prefire facer fotos vergoñentas con exetarras antes que exixirlle a Sánchez que lles dea aos dependentes galegos o que por lei lles corresponde. (*Aplausos.*) Señorías, cada día demostrase que o BNG é moi útil para Pedro Sánchez e absolutamente inútil para as galegas e aos galegos. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto. (*O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*) Grazas.

Grupo autor da moción. Señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Señora Arias, hai unha cousa que di: «non pode ser e ademais é imposible». E a min é o que me pasa cando veño aquí falar deste tema. Eu procuro sempre



ir a unha cuestión máis ou menos seria e de fundamento, e despois aquí o que vimos facer é o que di Chomsky: «imos crear un problema, que despois xa daremos a solución». (*Aplausos.*) Entón... Si, Chomsky, recoméndollo. É unha das técnicas de manipulación, de distracción... Xa sabe que a min non me gusta cualificar —xa lle dixen que na miña casa me educaron ben—, pero chámase así: manipulación da sociedade. E esa é unha das técnicas que se usa: crear un problema e despois dar a solución; solución que vostedes nunca dan.

O único que veño pedir aquí é que se faga un plan estratéxico. Eu podería dicir moi ben, como di a señora Rodil, que isto é unha cuestión política, evidentemente. Pero eu prefiro arranxar o sistema desde dentro. Vostede sabe que os sistemas poden inclosionar desde dentro ou petardealos desde fóra. Eu creo no sistema, porque, se non crese no sistema, non crearía na propia Lei de dependencia, que a fixo o Partido Socialista. Entón, como creo nesta Lei de dependencia... Si, eses cartos; pero, mire, isto é como darlle cartos a un fillo que gasta todo na rúa sen saber onde se compran as gominolas e os chicles. É o que vostedes fan. Vostedes teñen os cartos, pero despois... Por certo, reduciron a súa aportación en 400.000 euros deste ano 2025 con respecto ao 2024 mentres que o Goberno a mantivo, e iso está nos orzamentos da Xunta de Galicia. Eu non son nada dada a facer a *performance* das fotocopias que fan aquí, pero se quere pásolle despois o apunte para que vostede o vexa clariñamente. Xa sabe que o reduciron, xa sabe que foi así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dá igual, isto é un trilerismo, é facer o que se queira con xogos de diñeiro.

Todo o que vostede me di aquí de se eu non teño vergoña de mirarlles á cara á xente... ¿E vostedes non? ¿Vostedes non teñen vergonza de mirar ás familias das 3.571 persoas que morreron esperando a dependencia? ¿Teñen vostedes a vergoña de mirarlles á cara? (*Aplausos.*) ¿3.571 persoas? Entón, ¡mírenos a eles! (*Aplausos.*) Mírenos a eles, porque morreron sen axuda no fogar cando lles competía tela xa na súa casa. (*Aplausos.*) E fala vostede dos cartos. ¿Non ten vergonza de rexeitar 4.000 millóns de débeda? ¿Non ten vergonza de rexeitar 582 millóns que se poden obter a través dos impostos ás grandes fortunas? ¿Non ten vergonza do rexeitar 23 millóns de fondos europeos para as escolas infantís? ¿Que me está contando? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, *madre de Dios*, si; *madre de Dios*. Todo iso rexéitano vostedes, ¡todo iso rexéitano vostedes! (*Murmurios.*) ¿O señor Pazos tamén entra aquí?

O PRESIDENTE: Silencio.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ¡Home, facéndolle competencia á súa compañeira!, (*O deputado José Alberto Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡facéndolle competencia á compañeira!, ¡facéndolle competencia á compañeira, señor Pazos! Non, señor Pazos, está facendo competencia.

O PRESIDENTE: Señor Pazos, non está vostede no uso da palabra.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Mire para o seu presidente, mire para o seu presidente. Ten vostede a mesma manía que a súa compañeira..., (*Murmurios.*)

O PRESIDENTE: Non, tranquilidade. Un pouco de tranquilidade, por favor, todos.



SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ...ten vostede o mesmo costume.

O PRESIDENTE: Señor Pazos, non está vostede no uso da palabra, jeh!

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: O señor Pazos non debeu ir a ningún colexio, supoño. *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Tranquilos. *(O deputado José Alberto Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Non sei. Pero o mesmo que fai a súa compañeira...

O PRESIDENTE: Señor Pazos, fágame caso.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: O mesmo que a súa compañeira. Cando non lles gusta o que hai, levantan a voz, para ver se nos calan. ¡Non, señor Pazos, non! 4.000 millóns de débeda, 4.000 millóns de débeda. *(Aplausos.)* Si, 572 de impostos de grandes fortunas e 23 millóns de escolas infantís.

O PRESIDENTE: Tranquilo.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Entón, todo iso vostedes rexeitano, pero despois...

O PRESIDENTE: Señor portavoz, míreme, por favor, míreme. Tranquilo. *(O deputado José Alberto Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Está ela no uso da palabra. *(Murmurios.)* Imos pedir respecto para todos, por favor, ¿vale?

Ben, pois entón, remate, por favor.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Todo isto, cando vostedes din que pidamos en Madrid os cartos. Claro que os pedimos, pero, mire, todo o que vostede me trae aquí é unha cuestión de *dame más dinero Pepe, dame más dinero Pepe, que ya lo gastaré en lo que quiera*. Si, e despois fan o trileirismo de, en pleno mes de agosto, pasar as partidas dun ano a outro.

Por certo, mire, eu non sei se vostede coidou algún dependente. Eu si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois eu tamén. *(Murmurios.)* Ben, non sei se todos, non sei se todos. Eu tiven unha axuda para coidar un dependente. E asegúrolle que os case 500 euros —460— non me chegarían a nada. Nin se me ocorrería, nin se me ocorrería.

O PRESIDENTE: Grazas.

Mire, ¿sobre as emendas?

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Aceptaremos a do Bloque, pero non a do Partido Popular. *(Aplausos.)*



O PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa segunda moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, sobre a eficacia do modelo educativo que impulsa a Xunta de Galicia para cumprir os obxectivos da normalización lingüística

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Queixas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Esta moción que imos defender agora dende o Bloque Nacionalista Galego está motivada pola interpelación que lle fixemos ao conselleiro de Lingua no último pleno. Sempre é necesario contextualizar o debate previo, e entendemos que hoxe máis, con este salto temporal inusitado que tivemos na convocatoria desta sesión plenaria. Por iso, comezamos lembrando dúas ideas que tiramos da intervención do conselleiro de Lingua.

A primeira é que o Partido Popular acepta o fracaso da súa política lingüística, responsábel, en boa medida, de colocar o galego no peor momento da súa historia, tanto a respecto do coñecemento como do uso social.

E a segunda idea é que o Partido Popular se nega a mudar esta acción política e a implementar medidas que axuden a poñer en marcha un novo proxecto que conduza a reverter a emerxencia lingüística que diagnosticou perfectamente con datos un organismo oficial da Xunta como é o Instituto Galego de Estatística.

Dúas ideas distintas e unha conclusión verdadeira: o Partido Popular renega do seu programa electoral, traizoa a confianza que os galegos e galegas depositaron nel e renuncia a activar unha acción de goberno a favor do galego, que pense o futuro do galego en grande e que co-loque, sobre todo, os dereitos lingüísticos dos galegos e das galegas por diante dos prexuízos e do autoodio que sempre caracteriza a política lingüística do Partido Popular.

Nas dúas quendas de intervención, o conselleiro de Lingua só atopou tempo para facer oposición ao Bloque Nacionalista Galego, para citar datos que ninguén coñece —só el—, para ignorar datos oficiais que si que son públicos e que todo o mundo coñece e para descualificar a sociedade galega que libremente exerce o seu dereito a manifestarse e a dicir alto e claro, sen complexos, que lle quere ao galego e que quere un goberno que traballe a favor do galego. E tamén atopou tempo para gabarse de ser o Partido Popular o impulsor da lexislación lingüística e da normativa que temos actualmente, cando é ese Partido Popular o primeiro in-submisgo ao cumprimento desa Lei, o primeiro que incumpre deliberadamente esa Lei pola súa ideoloxía lingüística.



Como digo, o conselleiro atopou tempo para falar de todo menos do que se lle preguntaba. E, por suposto, non atopou nin un minuto para podernos achegar unha proposta, unha acción, para apoiar e reforzar a aprendizaxe do galego na escola, que é algo que se lle está a reclamar continuamente dende hai moito tempo, dende o ámbito social e tamén dende o ámbito institucional e académico.

O conselleiro de Lingua conformouse con demostrar que foi nomeado polo presidente Rueda, o presidente máis antigalego da historia do país, para evitar que o galego avance. É un conselleiro teledirixido baixo as ordes de Rueda, á súa vez sometido aos intereses partidarios e ás ambicións madrileñas do señor Feijóo, pero case o máis doloroso é que é un conselleiro totalmente insensíbel coa realidade da lingua, un conselleiro de Lingua insensíbel á realidade sociolingüística do galego.

Porque a pregunta é: ¿que está a suceder agora mesmo nas escolas do noso país, apenas un mes despois de comezar este novo curso escolar? Pois sucede que un neno ou unha nena galegofalante que acabe de entrar na escola xa comezou a perder a súa lingua inicial. Sucedec tamén que un neno ou unha nena castelanfalante apenas ten oportunidade de aprender e de se expresar en galego na súa escola. Isto é visto por moitísimas familias, asisten a esta situación con preocupación, con impotencia, ante un feito que é totalmente obxectivo, que é que a escola galega desgaleguiza. E incluso agora —como xa demostraron as últimas investigacións da Academia Galega— xa desgaleguiza dende a etapa da Educación Infantil, esa etapa que é tan determinante para a adquisición das linguas.

E, se isto sucede co alumnado galego, independentemente da lingua que falen, ¿que sucede co alumnado que non é galego, que sucede coa poboación inmigrante? Que, hoxe, esta mesma mañá, boa parte del estivo incomunicado; iso quere dicir, discriminado e excluído na súa aula porque non se pode desenvolver no seu centro o que di a regulamentación, o que di a lexislación: os grupos de adquisición de linguas e os programas de acollemento lingüístico. ¿Por que? Porque o Partido Popular volveu recortar nos recursos docentes, volveu recortar no número de profesorado nos centros educativos, o cal impide que este tipo de programas se poida poñer en marcha.

É certo que tamén nestes días en que nos centros se están facendo as avaliacións iniciais, seguramente se pode ver que o alumnado pode aprobar a materia de Lingua, incluso con moi boa nota; mais iso non implica —de feito, así se verifica cada vez máis— que asuma as destrezas lingüísticas e que consiga unha competencia lingüística necesaria para expresarse en galego. Así o dixo o Instituto Galego de Estatística: 1 de cada 3 menores de 14 anos non é quen de desenvolverse, porque apenas coñece nada ou case nada, desde a perspectiva competencial do galego. Porque non imos confundir —e, por suposto, non é este o momento de explicalo— o que significa avaliar contidos e avaliar competencia lingüística. Seguro que alguén llo terá que explicar ao conselleiro de Lingua, porque o outro día a súa intervención neste sentido foi dunha ignorancia bastante supina.

Consecuentemente, tamén temos unha nova conclusión dun dos últimos estudos do Consello da Cultura Galega. Volvo reiteralo, aínda que tamén o conselleiro de Lingua optou por negalo —debe ser que non lle deu tempo aínda a lelo na súa totalidade—, e é que o galego é a única



lingua de todo o Estado que segue a perder falantes, porque, como dixen na interpelación, está absolutamente tocada na súa principal liña de flotación, que é a transmisión interxeracional e a aprendizaxe dende a escola.

E, mentres tanto, ¿que fai o PP? Negar todo isto, negar a evidencia científica e negar a emerxencia lingüística. Que son precisas medidas urxentes xa ninguén o nega no noso país; que se poden tomar medidas xa desde o propio Plan xeral de normalización da lingua galega é algo que todo o mundo sabe e pide. Eu mesma puxen aquí varios exemplos de medidas do Plan xeral que se poden poñer en marcha inmediatamente. O conselleiro decidiu ignoralas por completo.

Sen embargo, isto non quere dicir que o Goberno non teña tomado decisións. Anunciei xa algunhas na interpelación e hoxe tamén quero deixar constancia dunha medida que tomou o Goberno do Partido Popular e que xa está anunciada no *DOG*, e é volver excluír o galego das aulas, concretamente a través dese programa que se chama Plurininfantil. ¿Que ben soa verdade? Plurininfantil. Que mágoa que, de novo, o prefixo «pluri» o Partido Popular o empregue para excluír o galego da Educación Infantil, porque o que se está incentivando con esa proposta que se lle lanza aos centros de Educación Infantil é que se oferte en inglés un terzo do horario lectivo. Esa é a proposta que fai o Partido Popular. Que mágoa que se esqueza —insisto— do prefixo «pluri» e que tamén propoña iso para o caso do galego. Por certo, unha medida totalmente cuestionada dende o ámbito da psicoloxía educativa e da pedagogía.

En definitiva, a pregunta que fai a sociedade é: ¿para que aprender o galego e desde o galego na escola, señorías do Partido Popular?, ¿para que? Se para o Partido Popular o galego é unha lingua de andar pola casa? Con todo, desde o BNG vimos aquí sempre cunha actitude propositiva, porque acreditamos no futuro a mellor para a lingua, porque somos conscientes de que iso é o que nos pide a sociedade, a maioría da sociedade galega. E, sobre todo, porque esa é a responsabilidade que asumimos como goberno alternativo.

E, hoxe, con esta moción, o que propoñemos os grupos parlamentarios desta Cámara é instar a Xunta a pór en marcha dúas accións para comezar a reverter a emerxencia lingüística, para frear a desgaleguización das xeracións máis novas dende a escola e, sobre todo, para empregar a cumprir dunha vez a Lei de normalización lingüística.

Por iso, a primeira medida é derrogar o actual mal chamado Decreto de plurilingüismo por outra normativa que garanta a aprendizaxe do galego como lingua vehicular, tal e como lle veñen demandando de forma reiterada dende o ámbito social, dende o ámbito institucional e académico.

E a segunda medida...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...é desenvolver as medidas prioritarias que están recollidas no Plan xeral para o sector do ensino.



Confiamos desde o BNG na responsabilidade dos grupos desta Cámara para apoiar co seu voto a favor a nosa proposta, para retomar o consenso a favor do idioma e ceder paso...

O PRESIDENTE: Grazas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...á esperanza doutro futuro mellor para a lingua galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.) Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Hai agora algo máis de dous anos, o 19 de setembro de 2023, o Partido Socialista, o noso portavoz, José Ramón Gómez Besteiro, defendía na Cámara dos Deputados en Madrid precisamente esa muda de regulamento, ese cambio de regulamento para que puidésemos empregar a lingua galega nas Cortes Xerais en Madrid. Tería sido unha oportunidade eu creo que magnífica para —incluso me van permitir— retomar a era Fraga, e facer unha aposta valente e decidida polo uso do idioma por parte do Partido Popular. Non foi así. Naquela ocasión, ese compañeiro de vostedes, o señor Sémper, dese xeito tan amable, pero con rotundidade —tamén é certo—, negou esa posibilidade de que outras linguas puidesen ser faladas no Parlamento.

Aínda que non contamos co voto do Partido Popular, saíu adiante igual a proposta, pero foi unha pena que non nos puxésemos dese lado, que vostedes non se puxesen dese lado, porque, moitas veces, as decisións de aproximación a unha materia —ás persoas, a unha relación, a moito tipo de cuestións— pasan precisamente por eses xestos que, se ben non nos van levar a que, de pronto, 20.000 persoas comecen a falar galego, si que nos sitúan, si que nos prestixian e si que nos dan visibilidade. Aquela foi unha oportunidade perdida. As outras oportunidades xa as coñecen vostedes: ese rexeitamento a que fagamos o mesmo —aínda que aquí, coa compracencia, evidentemente, coa bonhomía do señor Ferro, puxésemos unha pedra para que puidésemos atopar que o galego fose lingua cooficial en Europa, pero é verdade que despois xa se encargou o señor Núñez Feijóo de que en Europa as forzas conservadoras, máis alá da conservación, dixesen que non ao emprego de novas linguas oficiais. E eran xestos de aproximación, evidentemente; xestos que nos poñen en primeira liña, xestos que nos fan que teñamos unha propaganda do noso de xeito valioso e que nos poñen ao nivel doutras linguas e doutros estados.

Eses xestos non se fixeron, co cal nos queda —e nos vai quedar— todo isto, toda esta onda que vostedes emprenderon e á que nós —volvo dicir—, cun comportamento institucional, nos sumamos; aí estamos nas diferentes comisións que desde a Consellería de Cultura se



armaron para os novos empregos do galego, para un novo plan —non sabemos moi ben que vai ser—, para que se poida, a partir destas comisións, facer unha serie de aportacións e chegar a un consenso para empregar o galego antes de que morra, porque todo parece indicar, desde os informes do Consello da Cultura Galega —como aquí se dixo— ata os propios informes da Real Academia Galega, que imos costa abaixo e sen freos.

Eu vexo que non hai moito máis que pedir ao Partido Popular neste sentido, porque si que é verdade que, en relación con estas oportunidades que se especificaron aquí por parte do BNG coa institución do ensino, con diferentes aportacións dentro dos deseños curriculares, o galego tiña que estar xa, aínda que fose como xesto —xa non digo que fose unha cuestión fehaciente, pero como xesto por parte deste Goberno— implementado neses deseños curriculares e como a lingua vehicular que se procura que sexa na educación galega. Porque a verdade é que vai chegar un momento en que imos quedar reducidos a iso que tanto lles gusta a vostedes: un animal exótico e folclórico para as celebracións, ben sexa un ano Castelao —que está pasando ás veces sen pena nin gloria—, ben sexa unha festividade ou ben sexa o Apóstolo; ese tipo de cuestións onde un saca peito e di que ten unha lingua no seu propio Estado.

E aí imos. Entón, aínda estamos á espera desas comisións que nunca sabemos en que van acabar, pero, en calquera caso, tanto os orzamentos que vimos este ano para a política lingüística como o que acaban de falar aquí sobre todas esas implementacións que hai que facer no novo curso escolar, foron rexeitadas por vostedes, foron suplantadas. Eu non me atrevo a dicir que de xeito escuro e pola porta de atrás, pero, evidentemente, cunha intención moi concreta de non mover nada; de que nada cambie para que todo siga igual. Entón, isto a nós parécenos que non é un xogo limpo. Parécenos que non ten ningún sentido que sigamos defendendo e sigamos facendo comisións, moitas veces, como aquelas ás que estamos asistindo por parte do Partido Socialista que se convocan por parte de Política Lingüística, se despois non encontramos esa contrapartida, ben sexa a través do seu conselleiro de Educación, ben sexa a través de Política Lingüística. Entón non sabemos moi ben cal é o rumbo.

Espero que vostedes agora na súa intervención nos poidan dicir —por favor, que non sexa unha cuestión épica ou de traxicomedia, senón que sexa unha cuestión real e que teña unha xustificación— por que estamos asistindo a ese desmantelamento dentro da educación, porque se hai un prescriptor que poida facer polo galego máis que calquera son os rapaces no ensino, que son os que levan á súa casa a iniciativa, a curiosidade, e son os maiores prescriptores de todo aquilo que queiramos poñer en marcha. Entón, desaproveitar —xa nin por crer na educación pública ou deixar de crer niso— que os deseños curriculares e que os rapaces poidan ser os maiores prescriptores para enderezar o rumbo da lingua galega, ¡home!, eu creo que fala moito de por onde imos. Quero dicir, aí está o camiño que temos que seguir e que temos que implementar, porque son eles os que van levar esa maior divulgación e son eles os que van consumir cultura galega e son eles os que van estar aquí dentro de vinte anos tratando de facer o idioma máis grande. Pero, claro, voltamos ao mesmo; creamos un problema, como o que crearon no ano 2009 cando non existía tal problema, e agora imos cunha solución farragosa a ver se somos capaces de axeitalo.

Pola nosa parte, apoiamos esta proposta do Bloque Nacionalista, e esperemos que vostedes teñan algo novo que dicir ao respecto.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Ferro.

JOSÉ LUÍS FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Tratamos hoxe unha vez máis un tema que non é novo. É unha cuestión que xa temos debatido varias veces nesta Cámara, pero, por desgraza, volven vostedes co seu discurso de sempre; o discurso da confrontación, da imposición e da desconfianza permanente, tanto no sistema educativo galego como na sociedade galega.

Primeiro, non debemos esquecer que o Plan xeral de normalización da lingua galega está en vigor, e están a desenvolverse medidas concretas tamén no eido educativo. En segundo lugar, o Decreto 79/2010, tan cuestionado por vostedes, naceu precisamente para garantir un equilibrio real no uso do galego e do castelán no ensino, cumprindo coa Lei de normalización lingüística e co Estatuto de autonomía, e asegurando, ao mesmo tempo, que ningún alumno ou alumna quede atrás por cuestión de lingua, porque a verdadeira normalización non pode nacer da imposición, senón do respecto, da convivencia e do consenso. (*Aplausos.*)

O Decreto é unha norma que garante un equilibrio, un sistema plurilingüe que permite que as nosas nenas e nenos saian do ensino obrigatorio sabendo tanto galego como castelán e inglés. É importante lembrar que o Decreto establece claramente que o alumnado remata a súa etapa obrigatoria con plena competencia en galego e en castelán e tamén con opción de achegarse ao inglés e a outras linguas estranxeiras. Ese é o modelo que garante a igualdade de oportunidades e a apertura ao mundo, señorías.

Non compartimos tampouco o alarmismo co que falan de emerxencia lingüística. A lingua galega —xa o teño dito máis veces— ten retos, claro que si, pero o camiño non é criminalizar nin o alumnado, nin as familias, nin os docentes, o profesorado; o camiño é facer do galego unha lingua atractiva, útil, moderna, presente nos ámbitos tecnolóxicos, culturais e sociais. E, neste labor, nesta tarefa, a Xunta de Galicia leva anos investindo e apoiando a creación cultural e audiovisual en galego, facendo a súa presenza no mundo dixital e reforzando o uso na Administración e nos servizos públicos. A política lingüística do Partido Popular —permítanme que llelo diga— é seria, realista e eficaz. Mentres vostedes, señorías, pretenden levantar muros, nós levantamos unidade, unidade das dúas linguas; (*Aplausos.*) as dúas linguas son patrimonio de todos os galegos. O galego non se defende contra o castelán nin o castelán en contra do galego. Defendemos un modelo integrador no que ambas as linguas conviven e se fortalecen.

O decreto que vostedes piden derrogar foi avalado polos tribunais, está en plena vixencia e é a mellor ferramenta para garantir o equilibrio e o respecto da legalidade. Pretender derrogalo non é máis que un exercicio de nostalxia ideolóxica alieo á realidade social da actualidade da Galicia deste século XXI.



Miren, non están en posición de dar leccións. Rexeitaron participar nas comisións de traballo para renovar o Plan xeral de normalización, pero ese plan avanza, e o Pacto segue os prazos establecidos. O compromiso do Goberno galego é ter unha proposta de documento canto antes. A Comisión de Coordinación está avaliando as primeiras conclusións e traballa para poder presentalas o antes posible. A pesar diso, seguen tendo —como lles dixo aquí o conselleiro— a man tendida do Goberno galego para formar parte dese pacto; un pacto sen imposicións e sen liñas vermellas. Vostedes si que puxeron liñas vermellas e a que plantexan hoxe é a principal: derrogar o Decreto. Dixeron vostedes que se o Goberno galego non derroga o Decreto xa non teñen nada de que falar.

Señorías, por suposto que non é perfecto todo o que fai o Goberno nin foi perfecto o que fixeron vostedes cando gobernaron, e así llelo dixeron naquel momento alto e claro os galegos e as galegas. Pero, miren, a nosa lingua une e tende pontes entre as persoas, como todas as linguas, e aínda así —hoxe vou ser un pouco pesimista—, creo, humildemente e moi ao meu pesar —porque saben que son unha persoa de diálogo e de consenso—, que nunca nos imos poñer de acordo neste importante asunto. Non podemos, porque partimos de modelos lingüísticos contrapostos, totalmente equidistantes. Se nós falamos de cumprir a lei, vostedes falan dunha república libre e soberana; se nós avogamos pola liberdade, vostedes falan de imposición, se nós falamos de inclusión, vostedes, señorías, de exclusión; se falamos de equilibrio, vostedes de desequilibrio; se nós dicimos que si, vostedes van dicir que non; (*Aplausos.*) se dicimos plurilingüismo, vostedes monolingüismo; se dicimos convivencia entre dúas linguas, vostedes, confrontación.

Perdoen que llelo diga, señorías, pero son vostedes xente de extremos. O Goberno galego non impón, pero vostedes si. E, ¿saben cal é a postura máis normal? Dígollelo eu: a da Xunta de Galicia, que di: se o Decreto non é perfecto, que non o será, imos sentar e melloralo, sempre que non conleve ir contra os principios lingüísticos da maioría dos galegos, porque nós somos o partido maioritario nesta Cámara, somos o que sustenta o Goberno, e estamos aquí pola maioría dos galegos que comparten os nosos principios ideolóxicos tamén nesta cuestión e neste asunto, tamén nesta. (*Aplausos.*) Eu podo chegar a entender que non queiran un pacto co Partido Popular, pero, ao mellor, tiñan que buscar un pacto cos galegos, Pero, ben, iso xa é a cuestión de vostedes.

A escola, señorías, non desgaleguiza. Nunca tivemos unha xeración de nenos tan preparados no galego, como xa llo dixo aquí o conselleiro. En todas as etapas educativas, os expedientes académicos das nosas linguas oficiais son moi similares. Non lle falten ao respecto tampouco aos mestres do galego. Saben perfectamente que o mestre que ensina unha lingua ensina moito máis que unha materia; ensina o que está relacionado con esa lingua, a súa cultura, a súa historia, a súa identidade, o seu amor pola terra, as súas raíces. Queren que os nenos todos usen a lingua que ensinan —o galego— en todos os ámbitos da súa vida; iso é ao que se adican os mestres do galego.

Miren, mentres vostedes falan de fracaso, os datos din outra cousa: a maioría dos galegos e das galegas son competentes nas dúas linguas; o galego mantén unha forte presenza no ensino, na cultura e nos medios públicos; cada vez hai máis xente nova que accede a contidos en galego, tamén no ámbito dixital e nas redes sociais. O verdadeiro reto, polo tanto, non é



cambiar leis ou decretos cada vez que vostedes presentan unha moción, senón consolidar ese uso real do galego en todos os espazos sociais, desde o respecto e a liberdade individual.

Temos que rexeitar esta moción porque é innecesaria, porque responde a unha visión parcial e sesgada da realidade e porque pretende impoñer un modelo educativo que a maioría social de Galicia non demanda. O Goberno galego vai seguir traballando —e remato, presidente— no camiño que o define, garantindo que o alumnado acabe os seus estudos sendo plenamente competente en galego e en castelán, apostando polo plurilingüismo como ferramenta de futuro, impulsando programas que leven o galego á ciencia, á tecnoloxía, ao audiovisual e á creación dixital, e facendo do galego unha lingua útil, viva e moi querida, cada vez máis, polas novas xeracións.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Queixas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Grazas ao Grupo Socialista por apoiar esta moción.

Escoite, por favor, señor Ferro; é unha cita literal: «O acceso ao sistema educativo exerce un forte efecto desgaleguizador nas nenas e nos nenos, desde as idades máis temperás». Real Academia Galega. ¿Négao vostede?

Desde o BNG, con esta moción o que lle propoñemos ao Partido Popular é cumprir a lei, pero o Partido Popular a iso vota «non». Desde o BNG, o que lle propoñemos ao Partido Popular é que se coloque do lado do galego, que traballe por un futuro mellor para o galego, pero o Partido Popular volve decidir votar «non». Desde o Bloque Nacionalista Galego, propoñémolle ao Partido Popular que desenvolva o Plan xeral de normalización da lingua galega, que o señor Ferro acaba de dicir que está plenamente en vigor, pero votan «non». Ese é o Partido Popular e este é o BNG.

Efectivamente, desde o BNG, non nos imos conformar e imos seguir, aínda que a vostede lle moleste que continuemos traendo aquí este tema, porque realmente é que nos preocupa. Ao Partido Popular non, porque está moi conforme con esta situación, vendo o galego na peor situación da historia, pero o BNG non. Non o imos asumir, non o imos aceptar, e imos traelo aquí a debate todas as veces que sexa necesario ata conseguir que efectivamente saia adiante.

O que si lle digo tamén é que no BNG, se por algo nos caracterizamos, é porque escoitamos a sociedade, porque escoitamos con respecto as institucións, a academia, o ámbito científico, e, por suposto, imos escoitar e ler moi atentamente as conclusións que se deriven desas comisións que convocaron vostedes. Claro que o imos ler con moitísima atención, pero a pregunta que eu lle fago a vostede, señor Ferro, e ao Partido Popular é: ¿vostedes tamén nos van ter en conta?, ¿vostedes tamén van comprometerse a impulsar unha acción política que



realmente sexa favorable ao galego e que parta das análises ás que cheguen esas comisións fantasma? Porque vostedes nin sequera fixeron público quen forma parte desas comisións; desde logo, pouca confianza xa demostran desde o principio. ¿Vanas impulsar ou vanas meter nun caixón como fan coa Lei de normalización lingüística e co Plan xeral, señor Ferro? Aínda lle digo máis, ¿vostedes van ter en conta as conclusións do foro «Un país coa súa lingua», que estivo facendo de forma pública e transparente o Consello da Cultura Galega, que serán coñecidas en breve?, ¿tamén as van mirar con atención e tamén as van impulsar? Desde logo, nós si que as imos mirar con moitísima atención.

Aquí o que está claro neste debate, máis unha vez, é que hai dous modelos claramente de país: un é o do Partido Popular, que defende un proxecto ideolóxico polo cal o galego vaia a menos, siga indo a menos, e que defende ademais o dereito á ignorancia da sociedade, dos nenos e das nenas, da súa lingua propia. Non lles importa nada que non aprendan o galego nin que non aprendan en galego. Son un goberno que traizoa —volvo dicilo— a confianza que lles deron os galegos e as galegas; por iso cada vez tamén se están apartando máis de vostedes. Incumpren os acordos unánimes deste Parlamento e incumpren as leis. E está o outro modelo, que é o do BNG, o modelo dos que defendemos o dereito a aprender na nosa lingua desde a escola, desde o orgullo e desde o amor propio.

Seguiremos dende o BNG — aínda que a vostedes no PP lles moleste—a traballar todas as propostas que fagan falta nesta Cámara, sempre man a man coa sociedade e coas súas institucións. Por suposto, facémolo por convicción e desde a vontade de seguirmos fieis ao rastro que deixaron para nós os petróglifos, as mámoas, os castros, os cancioneros medievais, os ilustrados, as follas novas, a lingua proletaria do meu pobo, a lingua de reis e a lingua que sostiveron na gorxa anónima tantas e tantas mulleres cantareiras que termaron na súa cabeza dun paxe cheo de traballos e de palabras. En galego, si, señorías do Partido Popular, hoxe, mañá e sempre. Porque as nosas gorxas, igual que as nosas palabras, veñen para quedar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre a planificación por parte da Xunta de Galicia da cobertura sanitaria durante os veráns, nomeadamente a referida ao verán de 2025

O PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.

Vai permitirme que, xa que vostede aí desde a Presidencia do Parlamento ten a ben intervir nos debates — cousa que non debería facer — e, ademais, facer referencia a que vaíamos ver a moviola das intervencións, que volva preguntarlles aos deputados e deputadas do Partido Popular que non o fixeron se van condenar os actos violentos contra cargos institucionais que fixeron veciños do Morrazo (*Aplausos.*) instigados por persoas do Partido Popular. Volvo dicirlles que é fácil. Teñen que dicir: condenamos os actos vandálicos de violencia inaceptables



que aconteceron onte en Cangas. É fácil, é moi fácil; é así de fácil. Non o fixeron, presidente. A súa moviola está un pouco mal; debería mandar os servizos técnicos para que a revisen.

O PRESIDENTE: Xa falarei coa Federación de Fútbol.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Pois moi ben, dígoo porque, xa que...

Ben, dito isto, no anterior pleno, interpelabamos o conselleiro de Sanidade pola situación vivida durante o verán en Galiza. O conselleiro veu aquí, leunos as estatísticas e reafirmouse en que todo estaba ben. Dixo textualmente: «A atención primaria, unha vez máis, estivo á altura este verán. Vostede ben sabe...» —referíndose a min— «...que son casos puntuais derivados da falta de profesionais, que é unha responsabilidade do Ministerio...», —como non— «...que leva anos sen atender as demandas. A planificación feita este verán puxo de manifesto o noso compromiso, e quedou patente, máis unha vez, que o sistema sanitario galego é un sistema robusto...», e non sei cantos epítetos máis.

Ben, a realidade é teimuda. Eu xa sei que o Partido Popular é especialista en vir aquí e relataremos unha realidade paralela. Á parte, insisten, teñen os medios afíns, os medios públicos, que repenican o seu discurso, e parece que esa realidade paralela que se inventan se converte en verdade, pero, desgraciadamente, os galegos e as galegas sofren a realidade do que está acontecendo. E voulle facer soamente algunhas... (*A deputada Montserrat Prado Cores amosa uns documentos.*) Se quixesen mirar... Pero dá igual, vaian á hemeroteca, vaian aos medios de comunicación: «Moaña sae de novo á rúa en defensa das Urgencias Sanitarias tras 200 semanas de mobilizacións». O concello de Moaña, con case vinte mil habitantes, segue sen ter Urgencias, porque o Partido Popular llas quitou do seu concello; esta é a normalidade do Partido Popular. «A veciñanza de Cangas urxe máis persoal médico e o centro de saúde no Hío». Levan reclamando desde hai anos, con parcela cedida e demais; isto é a normalidade do Partido Popular. «As carencias no Centro Médico de Catoira chegan ao Hospital do Salnés». Levan todo o verán cun médico só unhas horas, e tamén só unhas horas de pediatras para os seus cincocentos nenos e nenas.

En Barreiros, hai un par de días, mobilización masiva exixindo profesionais sanitarios. ¿Por que cren que saen á rúa a exíxilo? ¿Será porque non teñen nada máis que facer?, ¿que non lles funcionan as plataformas de *streaming*, que non teñen por onde pasear? ¡É porque están fartas de non ter asistencia sanitaria! O mesmo que acontece en Viveiro, onde seguen saíndo á rúa e seguen recollendo sinaturas para facerlle chegar á Xunta de Galiza do Partido Popular a queixa porque non teñen asistencia sanitaria.

Podemos falar de que este sábado na Barbanza, en Ribeira, unindo o Centro de Saúde de Ribeira co Hospital do Barbanza, houbo máis de 5.000 persoas facendo unha cadea humana. ¿Tamén cren que estas 5.000 persoas non tiñan nada mellor que facer que pasar unha tarde magnífica de sábado facendo unha cadea humana protestando pola situación da Atención Primaria e polas listas de espera do Hospital da Barbanza?

Podemos falar dos radiólogos en folga concentrados no Cunqueiro, que din que así non é posible, que sen profesionais están desatendendo. ¿Esta é a normalidade do Partido Popular?



Podemos falar de concentracións diante do Nicolás Peña pola situación na que vai quedar o CIS Olimpia Valencia, que ía solucionar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, o centro é efectivamente ese. ¿Esta é a normalidade do Partido Popular?

Podemos falar de que nos medios de comunicación vemos: «Son un dos 945 doentes que leva máis de seis meses agardando por unha consulta oftalmolóxica», e di no texto: non entendo como sae dicindo o Partido Popular e a Xunta de Galiza que as listas de espera estean mellor ca nunca. Eu levo esperando, e ademais levo esperando seis meses, por unha consulta para uroloxía. Esta é normalidade do Partido Popular. Falece un veciño agardando máis de cincuenta minutos por unha ambulancia. Ou isto, que é a normalidade do Partido Popular, isto é de onte: (*A deputada María Montserrat Prado Cores amosa un calendario.*) non hai citas en todo outubro, e non é un caso illado, non é un caso illado. Se agora os que estamos aquí entramos nas nosas redes para coller unha cita, o resultado, en moitos casos, vai ser este, vai ser este.

Entón, dato mata relato, e o relato do Partido Popular é fraudulento, é mentira; e sabendo que menten, (*Aplausos.*) e sabendo que menten.

E, por iso, o BNG traemos aquí hoxe unha moción que pide, en primeiro lugar, información. Pedimos información, que é fundamental para logo tomar medidas, para que o Partido Popular se teña que enfrontar á fotografía da situación das súas políticas. ¿Que pedimos? Saber cantos profesionais foron contratados este verán. Debería ser de dominio público, ¿non? ¿Cantos foron contratados?, ¿en que categorías?, ¿que tipo de contrato?, ¿por canto tempo? Para saber. ¿Substituíronse, cubríronse? ¿Vai ter problema o Partido Popular en votar a favor disto? ¿Cantas horas traballou cada profesional?, ¿cantas intersubstitucións fixo?, ¿cantas prolongacións de xornada?, ¿cantas quendas en PAC? ¿Por que pedimos isto? Porque un profesional exhausto non pode facer unha boa atención sanitaria.

E non veña aquí, señora Amigo —que supoño que hoxe virá vostede e non virá a señora deputada de Cangas, por razóns obvias—, dicir que nós estamos responsabilizando os profesionais, porque o BNG non estar responsabilizando os profesionais; o BNG está defendendo os profesionais das políticas do Partido Popular que fan que os profesionais teñan que traballar en condicións inaceptables. (*Aplausos.*) Iso é o que denunciemos aquí, que non se pode estar traballando mañá, tarde e noite. ¡Non se pode estar traballando mañá, tarde noite!, ¡non se pode vir de facer unha quenda e ir facer outra!, non se pode atender cincuenta doentes pola mañá e logo ir atender outros tantos a outro sitio. Iso é o que estamos denunciando aquí, estamos defendendo os profesionais, e, claro, pedimos que se saiba cal é a situación.

Pedimos saber cal é o número de galegos e galegas que non teñen persoal facultativo asignado. ¿Cantos galegos e galegas non teñen médico asignado, e, polo tanto, son un trompo dando voltas de facultativo en facultativo? Hoxe tócalle un, mañá tócalle outro, pasado tócalle outro, pasado non ten cita. ¡Queremos saber cantas persoas hai, cantas miles de persoas hai, cantos miles de galegos hai que non teñen asignado médico!, igual que cantos nenos e nenas non teñen asignado pediatra, especialista en Pediatría. ¿Que problema terá o Partido Popular en facilitar esa información? O número e localización dos centros de saúde que non están a prestar atención pediátrica; centros de saúde nos que aumentou o



número de profesionais este verán e que tiveron un aumento exponencial de doentes por afluencia turística. ¿En cantos deses se contratou persoal? Parécenos que é información normal que debería estar colgada na web da Consellería. Pero non, estes datos o Partido Popular gárdaos....

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...como ouro en pano, porque non vaia ser que saibamos cal é a realidade.

Remato, señor presidente, porque tamén pedimos que se atenda, que se lles garanta a atención pediátrica aos nenos e que se aumente nos vindeiros orzamentos, que está a piques de presentar a Xunta de Galiza, a parte proporcional que corresponda para a Atención Primaria, para que, ao rematar esta lexislatura, a Atención Primaria teña o 25 por cento do orzamento total da sanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto. (*O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*) Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe estamos a debater unha moción que non debería chegar a este Pleno, e tratarei de explicar por que o dicimos.

Primeiro, porque cremos que é un tema de suficiente importancia para que comparecese o conselleiro e se adiantase a explicar con detalle e transparencia cal ía ser o plan de cobertura sanitaria que ía poñer en marcha para afrontar o período vacacional. Pero se o conselleiro consideraba que era un tema pouco relevante para el, puido facelo calquera outro cargo público da Consellería de Sanidade en comisión. Porque o noso grupo expresou en varias ocasións o abuso que se realiza das comparecencias de cargos públicos da Xunta de Galicia en comisións que só valen para autobombo e publicidade e que se fan moitas veces en detrimento do control parlamentario dos deputados e deputadas nas comisións correspondentes. Con todo, para un tema tan importante como a asistencia e atención sanitaria no verán, nin comparece o conselleiro nin ningún outro responsable da Consellería. É dicir, non compareceu ninguén da Xunta de Galicia por vontade propia, e, cando se interpela neste Pleno ao conselleiro, a primeira afirmación que realiza é que se planificou anticipadamente a cobertura de vacacións, faltas e picos de demandas.



De ser así, supoñemos que a Xunta de Galicia non debe ter problemas en responder por exemplo o que figura no punto 1 desta moción; en concreto os seus tres primeiros apartados. Porque planificar non é tapar un roto para abrir un descosido, que é realmente o que fai a Xunta de Galicia. Porque, por moito que a Xunta e o conselleiro de Sanidade presuman de planificación, os feitos demostran o contrario, e por moito que a Xunta trate de esconderse, son miles de galegos e galegas os que sofren cada día as consecuencias do peche de camas hospitalarias no verán, os recortes de servizos e os centros de saúde sen cobertura médica, ao que hai que sumar as persoas que tiveron que desprazarse quilómetros na contorna rural para poder ser atendidos noutros centros de saúde.

O conselleiro anuncia incrementos de actividade de cirurxía e de consultas, pero a realidade é que os tempos de espera seguen crescendo en moitas áreas sanitarias e tamén o número de persoas pendentes da atención. E, se as listas de espera que coñecemos hai días, con data de 30 de xuño, as obtivésemos hoxe, con data de 31 de agosto, seguro que se percibiría perfectamente o que estou a dicir: está inactividade ou falta de actividade que se produciu no verán por non ter feitas as coberturas médicas e de persoal sanitario correspondente.

Pero a situación de Urgencias foi constante durante o verán, e proba diso foron os titulares dos medios de comunicación, tales como —e vounos ler textualmente—: «SATSE admite o colapso en centros hospitalarios este verán, e denuncia falta de planificación»; neste caso, alúdese a picos de ata 80 pacientes esperando cama durante 24-48 horas. «Denuncia de SATSE sobre falta de enfermeiras e colapso en urgencias»; atribúeo a que non se substituíron adecuadamente as ausencias de persoal sanitario nin as vacacións. «Sindicatos alertan de sobrecargas e colapsos nos hospitais de Galicia, e a Xunta négao». «As Urgencias satúranse nos hospitais galegos. Os médicos de Urgencias alertan dun servizo saturado, con aumentos do 40 por cento en Vigo, Pontevedra e A Coruña, e no caso do Álvaro Cunqueiro, afirmase que algúns días se atenden ata 600 pacientes en Urgencias, uns incrementos aproximadamente do 45 por cento respecto do ano anterior». «Persoal do CHUAC denuncia o peche de máis de 200 camas no verán». «A Asociación de Pacientes do Clínico denuncia que en Urgencias do Hospital Clínico de Santiago se viron imaxes de pacientes esperando en padiolas ou en cadeiras de rodas nos corredores. Atribúen este fenómeno á falta de atención en centros de saúde, que obriga moitos pacientes a recorrer ás Urgencias.»

E, señorías, así poderíamos seguir ata que finalice este pleno e posiblemente non me dese tempo de ler todos os titulares que tivemos este verán e que todos puidemos ler nos medios de comunicación. E quixen utilizar os titulares de medios de comunicación para que o Partido Popular teña que buscar outra escusa diferente á que habitualmente pon, que é chamarnos alarmistas e demagogos, porque a triste realidade é que, se durante o ano existen problemas de accesibilidade, esta convértese nun case imposible durante o período estival. Por este motivo, o conselleiro nunca fala de accesibilidade, senón de calidade e seguridade; calidade e seguridade da que efectivamente o noso grupo nunca dúbida, porque nola proporciona o persoal médico, pero o banco coxea cando lle falta unha pata, e esa pata é a da accesibilidade, cuxa responsabilidade é única da Xunta de Galicia.

A moción que trae hoxe o BNG é un pequeno *batiburrillo*. O punto primeiro da mesma encaixa no ámbito da interpelación do pasado pleno, demandando información que serviría para ra-



tificar por que se produciron os titulares de prensa aos que eu aludín e comentei, e que podemos comprobar cada un dos galegos. O punto dous recolle unha demanda máis xeral, que compartimos, e o punto terceiro entra no ámbito do futuro orzamento e, desde o noso punto de vista, é unha demanda trampa que non soluciona os problemas da Atención Primaria, pero, como non estorba, non nos imos opor.

E quero terminar cunha mensaxe, aínda que non está presente o conselleiro de Sanidade; unha mensaxe que seguro que comparte, pero que non aplica. Unha boa programación de sanidade no verán pasa por permitir os permisos e vacacións, sen afectar a atención médica, e estamos moi lonxe de que isto en Galicia suceda.

Esperamos que a Xunta aplique realmente unha programación de cobertura sanitaria para o próximo verán, xa que no 2025 desgraciadamente non existiu.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Boas tardes a todos.

Moitas grazas, presidente.

Señora Prado, coherencia. Os veciños de Cangas e Moaña pódense manifestar cando protestan contra a Xunta, contra a sanidade, pero, claro, cando protestan contra os alcaldes do Bloque Nacionalista Galego, porque lles soben o lixo o 600 por cento, (*Murmurios.*) entón aí non, aí non teñen dereito a protestar. (*Aplausos.*) Esa é a súa coherencia.

E mire, señora Prado, vólvollo dicir, desde o Partido Popular rexeitamos toda clase de violencia, en calquera lugar, pero o seu discurso perde toda a credibilidade cando vostede recorre ao insulto e á descualificación de seguido. Mire, aínda me resoa nos oídos cando a escoitei chamarlles banda de psicópatas aos profesionais do Sergas. (*A deputada María Encarnación Amigo Díaz amosa unha páxina de prensa.*) E iso non é facer política, señora Prado; iso é unha falta de respecto intolerable. (*Aplausos.*) E, da mesma maneira que vostede pide aquí, xeu pídolle que vostede lle pida desculpas a todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde, a todos! E, tamén, de paso, lle pediría que se desculpase polo que dixo esta mañá: chamarlle fascista a unha señora que recibiu o Premio Nobel da Paz, á señora María Corina Machado. (*Aplausos.*) Sexa coherente.

E está claro que a vostede as explicacións que se ofreceron aquí no pleno pasado polo conselleiro de Sanidade non lle interesan o máis mínimo. Tampouco lle interesa o balance de resultados. Lamentablemente, seguen instalados no seu catecismo particular, onde só valen os seus dogmas; sempre se creen os donos da verdade. Iso si, para pedir aos seus socios de Madrid que tomen algunha medida para corrixir o déficit de médicos que sofre o conxunto de España, aí o partido da señora Pontón perde toda a forza. Moi feroces en Galicia, pero moi mansiños en Madrid. (*Aplausos.*)



Vostede pode vir aquí con casos puntuais sen contextualizar e que non corresponden en nada co que foi o conxunto da asistencia sanitaria no verán, que —insisto— estivo plenamente garantida—non sen dificultades, porque, evidentemente, as houbo—, grazas a ese esforzo de todos os profesionais aos que non cansaremos de agradecer ese esforzo que fan libremente, señora Prado, libremente, con esas prolongacións de xornadas que libremente fan. Grazas a iso e a planificación da Xunta, esa sanidade estivo garantida.

Vostede vén aquí con exemplos, eludindo deliberadamente o problema real que está detrás destas tensións asistenciais, que non é outro que a falta de profesionais de Medicina de Familia e de Pediatría que o Goberno central debe de resolver. Señores do PSOE e señores do Bloque Nacionalista Galego, por moito que queiramos, non podemos facer máis se non hai especialistas de Medicina de Familia e de Pediatría, e iso é responsabilidade directa do Goberno de Sánchez. Eu pregúntome cando van entender vostede isto. Miren, hai uns datos recentes, que non son nosos; son do Instituto Nacional da Saúde, en colaboración coas sociedades profesionais do ámbito de cada especialidade, que acreditan que a falta de especialistas en Medicina de Familia é de arredor de 4.500, con proxeccións que sitúan esta necesidade en ata 5.496 profesionais para o ano 2030. Datos do Ministerio. ¿Fai algo o Ministerio? Pois nada. Claro que para dar estes datos, evidentemente, hai que molestarse en estudalos. É máis fácil construír un relato con demagogia que falar con rigor.

E, namentres, o Servizo Galego de Saúde foi quen de garantir este verán, unha vez máis, a atención sanitaria en todo o territorio —como dixen antes— a pesar desa escaseza de profesionais. Eu pídolles que teñan valentía en recoñecer os datos. Os centros de saúde atenderon, segundo dixo o conselleiro, no mes de xuño, xullo e agosto, case 30.000 máis que no ano pasado, un 26,2 por cento máis de consultas realizadas polos equipos de enfermería a domicilio. Pero a vostede, no fondo, isto dálle igual, porque o único que trata é de enredar. Dálle igual que a práctica totalidade das camas se mantivesen operativas e que se incrementasen as operacións, as consultas e as probas diagnósticas que se fixeron no período estival. Vostedes xa sentencian antes de ter os datos. Non son capaces de valorar ese esforzo que mobilizou este verán máis de 260 profesionais, a pesar de que Galicia tamén sofre escaseza —como falaba antes— por un problema que volvo dicir que é a nivel nacional.

Vostede cre que todo este traballo, toda esta planificación, xorde da nada, porque, para vostedes, que están instalados no «non» permanentemente, nada conta. E iso é o que demostran acotío: que o único que lles interesan son as algaradas contra a Xunta e empregar pancartas para a foto, sen chegar a propostas nin a solucións. E, ademais, é evidente que contan cun Partido Socialista Galego, que se lles suma á campaña. ¡E así lle vai ao PSOE!

Pero, señorías, non esquezan que a responsabilidade do Goberno de Alfonso Rueda é outra; é adecuar os recursos dispoñibles ás necesidades de cada momento, para cubrir do mellor xeito posible a asistencia sanitaria en toda a comunidade. Todas e cada unha das medidas que se adoptan teñen este fin. Toda a Xunta está volcada en ofrecer o mellor Servizo de Galego de Saúde posible, pero quero deixar claro de novo que as competencias autonómicas son limitadas, como demostra o feito de que estamos ante un problema estatal de déficit de especialistas, cunha solución que non adopta o Ministerio de Sanidade; seis ministros en sete anos, e ningún deles foi capaz de dar unha solución a isto.



Miren, dende a Xunta de Galicia fíxose un enorme esforzo. Puxéronse medidas para incentivar prazas de médico de familia, melloráronse as condicións laborais, ofertouse a cobertura das vacantes mediante concurso de méritos sen oposición. Vostedes, señorías da oposición, son responsables de que o señor Sánchez estea na Presidencia do Goberno, e teñen unha responsabilidade que non están a exercer, nin os uns nin os outros. Teñan a valentía vostedes de instar o Goberno central a actuar dunha vez contra ese déficit de médicos de familia, porque nós levamos anos reivindicándoo; e non só as comunidades do Partido Popular, senón comunidades de distintas cores políticas. Por non facer, nin fan caso dos informes elaborados polo propio Ministerio.

Non pode ser que un problema común que afecta todo o Sistema Nacional de Saúde se aborde de forma illada por cada comunidade. E saben vostedes que o Goberno galego fixo —co seu voto en contra— todo aquilo que estaba dentro das súas competencias. O que precisamos, señorías, é unha solución conxunta e real por parte do Goberno da nación. Non necesitamos parches, non necesitamos discursos baleiros, nin un goteo de casos puntuais. E o máis grave é que vostedes saben —e sábeno, aínda que lles custa recoñecelo publicamente— que as tensións puntuais derivadas da falta de profesionais son unha responsabilidade directa do Ministerio de Sanidade. Os galegos saben que a Xunta de Galicia non vai deixar de demandar solucións ante o Goberno central e de actuar no eido das súas competencias con medidas que garantan unha atención continuada e de calidade a toda a poboación, aínda que supoña loitar contra un sistema con déficit de profesionais porque á esquerda lle interesa tensionar os sistemas de saúde das comunidades autónomas.

Hoxe, Galicia, señorías, funciona pese ás dificultades. O sistema sanitario galego é robusto, conta cuns magníficos profesionais que poñen todo o que está na súa man para garantir a mellor asistencia aos usuarios.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Miren, coa axuda de Madrid ou sen ela —e remato xa—, co apoio do BNG ou do Partido Socialista Galego nestas demandas ou sen a súa axuda, nós imos seguir construíndo unha sanidade pública, non sen dificultades —como dixen antes—, con moitas dificultades, e con marxe de mellora tamén, pero á altura do que os cidadáns demandan e precisan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción. Señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.

Non sei se vostede escoitou ben. *(A deputada Montserrat Prado Cores vólvese cara ao presidente.)* Non só non condenou os actos violentos vandálicos inaceptables de onte en Cangas, senón que dixo que a veciñanza tiña dereito. Dígoos para que tome nota exactamente do que dixo.



O Partido Popular non é capaz de condenar os actos vandálicos inaceptables feitos, *(Aplausos.)* instigados polo Partido Popular onte en Cangas contra cargos institucionais, *(Aplausos.)* así de claro. Así de claro, pero teñan a valentía e díganos, e non manden o presidente intentar arranxar e deixarlle minutos ao señor Trenor para que explique o inexplicable. *(Protestas.)* Nin así vale, é que nin así vale. *(Murmurios.)*

Bueno, miren, cando ao Partido Popular o collen co carriño dos xeados resulta que a palabra de orde dos seus dirixentes de Madrid é: mentir non é delito. Entón, resulta que agora mentir non é delito. Claro, invéntanse noticias e tal, pero non é delito. Entón, ¿que pasa? Aquí mentimos cando queiramos. *(Murmurios.)* Miren a hemeroteca un pouco, non lles vou facilitar eu todo. ¡Fagan vostedes algo!, mírenos vostedes. Entón, resulta que agora a palabra de orde é: mentir non é delito.

E mire, chamarlle fascista a unha fascista non só non é delito; é unha caracterización obxectiva dunha fascista, *(Murmurios.)* que, ademais, reclama a invasión do seu pobo. María Corina Machado é unha fascista que, ademais, pide a invasión do seu propio país. *(Murmurios.)* Iso é María Corina Machado.

E mire unha cousa, señora Amigo —xa llo dixen máis veces—, á parte de non estar ben..., *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Silencio, por favor.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...mentir é pecado. *(Risos.) (Murmurios.)* Mentir é pecado para os desta bancada. *(Murmurios.)* E vostede non pode vir aquí dicir que eu dixen que os profesionais do Sergas eran uns psicópatas. O que dixen é que a Consellería de Sanidade tiña á fronte unha panda de psicópatas sociais. *(Murmurios.)* E sigo dicíndoo, porque un psicópata social é aquel ao que non lle importa o sufrimento dos demais. E, cando se está á fronte dunha consellaría e se ten a sanidade pública galega nas condicións nas que está, co sufrimento que iso lles causa aos galegos e ás galegas, pois son psicópatas sociais os que están á fronte da Consellería. *(Aplausos.)* E xa está ben, home. ¡Xa está ben! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O conselleiro dixo na interpelación do anterior pleno que este verán realizamos máis intervencións cirúrxicas programadas, máis consultas, máis probas diagnósticas, máis urxencias nos hospitais públicos, temos máis profesionais, temos un orzamento... Se fose certo —que non o é—, teríamos que chegar a unha conclusión lóxica á que chegaría calquera: que estamos en mans duns inútiles. Porque se teñen máis recursos que nunca, máis orzamento que nunca, máis profesionais que nunca, e teñen a sanidade pública galega peor que nunca, ¡son uns inútiles, señores e señoras do Partido Popular! Hai que dicilo con todas as letras, porque non se pode ter máis de todo e facelo peor que nunca. E así é como o están facendo vostedes, peor que nunca.

E, polo tanto —se me permite uns segundos o señor presidente... *(Protestas.) (Murmurios.)* ¡Perdón!, aínda non consumín ningún, tranquilos. ¡Tranquilos! Só pido o que lles fai a vostedes, nada máis, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* nada máis. *(Murmurios.)* E lamentamento que á deputada do Partido Socialista lle pareza un *batiburrillo* pedir información,



porque o que queremos é saber... Claro, o que pedimos é o que lle preguntamos ao conselleiro, e non contestou. Entón, dicimos: presente un informe onde apareza cantos profesionais; onde e cantas horas fan; cantas persoas atenden e cantas quedan sen atender... Entón pedimos un informe, e tamén o pediremos polo artigo 9. Laméntoo, pero nós... Non, dígoos porque foi así como o cualificou vostede, pero está ben. Está ben.

E logo pois, iso, van votar en contra de que se facilite información —moi digno nunha democracia—; van votar...

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...en contra de que os nenos e nenas deste país teñan atención pediátrica todos...,

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...e van votar en contra de que se aumente o orzamento en sanidade, que reclaman todos os organismos oficiais...

O PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...que chegue ao 25 por cento. Esa é a política sanitaria do Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Tendo en conta que aquí se mencionou varias veces a palabra «mentir», a min non me gusta mentir. Efectivamente, non vou entrar na idea do que é mentir. Eu podo equivocarme, e de feito equivoqueime, e por iso pido desculpas, porque, efectivamente, as palabras que eu lle atribuí á señora Amigo non son así. E pido desculpas. Revisado o VAR, non aparece. Entón, eu tamén, ás veces, pódome equivocar. Crin entender esa palabra, pero, como non figura exactamente, pois eu non quero mentir. E pido desculpas.

(O deputado José Alberto Pazos Couñago pide a palabra.)

Señor Pazos, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Precisamente en referencia a esta petición expresa que se nos fixo en reiteradas ocasións de condena, e acudindo ao VAR, citarei literalmente as palabras do deputado Trenor esta mañá: «E nós condenamos absolutamente todo tipo de violencia e condenamos todo tipo de acoso e



de campañas de intimidación». E repetiu: «Eu condenei expresamente todo acto de violencia na política, en Cangas e en Ribeira». Eu creo —e nisto coincido co presidente— que está moi feo mentir, como está moi feo tamén facer imputacións sobre supostas instigacións que evidentemente non se fai nin o máis mínimo esforzo por probar, entre outras cousas, porque carecen de todo fundamento. Eu pediría rigor e respecto para todos os membros deste partido.

E, por certo, xa postos a pedir respecto, e dado que vostedes hoxe sufriron nas súas carnes o que tantas veces lles tocou sufrir aos deputados do Partido Popular cando eran outros os que proferían gritos e ameazas, ¡home!, tamén pediría que tivesen un momento de recordo para aqueles que onte tiveron a valentía de rescatar eses cargos que tanto medo pasaron no Concello de Cangas.

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Talvez queiran repetir comigo: ¡viva la Guardia Civil! (Aplausos.) Señora Prado, ¡viva la Guardia Civil! (Aplausos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O PRESIDENTE: Bueno, ¡por favor! (Murmurios.) ¡Por favor! (Protestas.) Pero ¡por favor! Creo que a cousa... Imos ver... (Protestas.) Pero, ¿que máis se necesita? Pedín eu xa que me desculpasen por un erro, (Murmurios.) pedín que me desculpasen... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, ¿que escoite a quen? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Pero, perdoe. Eu de momento vou falar —xa veremos se despois dou palabra ou non—. Eu pedín xa que se me desculpase; agora acábase de ler aquí o que dixo exactamente o señor Trenor...

(A deputada Olalla Rodil Fernández pide o uso da palabra.)

Señora Olalla Rodil, ¿para que quere vostede a palabra? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non. Non empecemos, por favor. (Murmurios.) Bueno, un pouco de tranquilidade. (Murmurios.)

¿Si, señora Rodil?

Déanlle voz ao escano da señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Si, eu, polo 76.3 do Regulamento...

O PRESIDENTE: Pero, ¿cal deles? ¿O 1, 2 ou o 3?

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Polas imprecisións, e xa non direi a falta absoluta de decoro e o ataque absolutamente gratuito do Partido Popular —agora en boca do seu portavoz— contra o Grupo Parlamentario do BNG, lanzando acusacións de que o BNG promove o que o Partido Popular fixo onte en Cangas. (Murmurios.) Eu non penso permitir..., (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Quedou claro.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...non penso permitir que se fagan acusacións... (Aplausos.)



O PRESIDENTE: Quedou claro. (*Murmurios.*) Vale. Está aclarado; aclarado. (*Murmurios.*)

Bueno, se lles parece... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, ¡calmémonos! (*Murmurios.*) ¡Calmémonos! Eu creo que... Agora imos votar. E se votamos así, fóra de calma, ao mellor ata nos equivocamos votando. Entón, imos reflexionar. (*Murmurios.*) ¡Veña!

Pechen as portas, por favor.

Votación das mocións

O PRESIDENTE: Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Silvia Longueira.

Creo que foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e non se aceptou a do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, sobre as medidas para mellorar a situación do servizo de axuda no fogar en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Mercedes Queixas.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, sobre a eficacia do modelo educativo que impulsa a Xunta de Galicia para cumprir os obxectivos da normalización lingüística.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.



Non se presentaron emendas.

Votamos.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre a planificación por parte da Xunta de Galicia da cobertura sanitaria durante os veráns, nomeadamente, a referida ao verán de 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Remataron aquí as votacións.

Continuamos a orde do día coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego respecto da tramitación dunha nova lei de Administración local de Galicia

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Argemiro Marnotes Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar e seguir avanzando coa tramitación do anteproxecto da nova Lei de Administración local de Galicia co fin de presentar o proxecto de lei no prazo máis breve posible, dándolle prioridade na súa tramitación».)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi boas tardes a todos e a todas.

Vou iniciar case polo que sería o final. Vou iniciar pola emenda que presentou o Partido Popular, porque eu creo que o que foi unha errata de transcripción foi tamén unha traizón do subconsciente. Porque na resolución da emenda de substitución di: «...Nova Lei de Administración local de Galicia co fin de presentar o proxecto de lei no “prado”». Pois é o que



queren facer: botar a Lei a pastar, olvidarse da importancia que ten esta Lei; mentres estea pastando, pois está adormecida e non a levamos adiante. *(Aplausos.)* E, ademais, creo que é unha forma de xustificar ese voto en contra.

Miren, señorías, a Lei da Administración local de Galicia é necesaria e imprescindible. O escenario mudou moito; hai novos retos demográficos, novos retos económicos e novos retos sociais que permiten unha igualdade territorial e unha igualdade entre as persoas se somos capaces de levar esta nova Lei adiante. Porque o que hoxe pedimos non é outra cousa que iniciar o trámite desta Lei de Administración local para, por un lado, reforzar a autonomía municipal e, por outra banda, marcar un marco estable de financiamento de capacidade de xestión.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes avanzaba en outubro do ano pasado, hai xa agora un ano, que no primeiro trimestre deste ano se traería esta Lei ao Parlamento. Despois, o presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda, no debate do estado da Autonomía, celebrado o pasado 23 de abril, adiábao xa para o primeiro semestre, xa engadiu tres meses máis. Pero é que o mesmo señor Rueda, este 15 de setembro pasado, cando participaba na apertura do Congreso denominado «1985-2025: 40 anos de bases de réxime local e control externo local en Galicia», organizado polo Consello de Contas de Galicia, xa cambiou novamente os tempos, e dixo que se comprometía a aprobar unha nova lei da Administración local nesta lexislatura. Pastando imos deixar a Lei.

Dende o noso grupo parlamentario, dende o Partido Socialista, rexistramos xa esta iniciativa no pasado mes de setembro. En outubro, cando tivemos a Xunta de Portavoces, conformamos a orde do día e dabamos conta de que iamos traer esta proposición non de lei. E, curiosamente, ao día seguinte, o día 9 de outubro, dábasenos resposta por parte da Xunta, unha resposta escrita que dicía: «Un dos retos do Goberno galego é o impulso dunha nova lei de Administración local, que suporá unha reforma integral, logo de case trinta anos de vixencia. En vindeiras datas...» —ten que acabar de pastar a Lei— «...o borrador da nova Lei será sometido aos distintos trámites de información pública, audiencia e participación, entre os que se inclúe a súa remisión ao Parlamento galego». Anuncios, anuncios, anuncios; mentiras, mentiras, mentiras. Pero, como mentir non é ilegal, pois están convertendo vostedes, señorías do Partido Popular, a mentira nun branqueo, así como nunha arma política con ese branqueo.

O que queremos é que os concellos teñan autonomía e financiamento. Nesta mesma mañá debatíamos dous proxectos de lei: o do cambio climático e o de protección da saúde de persoas menores e prevención de condutas adictivas. No primeiro caso, a propia redacción vulnera a autonomía e as competencias das entidades locais; altera o marco competencial da lexislación, e limita a potestade organizativa, afectando directamente a súa autonomía e non achegando ningunha partida económica para este fin. Asfixiar os concellos é o obxectivo do Partido Popular. No segundo caso, obriga os concellos a regular a localización, os requisitos que deberán reunir os establecementos onde se subministren bebidas alcólicas, así como a súa vixilancia e control, e a intervir desde os servizos sociais —os servizos sociais pouco saturados— nas situacións de risco para os nenos, nenas e adolescentes derivadas da materia regulada nesta norma, e un longo etcétera, etcétera, etcétera. Xa se falou hoxe aquí largo e



tendido do SAF, que supón unha carga brutal para os concellos, nalgún caso ata chegar á asfixia económica e á quebra; xa o temos dito por activa e por pasiva.

É dicir, máis competencias, máis responsabilidades, menos cartos. Ben, menos ou igual, porque cero mais cero menos cero segue sendo cero. E, polo tanto, isto é o que lle adican aos concellos: cero euros. E, ¿cales son os recursos cos que contan os concellos? Pois, por unha banda, os que veñen do Fondo de Cooperación Local, que, ademais, se sustenta en tres patas; unha, o fondo base, conxelado dende hai dezaseis anos; o fondo adicional, que só chega a unha minoría moi selectiva, e os convenios, que maioritariamente van para os concellos do PP. A ti si, porque si; a ti si, porque es do PP.

E ao señor Rueda éncheselle a boca dicindo que os do ano pasado son os orzamentos máis altos da historia —volveremos escoitalo en breve—, e fala deses 641 millóns de euros, e, ademais, ten a desfachatez de facelo neste congreso ao que facía referencia do Consello de Contas, logo de que o Consello de Contas lle tirase das orellas en distintos informes ante a falla de financiamento e o uso abusivo destes convenios que utiliza o Partido Popular. Iso si, evitou falar nese congreso —porque tamén o puido dicir— que destes orzamentos máis altos da historia deixou sen executar o 30 por cento. O 30 por cento sen executar, e, mentres, os concellos pasando necesidades para poder atender as necesidades dos seus veciños e as súas veciñas. *(Aplausos.)*

Agora queren calar unha institución como é a Fegamp, falando dese incremento que queren facer dun escaso 12 por cento, pero ese incremento —escaso, pero incremento— vai, iso si, vinculado á nova Lei, que non sabemos cando acabará de pastar, ¡porque pode estar anos pasando a Lei no prado, e os concellos pasando necesidades, como dicía! E, desde a Fegamp, o que lle están a pedir, entre outras cousas, máis alá de que se incrementen, pois é que os recursos poidan ter un carácter incondicionado, para que cada concello poida determinar e aportar nas súas necesidades —porque non son iguais as necesidades de todos os concellos— con base nuns criterios de poboación, superficie, porcentaxe de persoas maiores e un longo etcétera. Esperemos que atendan de verdade e que non intenten acalar cun incremento hipotético dunha futura lei que non sabemos cando virá, porque o señor Rueda xa nos mentiu en varias ocasións dicindo que ía estar no primeiro semestre, no primeiro trimestre, e agora xa nesta lexislatura.

Pois ben, nós, desde o PSdeG, hoxe somos o altofalante de 313 concellos de Galicia onde esta situación está a lastrar o bo funcionamento dos propios concellos, provocando un desequilibrio en todo o país e provocando un desequilibrio entre as persoas tamén...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...entre as persoas —remato, presidenta—, porque en función de onde residan pois, ao mellor, teñen máis opcións de ter máis ou menos servizos sociais, teñen máis opcións de ter máis e mellores infraestruturas, teñen máis opcións de ter máis e mellores prestacións. E vostedes estallan coartando esta situación.

Polo tanto, nós o que queremos é que non se dilate máis, que se tramite esta Lei tan necesaria para modernizar o noso modelo municipal e que, ademais, garanta —como dicía— a autonomía dos concellos...



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...e o financiamento dos mesmos, para que deixen de ser as administracións locais os *lacayos* nos que están convertendo vostedes, a Xunta de Galicia, o Partido Popular, todos os concellos de Galicia; nos seus *lacayos*, para que fagan o seu traballo. Iso si, sen ningún carto vinculado a esas prestacións que lles están obrigando....

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...a realizar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Señor Marnotes.

ARGIMIRO MARNOTES FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora Méndez, vostede ten que ter en conta unha cousa. Cando fale do concepto «mentira», recorde que o seu número 1 o sacou do dicionario e chamoulle, a partir dun momento determinado, «cambio de opinión». Entón, un pouquiño de... (*Aplausos.*) Non usen conceptos que xa están fóra do dicionario.

Debatemos hoxe unha proposición non de lei que, sobre o papel, aborda unha cuestión de enorme relevancia para Galicia: a necesidade de actualizar o marco normativo que regula a nosa Administración local.

Hoxe, as administracións locais enfróntanse a novos retos, novas responsabilidades e tamén novas oportunidades que non existían cando se aprobou a actual norma. Polo tanto, si, señorías, cómpre unha nova lei. Pero o que non se pode aceptar é que se pretenda facer ver que a Xunta non está a cumprir cos seus compromisos ou que este proceso non se puxo en marcha. E iso é o que fai esta PNL: converter unha realidade de traballo e avance nunha crítica política sen fundamento, pedindo o que xa se está facendo e criticando a quen está a cumprir. Porque a realidade é que a Xunta de Galicia leva tempo traballando con rigor, con participación e con diálogo para elaborar o texto da nova Lei de Administración local de Galicia.

Non é un proxecto improvisado nin un compromiso incumplido; é unha reforma complexa, profunda e moi traballada que require tempo e consenso e que xa se atopa en fase avanzada de preparación. E non o di o Partido Popular; dio a realidade dos feitos. Hai un borrador técnico en elaboración, hai estudos, hai varios convenios coas tres universidades, hai consultas abertas ás entidades locais e hai tamén espazos de debate e participación cos principais actores do municipalismo galego; todo para revisar e actualizar o marco normativo e determinar duplicidades en competencias, contando sempre coa experiencia de expertos, profesionais, responsables municipais e técnicos da Administración.



Todo iso é traballo serio, silencioso e constante que contrasta co ton superficial que hoxe trae aquí o Partido Socialista. Esta nova Lei non é nin será unha simple actualización técnica; é unha aposta decidida por unha Administración local moderna, eficiente, autónoma e adaptada á realidade galega. O seu obxectivo é ofrecer solucións do século XXI aos problemas reais dos concellos, partindo sempre dun principio: o 90 por cento dos concellos galegos teñen menos de 15.000 habitantes. Non é o mesmo lexislar para as grandes cidades que para concellos de 1.000 veciños, dispersos en 20 parroquias, nun territorio demograficamente envellecido e cunha enorme dispersión poboacional. Iso encarece os servizos, dificulta a xestión e obriga a unha visión moito máis flexible e solidaria do que significa a autonomía local. A futura Lei incorporará esta realidade definindo os municipios en risco de despoboamento e recollendo medidas para reforzar a súa capacidade de prestación de servizos.

Cómpre subliñar tamén o compromiso financeiro do Goberno galego co municipalismo. O orzamento do 2025 acadou a cifra récord de 641 millóns de euros destinados aos concellos, 39 máis que no exercicio anterior. Deste total, 168 millóns corresponden ao Fondo de Cooperación Local, 10 máis que no 2024. E, dentro dese fondo, o fondo base, que se reparte entre os concellos de menos de 15.000 habitantes, incrementouse en 5,4 millóns de euros. Destináronse outros 5 millóns do fondo adicional a proxectos de eficiencia enerxética en edificios municipais. Non son promesas; son transferencias reais e recursos que chegan aos concellos e que contribúen a sostelos, principalmente aos máis pequenos. E isto é importante, señoría.

Pero, ademais, os concellos de Galicia hai cousas que non precisan. Non precisan dun PSOE, dun Vox e dun BNG que non presentan e aproban orzamentos do Estado durante anos. Tampouco precisan os nosos concellos estar pelexando cada ano pola utilización do remanente. Todo iso prexudica os nosos concellos. Mentres a Xunta reforma cada ano o seu apoio aos concellos, o Goberno central mantén un sistema de financiamento local que é inxusto para Galicia e que supón un infrafinanciamento de ao redor de 700 millóns de euros anuais. Galicia leva anos reclamando unha reforma que teña en conta unhas particularidades, pero, mentres non chega, a Xunta está a compensar ese déficit con recursos propios. Iso tamén é compromiso co municipalismo e tamén é responsabilidade institucional. *(Aplausos.)*

A futura lei reforzará, ademais, as fórmulas de cooperación e colaboración entre concellos, porque non se trata de recentralizar nin de crear estruturas artificiais, senón de favorecer a cooperación voluntaria. Falamos tamén de diálogo institucional. A relación coa Fegamp é fluída e constante. Hai comisións técnicas en funcionamento, hai encontros regulares e hai unha vontade clara de consenso. Poñamos en valor o seguinte: a Xunta de Galicia todos os anos puido presentar ante a Fegamp os seus orzamentos, cousa que non pode dicir o Goberno central referíndose á súa presentación ante a Federación Española de Municipios e Provincias. De feito, nestes intres xa se ten trasladado á Fegamp, por parte dos conselleiros Diego Calvo e Miguel Corgos, que no ano 2026 —agora vanse faltar doutro dato histórico— se alcanzarán os 187 millóns, un 12 por cento máis que no ano 2025, para o Fondo de Cooperación, polo que volverá ser un novo dato histórico, un incremento de catro veces por riba da regra de gasto.

Ademais, Miguel Corgos trasladoulle á Fegamp que, un ano máis, o Goberno galego tamén mantén o esforzo do financiamento das entidades locais e recolle a meirande parte das de-



mandas da Fegamp. Este esforzo —incidiu— está reflectido na creación dun fondo adicional de 59 millóns de euros destinados a blindar o financiamento da futura Lei da Administración local, que se prevé aprobar no ano 2026.

Diego Calvo expúxolle tamén á Fegamp que, unha vez aprobada a lei, entrarán en vigor os criterios recollidos na norma. Polo tanto, estamos ante un tempo de transición durante a súa tramitación e aplicarase un réxime transitorio, polo que será como unha salvagarda para todos os concellos, de maneira que non se reduzan os fondos pese ao cambio de criterios. Ademais, comunícalle o conselleiro que se terán en conta as propostas que as entidades locais levan realizando. A política concreta é esta: elaborar unha nova lei con participación, con estudos técnicos, con informes universitarios, con diálogo coa Fegamp e con respecto aos tempos e procedementos que garante unha norma sólida. Esa é a diferenza entre a propaganda e o rigor.

A emenda que temos presentado, que xa foi lida, non free nada, nin sequera free a propia PNL; ao contrario, consolida o proceso, dálle respaldo parlamentario e evita distorsións políticas, reconece o traballo xa iniciado, reitera o compromiso de presentalo no menor prazo posible e pide dar prioridade á súa tramitación. Non é nin máis nin menos que o reflexo do compromiso real da Xunta coa Administración local.

Señorías, Galicia non precisa máis ruído, precisa estabilidade, colaboración e reformas ben feitas, (*Aplausos.*) e a nova Lei de Administración local será unha desas reformas serias, participadas e útil para todos os concellos, grandes e pequenos, urbanos e rurais.

Para rematar, señoría do PSdeG, pedímoslle que dean paso a esta emenda, porque servir a Galicia hoxe é continuar con paso firme este proceso que xa está en marcha e que fará dos concellos galegos administracións máis fortes, máis próximas e mellor preparadas para o futuro. Hoxe o presidente da Fegamp mostrou a súa expectación e esperanza. Súmense.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Mixto renuncia ao seu turno de intervención e ten entón a palabra o voceiro do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Óscar Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Eu, señor Marnotes, cada vez que o escoito, a verdade é que flipo un pouco. Fala vostede de medidas para os concellos de reto demográfico, pero ¿se o Consello de Contas lles dixo que non están definidos aínda nesa Lei de impulso demográfico que son «concellos de reto demográfico»!

Fala vostede tamén de non sei que problema que hai cos concellos que non aproban orzamentos. ¡Home!, vostedes teñen un goberno en Ourense que non sei cantos anos leva sen



orzamentos; incluso o presidente da Deputación de Pontevedra, gobernando con maioría absoluta en Rodeiro, non sei cantos anos estivo tamén sen orzamentos e non pasa nada. Pero, ben, a este paso e con esta lei, paréceme que lle vai dar tempo a xubilarse a vostede e mais a min, porque levamos moitos anos, moitos anos, esperando a ter unha nova lei actualizada de Administración local de Galiza que sexa útil para os concellos e sobre todo que estea adaptada aos novos procedementos administrativos; van para trinta anos xa, que se fixo no ano 1997.

O pasado mes celebrouse na Coruña precisamente o congreso organizado polo Consello de Contas sobre os corenta anos da Lei de bases; por certo, eu acudín os dous días, estiven alí escoitando os ponentes para ver que solucións daban. Algúns deputados do Partido Popular foron por alí, pero, ben, como dixo, que o tiña alí ao lado, o señor Miguel Lorenzo: ¡que ben nos vai este pantano! Colleron, marcharon e non volveron por alí. É dicir, ese é realmente o interese real que teñen sobre os problemas e as necesidades dos concellos que alí se trataron: ir sacar a foto e punto. Unha actitude que, desde logo, é moi acorde co que está a facer a Xunta de Galiza en materia de Administración local, que se pode resumir en: nada, nada, nada. Ben, nada, nada, nada tampouco. Na Administración local, o partido da pesca dedícase a pescar alcaldes e tránsfugas para facer mocións de censura. Dá vergoña, dá vergoña, e non pola lexitimidade, non, non, senón polos intereses espurios e escuros que existen detrás de todas elas, (*Aplausos.*) si, si, detrás de todas elas. Porque parece mentira: vostedes, que alardean de todas esas alcaldías que teñen e, non obstante, na Administración local seguen sen avanzar nin un ápice; é dicir, a Xunta non avanza nin un ápice.

E hai moitas razóns para avanzar, porque hai que delimitar competencias da mellor maneira posible, porque tamén é necesario darlles ferramentas aos concellos para relacións tamén que teñen que ter interadministrativas e supramunicipais, para ofrecer servizos que xa non se dan como hai trinta anos, e porque é necesario dende xa mellorar o financiamento das entidades locais, afogadas por culpa exclusiva do Partido Popular, porque non quere dar un paso á fronte e aceptar tan sequera algunha das demandas da Fegamp. É así, é así.

Comentabamos onte precisamente na reunión coa Fegamp que o Partido Popular non quixo ter a reunión con eles, porque preferiron ir a esa moción da vergoña alí a Ribeira. Comentabamos que o fondo base leva conxelado máis de quince anos, 112 millóns conxelados. Vostedes din que reparten 640 millóns de euros aos concellos, pero vostedes non saben que o 82 por cento deses cartos son condicionados, e presuntamente se entregan; o Consello de Contas xa lles dixo que houbo 100 millóns que non se executaron, 100 millóns. Ou sexa, que, claro, é a técnica de Feixóo, que se dedicaba a vir aquí sempre a dicir anuncios e anuncios e despois ao final non executaba nada, aforraba. Pero só o 18 por cento deses fondos son realmente os que se dan a través do Fondo de Cooperación Local, do fondo base, con criterios obxectivos, transparentes e acordados no seu día coa Fegamp. Por iso, é crucial que esa porcentaxe, non o fondo adicional, señor Marnotes, o fondo base, ese é o que hai que aumentar, realmente.

Xa digo: os problemas de infrafinanciamento son o xerme da maioría dos problemas que teñen hoxe os concellos. Non digo nada novo, porque aquí xa se falou de todo iso, e moitos de vostedes son concelleiros e tamén foron alcaldes.



Todos sabemos que está ocorrendo co SAF —xa se falou antes—, pero, pola contra, o BNG, onde goberna e de contrario, si que axuda os concellos de forma activa e proactiva; non hai máis que ver o papel fundamental do BNG no Goberno da Deputación da Coruña. É dicir, foi o Bloque o autor real —porque ao César o que é do César— o artífice dun plan único, porque foi na Coruña a primeira deputación na que se fixo un plan para repartir cartos aos concellos con criterios obxectivos, transparentes e incondicionados. Si, si, si, e, á parte, fíxoo unha persoa en San Sadurniño, e non foi precisamente o conselleiro da Presidencia. Foron os señores Suso Soto e Xosé Regueira os que planificaron o Plan único na Coruña, e do que tomaron exemplo (*Aplausos.*) o resto das deputacións despois de aprobarse na Coruña.

Isto é así, e este ano deron 138 millóns, 138 millóns para os concellos; 112 deu a Xunta para 313 concellos, 138 para 93 concellos A Coruña. Os números cantan e, aínda así, non lles cae a cara de vergoña, porque vostedes ao final vostedes non queren cambiar nada porque o que pretenden é seguir facendo unha política caciquil e de servilismo —isto é así—, dando cartos soamente aos concellos galegos do Partido Popular, a través de convenios e executando tamén contratos neses concellos, etc.

Miren, non me chegan aquí os minutos para relatar todas as cifras dos cartos que deu a Deputación da Coruña aos concellos, pero que superan, con creces, os que deu a Xunta de Galicia.

E, mentres tanto, a directora xeral de Administración local vén á Coruña e alí dixo que, ben, había un borrador; ¡home!, non sei, vostedes, ¿que queren? ¿Traer aquí a lei xa para que non se fagan emendas? Porque a este paso xa está tan perfecta e xa está tan lista... En fin.

Vostedes mesmos incumpren o que aproban. O artigo 329 da Lei de Administración local di que hai que ter unha Lei de facendas locais, e con rango legal; trinta anos e aínda non se fixo, e a lei aprobárona vostedes, pero igual que tamén aprobaron ou dixeron, si, si, en decembro, que o canon eólico se ía aprobar en seis meses, que repercute, como vostedes saben, indirectamente nas finanzas dos concellos. Estamos en outubro, ¿onde está aprobado o canon eólico?

Vostedes incumpren os mesmos prazos. Problemas, como digo, do SAF e tal, como estamos a ver co lixo. Díciános algún destacado deputado desta bancada de forma reiterada que abandonamos a pancarta, ben, aínda que a señora Amigo hoxe dixo que había que recollela. Non sei, debe ser que a nós nos vai moi ben nas enquisas e a vostedes moi mal, que xa comezan a meterse detrás da pancarta, do megáfono, como fixeron en Cangas, si, si, e con *gauche*. ¿Comprobaron que as pancartas non queiman e que non manchan? (*Aplausos.*) ¡Quen o diría: os do PP, pancarteiros, con gomina, traxe de tergal, zapatíños de charol! Aínda seguimos sen escoitar realmente a condena, específica e non abstracta, do que pasou onte en Cangas, actos violentos contra os cargos públicos do BNG. ¡Onte, si, si!, instigados por vostedes mesmos, instigados por vostedes mesmos, tal cal. Está aquí, no xornal de hoxe (*O deputado Óscar Insua Lema mostra un documento.*): «Había una llamada a concentrarse a través de redes sociales y también lo hacía el PP, muy opositor a esta subida de la basura, que estuvo durante todo el día con un coche con megafonía». «Apoyo a la concentración por la subida de la basura. Nos vemos en el Ayuntamiento». «En medio, alguna de las ediles del PP salió a la ventana del consistorio a jalear a los concentrados



en su protesta contra la subida de basura, que no paraban de gritar». Isto está no xornal e aínda non condenaron os actos vandálicos de onte en Cangas. *(Aplausos.)* Si, dígoos porque vostedes son uns auténticos enganadores, van alí votar en contra.

Os concellos están abocados a ter que subir precisamente o lixo por culpa do taxazo que vostedes puxeron en Sogama, si, si, en Sogama, en Sogama, por culpa do taxazo de Sogama. O que pasa é que vostedes teñen que facer un pouco de autocritica e non ser tan rabaño e non creerse os argumentarios do Partido Popular. Vostedes pónenlle a culpa á lei precisamente que se fixo en Madrid, ¿non?, si, si, de residuos e solos contaminados. Pero ¿quen aprobou precisamente na Unión Europea a directiva que modifica a de residuos, do 30 de maio de 2018, no Parlamento Europeo?, ¿quen a aprobou? *(Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

ÓSCAR INSUA LEMA: ¿Tívoise que traspoñer a lei? O Partido Popular, maioría absoluta en Europa; o comisario, Arias Cañete; e no consello estaba Mariano Rajoy, que aínda non lle fixeran a moción de censura. Vostedes foron os que aprobaron a subida do lixo en Europa e na Xunta de Galiza, e os concellos están abocados, porque non lles queda máis remedio...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: ...a ter que aprobalo, porque así o di a Lei de facendas locais, porque as taxas teñen que cubrir os custos directos e indirectos.

Entón, veciños e veciñas do Morrazo, os culpables da subida do lixo son os señores do Partido Popular...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: ...por votar en Europa e por votar na Xunta e por aumentar o canon de Sogama. *(Aplausos.)*

Por iso —remato, presidenta— vostedes, realmente, son os que enganan os galegos, con discursos revirados e cheos de mentiras; e hai que facer un máster do engano para ser do PP, aínda que algún xa se formou activamente no engano na banca privada antes de ser deputado, vendendo preferentes e subordinadas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

ÓSCAR INSUA LEMA: ...¡Ese si que se fixo de ouro roubando os aforros de centos de galegos e galegas!, jese si que aprobou con nota a oposición dun ano para entrar no Partido Popular!

Señor Marnotes, a única esperanza, ¿sabe cal é? A que saía onte no diario ABC...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematouse o tempo, señor Insua.



ÓSCAR INSUA LEMA: ...Quédome con ese titular que dicía: «Papá, mis amigos no te van a votar». (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Quenda, de novo, para a autora da proposición non de lei, a señora Méndez. (Pronúnciase palabras que non se perciben.)

Silencio, por favor.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Señor Marnotes, cambiar de opinión non lle é mentir. Un pode cambiar de opinión porque lle contraargumentan, ese argumento o convence, e con iso cambia a súa opinión; mentir élle outra cousa ben distinta que vostedes coñecen ben porque a practican. Incluso, eu convídoos, señorías do Partido Popular, a que practiquen o exercicio de escoitar, que os convenzan e que cambien de opinión, (Aplausos.) porque, cambiando de opinión en moitos dos seus postulados, iríalles moito mellor aos galegos e ás galegas.

E, mentres a lei pace, o gando estalle entretido, que é o que pretenden facer cos concellos: entretelos, alargar, contarlle unha película á Fegamp esta mañá... Despois vén vostede aquí dar ese dato de que se vai incrementar o 12 por cento, pasando dos 168 millóns aos 187, pero esquécesele dicir —iso é un olvido, non é unha mentira— que está vinculado á aprobación da lei; esa lei que se ía aprobar no primeiro trimestre, primeiramente, despois no segundo, e, en boca do señor Rueda, agora xa a ver se nesta lexislatura aprobamos esa lei tan necesaria para o bo funcionamento dos concellos.

E, ¿de que estamos a falar? Estamos a falar de persoas, porque, canto mellor funcionen os concellos, mellor viven os nosos veciños e veciñas, que non deixan de ser máis que os veciños, os amigos, os familiares, esas persoas do día a día que precisan moitas veces das administracións locais para atender cuestións básicas como poder atender un pai, unha nai ou un fillo coa Lei de dependencia, ou poder facer fronte a outras gastos, coas axudas para libros, que teñen que asumir os concellos, ou con garderías para poder conciliar, que tamén teñen que asumir os concellos, etcétera, etcétera, etcétera. Un longo etcétera de competencias impropias que están realizando os concellos porque o señor Rueda, que, ademais, é presidente dende o ano 2022 pero resulta que foi conselleiro de Administracións Públicas dende o 2009 a 2020 —é dicir, que leva dezaseis anos de goberno continuado—, non se acordou nunca de poñer enriba da mesa esta lei tan necesaria para mellorar a calidade de vida de todos os veciños e veciñas, dos galegos e das galegas. (Aplausos.)

Vostedes aproveitan o respecto institucional que procesan algúns cando ocupan os cargos, como o presidente da Fegamp, para intentar dilatar e así enredar e non aprobar esta lei de forma inmediata, que é o que se precisa. Esta demora, señor Marnotes, non lle é nin inocente nin casual. Levan tempo traballando —din— nesta nova lei, pero o que lle permite ao Partido Popular esta demora é xerar dependencia e, polo tanto, clientelismo, que é como vostedes traballan e onde se encontran tremendamente cómodos, porque o clientelismo...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Méndez.



LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...Non lle gustou a palabra, ao mellor, á presidenta. Por iso me corta e non é tan xenerosa na miña intervención como co resto de deputados e deputadas. (*Aplausos.*) Si, clientelismo; ao mellor a presidenta tamén sabe ben disto e úsao e practícao a miúdo..., (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A ver, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...pero a realidade é que mentres se paraliza unha lei que debería garantir transparencia, igualdade de trato e estabilidade financeira, o PP mantén este modelo baseado nos convenios ad hoc, asignados sen criterios obxectivos nin planificación territorial, que favorecen os concellos gobernados polo Partido Popular e deixan en desvantaxe...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...os concellos gobernados por outras cores políticas e escollidos lexitimamente polos seus veciños e veciñas.

Polo tanto, o que lle pedimos non é outra cousa que que traian xa...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo, señora Méndez. Boas tardes, moitas grazas. (*A deputada Lara Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre os obxectivos e as liñas de actuación que a Xunta de Galicia debe ter en conta para configurar un plan integral de protección, restauración, reconstrución e reactivación das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais de agosto de 2025

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María del Carmen Rodríguez Da-costa, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a constituír, no prazo máximo de quince días, unha comisión participativa interinstitucional, integrada pola Administración autonómica, o Consello Forestal, a Fegamp, as universidades galegas, organizacións agrarias, as comunidades de montes,



cooperativas, organizacións ecoloxistas, entidades sociais e representantes do sector primario, co obxecto de:

1. *Elaborar, de maneira participada, un plan integral de restauración e reactivación postincendios, que inclúa un cronograma 2025–2028, dotación orzamentaria, responsables administrativos e un sistema público de avaliación de resultados, con especial atención ás zonas máis afectadas polos lumes do verán de 2025.*
2. *Analizar e revisar de maneira inmediata o conxunto das axudas actualmente en marcha, logo de escoitar as persoas, concellos e sectores afectados, co fin de identificar as súas carencias, propor modificacións e garantir unha resposta áxil, xusta e adaptada ás diferentes casuísticas, incluíndo cuestións relativas á burocracia, ao lucro cesante, á cobertura real das perdas e á equidade entre explotacións profesionais e de autoconsumo.*
3. *Impulsar o seguimento e actualización do Ditame aprobado polo Parlamento de Galicia en 2018, tras os incendios de outubro de 2017, garantindo a súa execución efectiva e a presentación anual dun informe de cumprimento ante a Comisión 7ª de Agricultura, Gandería e Montes.*
4. *Establecer un cronograma e un orzamento por liña de actuación, con indicadores de impacto e avaliación pública anual, garantindo transparencia, planificación e control parlamentario efectivo, e evitando a improvisación que caracterizou ata o de agora a resposta institucional fronte ás grandes traxedias ambientais.»)*

Para defender a iniciativa, ten a palabra o señor Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidenta.

Señorías.

Referireime primeiramente ás señorías do Partido Popular, porque se esqueceron de condenar especificamente, explicitamente, os actos vandálicos de onte en Cangas do Morrazo, (*Pronúnciase palabras que non se perciben.*) e aínda están a tempo de poder facelo.

Galiza viviu unha auténtica catástrofe social, económica e ambiental coa vaga de lumes que arrasou o noso país neste verán, unhas 145.000 hectáreas queimadas que deixaron ao seu paso un regueiro de destrución nunca visto na nosa terra. Foron uns lumes que provocaron os incendios máis grandes da historia do noso país, de Galiza. Quedaron arrasados montes e terras agrícolas; arderon explotacións gandeiras e, nelas, arderon pastos, maquinarias, forraxes, naves, instalacións, peches e incluso animais; tamén arderon explotacións apícolas, explotacións agrícolas con decenas de hectáreas de viñedos e soutos; miles e miles de hectáreas arboradas, o que deixa millóns de metros cúbicos de madeira queimada nos nosos montes, e tamén quedou patente este rastro negro de destrución en zonas de grandes riqueza medioambiental, recoñecidas como Rede Natura, ou parques naturais.

Pero esta catástrofe non se cingiu só ás perdas no sector primario e nos espazos medioambientais; afectou tamén o comercio, a industria, as infraestruturas, os servizos públicos e, o



que é máis dramático, as nosas parroquias e aldeas. Moitas persoas perderon o ben material máis prezado que temos, que é a vivenda, sufrindo un auténtico drama, unha situación dramática. Tamén sufriron ter que defender as súas casas coas súas propias mans do lume que se achegaba e as cercaba. Houbo núcleos de poboación desaloxados e aldeas arrasadas. En resumo, a cinza e unha paisaxe desoladora é o que vemos nas terras de Monterrei, Valdeorras, Macizo Central, Quiroga, Ribeira Sacra, Viana; un horror.

Señorías, Galiza non pode continuar nesta situación. Dende a Xunta de Galiza non poden seguir insistíndolle ás galegas e aos galegos con que esta situación foi excepcional e non se volverá dar. Basta xa dos argumentos do Goberno da Xunta de Rueda, de que a situación deste ano é froito de circunstancias meteorolóxicas, dunha trama incendiaria, de que levamos o lume no ADN ou de que arde certa parte do territorio galego porque está abandonado.

Señorías, hai que tomar conciencia desta situación. Calquera parte do noso querido país, de Galiza, está en risco; esta dantesca situación pode pasar en calquera comarca da nosa terra. Polo tanto, exiximos que a Xunta de Galiza lidere un ambicioso plan de protección, restauración, reactivación e reconstrución das zonas afectadas, co obxecto de que poidan superar canto antes os efectos destrutivos e traumáticos dos grandes incendios. Estes lumes, esta negra sombra, ten que significar un punto de inflexión. Debe haber un antes e un despois.

Señorías —e diríxome fundamentalmente a vostedes, ás señorías do Partido Popular—, o plan Da cinza á vida non se limita a unha proposta para reconstruír o que o lume destruíu, senón que busca transformar o modelo de monte e o rural galego. Galiza debe apostar por un futuro no que os montes sexan fonte de riqueza sostible e de biodiversidade e seguridade para as persoas que viven neles. O plan Da cinza á vida debe contar con medios económicos, materiais e humanos axeitados para poder facer fronte a todas as necesidades da poboación e do territorio, cunha perspectiva integral e un calendario de execución no curto, medio e longo prazo. Polo tanto, este plan do BNG é unha proposta que non pretende ser un documento pechado, senón a base dun debate amplo e plural para acordar unha estratexia de país fronte aos lumes e un rural vivo e con futuro. É un documento cuns obxectivos e unhas medidas claras e concisas; un plan que contempla cinco liñas de actuación e unhas medidas que vou destacar.

A primeira liña é o apoio ás persoas e ás zonas afectadas. Hai que eliminar a burocracia; contemplar o lucro cesante para as explotacións agrarias; habilitar algunha excepción para que se poidan pastorear as superficies queimadas e se se poidan utilizar nas axudas da PAC; crear axudas de 6.000 euros destinadas a paliar os gastos de difícil xustificación; elevar o límite das axudas á vivenda ata 200.000 euros, e das axudas ás residencias non habituais a 120.000, igual co enxoval doméstico, ata os 20.000 euros, axudas sempre condicionadas á rehabilitación da vivenda afectada; crear un fondo Territorio Vivo para os concellos afectados por esta vaga de lumes, e un programa de atención psicolóxica ás persoas afectadas.

No segundo aspecto, temos a protección e a restauración das zonas arrasadas polos lumes: un plan de recuperación hidrolóxico-forestal e de control da erosión e recuperación da cuberta arbórea; un plan de aproveitamento da madeira queimada, e un programa de recuperación da biodiversidade e voluntariado ambiental.



O terceiro aspecto —moi importante tamén— é pór un monte multifuncional e diverso. Hai que aprobar neste ano 2025 e no 2026 os plans de ordenación dos recursos forestais de distrito; por suposto, unha moratoria indefinida para o eucalipto, iso é fundamental; o desenvolvemento multifuncional do monte, con proxectos que atendan os sistemas de pastoreo, a gandaría extensiva no monte, a produción de madeira de calidade para a segunda transformación e o aproveitamento doutros produtos do monte, como poden ser a resina, o mel, os cogomelos, os froitos e a castaña; a priorización e o incremento das axudas ás zonas de montaña que utilicen o monte e as terras abandonadas como base da súa explotación, e converter, por suposto, as 250.000 hectáreas de monte de xestión pública no escaparate principal da boa xestión e da multifuncionalidade do monte.

Tamén, como cuarto apartado, está a revitalización económica e social para un novo modelo de desenvolvemento rural. Propoñemos actuacións de desenvolvemento rural con incentivos económicos nas zonas de baixa densidade poboacional; a mellora do financiamento dos pequenos concellos; a mellora da dotación de servizos e equipamentos básicos, como é a saúde, a educación, a atención á infancia e a dependencia; medidas en materia de vivenda para estes concellos; un plan de emprego verde dotado con 50 millóns de euros para a contratación de traballadores e empresas locais, para a reforestación e a xestión forestal; a declaración da produción de alimentos diversificada, sustentable e de calidade como sector estratéxico da economía galega, e a aprobación no ano 2026 do Catálogo de solos agropecuarios e forestais.

E, por último, como quinto apartado, temos a prevención estrutural e a resiliencia, mediante a mellora dos servizos de queimas controladas; a implicación na vixilancia preventiva da veciñanza, as comunidades de montes, os propietarios e as cooperativas, tendo en conta o papel extraordinario que cumpriu a poboación na defensa do seu patrimonio e das súas vidas; a blindaxe das vivendas fronte ao lume; o establecemento de faixas de protección ás casas de 100 metros; a creación dun fondo extraordinario para que se faga cargo a Xunta de Galiza para executar esta medida...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...—remato, presidenta— e un complemento das recomendacións da Comisión de expertos sobre o servizo de prevención de incendios forestais. E seguiría explicando este plan, pero o tempo é pouco para poder explicar un plan tan amplo como necesita o noso rural.

Por último —e remato, presidenta—, propoñemos crear un comité galego para a recuperación e a reactivación para os incendios e —isto é tamén importante— que sobre esa xestión e todo iso se publique anualmente un informe de avaliación pública cos avances en restauración e impacto socioeconómico.

Espero que se sumen a esta proposta polo ben de Galiza e que se poñan a traballar por un novo horizonte para o rural galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Seguimos a falar —e seguiremos— dunha das maiores traxedias ambientais, sociais e económicas que viviu Galicia nas últimas décadas.

Hai máis de cento cincuenta mil hectáreas arrasadas e milleiros de persoas afectadas. Pero detrás destas cifras hai vidas truncadas; explotacións destruídas; e aldeas enteiras que se viron cercadas polo lume; hai persoas que o perderon todo e que, unha vez máis, sentiron que a Xunta de Galicia non estaba cando máis o precisaban. Xente que loitou ata o límite; veciños defendéndose en soidade mentres o lume devoraba vivendas, viñas, soutos e explotacións familiares. Esa é a realidade e non os discursos triunfalistas que vimos escoitando do Partido Popular.

O PSdeG analizou, en diversas iniciativas, as causas; solicitamos a creación dunha comisión de seguimento do Ditame do ano 2018; realizamos e trouxemos a Pleno e á Comisión mocións e proposicións non de lei, con medidas concretas e viables, e o Partido Popular —coma sempre— votou en contra. A realidade é que a Xunta de Galicia, e o presidente Rueda, quere pasar páxina sen que se analicen e se determinen os fallos de planificación, de ordenación e de prevención. Rueda quere dar carpetazo e que todo siga igual, pero o PSdeG, no seu labor de oposición, vaino impedir. Que lles quede moi claro. *(Aplausos.)*

Tras esta vaga de lumes, o Goberno galego aprobaba o Decreto 76/2025 e as correspondentes ordes de axudas. ¿E que atopamos? O de sempre: un texto pensado para saír nos medios e non para resolver os problemas reais dos afectados, con prazos imposibles; con tramitación telemática excluínte; con ausencia de lucro cesante; e con límites moi baixos nas axudas. Isto non é xestión pública; é asistencialismo, con nota de prensa incluída.

O Partido Popular vendeunos que as axudas serían áxiles e eficaces, pero a realidade, señorías, é que quen máis perdeu se atopou coas portas pechadas e con procedementos que nin os técnicos entendían. Un mes de prazo para presentar solicitudes. ¡Un mes, señorías! Quen coñece o rural —señor Viso, vostede sábeo— sabe que en trinta días non é posible facer valoracións, reunir documentación e buscar o asesoramento, sobre todo para familias, como as de San Vicente, que o perderon todo. Despois, certo é que o ampliaron outro mes, ata o 30 de outubro, pero segue sendo insuficiente —sigo dicindo, señoría—. A realidade é outra: quen pode pagar un xestor, ben; quen non pode, pois xa sabe.

Outro escándalo —que tamén o comentaba o Bloque Nacionalista Galego na súa iniciativa— é o lucro cesante, o grande ausente: ¿que fai un gandeiro que perdeu o gando e a forraxe?, ¿que fai un apicultor sen colmeas?, ¿como sobrevive unha familia viticultora coas liñas arrasadas? O Partido Popular non dá resposta, senón que se limita a reparar instalacións, pero



non pensan en como van subsistir esas explotacións nos meses ou nos anos que tardarán en recuperarse. Isto non é unha eiva técnica; e falaremos disto no próximo pleno porque presentamos unha proposición sobre esta temática.

E por riba, as axudas teñen límites baixos para quen quedou sen nada. O núcleo do problema está en que o Partido Popular entende estas axudas como un trámite asistencialista e non como parte dunha estratexia real de apoio ao noso rural. Non hai planificación, non hai visión a longo prazo nin aposta polo territorio. E o resultado é que Galicia, de non mudar de política, seguirá ardendo, seguirá despoboándose e seguirá perdendo tecido produtivo.

Señorías, hai que cambiar o modelo de raíz. Necesitamos un plan integral de recuperación e de reactivación para os incendios, con cronograma, con orzamentos responsables e con control parlamentario. E nesa liña, recoñecemos que a proposición non de lei do BNG achega propostas con que coincidimos. É imposible analizalas todas nun tempo limitado de oito minutos, porque contei ao redor de 66 puntos: restauración ecolóxica, apoio ao patrimonio, revitalización do rural, un monte funcional e un enfoque de prevención estrutural.

Si, pero o que diferencia unha boa intención dunha política efectiva é o como, o cando e o quen responde; por iso, no PSdeG propoñemos tres garantías decisivas para transformar esta proposición nun verdadeiro plan porque a nosa emenda propón algo esencial para facer realidade este espírito que compartimos e que debatemos: crear, no prazo máximo de quince días, unha comisión participativa, interinstitucional, que coordine, que planifique e que garanta unha resposta conxunta e eficaz fonte á traxedia dos incendios deste verán. Non se trata de crear máis burocracia, senón de abrir o proceso á sociedade; por iso propoñemos que, nesta comisión, estean presentes, ademais da Xunta de Galicia, da Administración autonómica —por suposto—, o Consello Forestal —ese co cal non contan para estas cousas—, a Fegamp, as universidades galegas, as organizacións agrarias, as comunidades de montes, as cooperativas, as organizacións ecoloxistas, as entidades sociais e os representantes do sector primario. ¿Con que obxectivo? Pois, claramente, para elaborar un plan integral de restauración e de reactivación para os incendios.

Xa o pedimos nunha proposición realizada polo Grupo Parlamentario Socialista, cun cronograma 2025-2028, cun orzamento para cada liña de actuación, con responsables identificados e con avaliación pública anual. Tamén pedimos revisar, de inmediato, as axudas postas en marcha, escoitando as persoas afectadas e os concellos, e, sobre todo, establecer un sistema transparente, con indicadores e con control parlamentario, que evite a improvisación e a propaganda que vimos ata agora.

Con esta emenda tratamos de converter esta proposta nun instrumento real, operativo e participativo —porque coñecemos o Partido Popular—, que poña o coñecemento, a experiencia e o consenso ao servizo da recuperación do noso rural e da confianza da cidadanía; pero tamén hai que mirar máis aló da emerxencia. Galicia precisa cumprir —e reitéroo de novo— co Dítame do 2018, coas 123 medidas; e a medida 123 é moi clara: as consellarías deben comparecer cada ano para dar conta da súa aplicación, e ata agora non compareceron nin unha vez.

O PSdeG defende un modelo de monte multifuncional, diverso, con produción sostible, con gandaría extensiva, con aproveitamento da madeira de calidade e coa recuperación das fron-



dosas autóctonas; un modelo que xere emprego, que faga rendible o rural, que reduza o risco de incendios..., porque, señorías, o abandono é o mellor aliado do lume. Por iso pedimos rigor, cronograma, control e avaliación.

O rural galego non pode vivir só de titulares nin de promesas baleiras, como fai a Xunta de Galicia. Galicia precisa dese Goberno que cumpra, que planifique e que estea á altura.

Señorías do Partido Popular: menos propaganda e máis compromiso. Cumpran coa Cámara e cumpran co Ditame do ano 2018.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia á súa intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, o señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Moi boa tarde, presidenta.

Señorías.

Señor Fernández, este Goberno xa ten un plan, e estamos traballando nese plan.

Hai quen ve un lume e pensa en como apagalo; e hai quen ve un lume e pensa en como aproveitarse del. (*Aplausos.*) Esa é a gran diferenza —esa é a gran diferenza— entre os que usan unha traxedia para sacar proveito (*Aplausos.*) e os que traballamos con humildade para devolver a esperanza á xente.

E vostedes, o BNG, levan anos elixindo o camiño do ruído, o camiño da pancarta, do oportunismo, do radicalismo..., e o que é peor, esta última semana presumían da relación de confianza con Bildu, é dicir, aqueles que enaltecen o terrorismo. Señorías, por aí non van ben. Veñen hoxe envoltos —e vostede particularmente— en grandes palabras, en discurso medido, pero sen unha soa medida útil porque todo o que reclaman xa o está facendo a Xunta e todo o que propoñen xa está aprobado, financiado e en marcha.

Señor Fernández, esta PNL —como ben dixo vostede— chámase «Da cinza á vida». O título non deixa de ser bonito, pero detrás dela non hai nin unha soa idea nova. Todo o que piden xa o puxo en marcha a Xunta de Galicia: unha planificación forestal, unha orde de axudas, unha reestruturación ambiental, un apoio económico e unha estratexia seria, profesional e efectiva. O que hoxe traen non é unha proposta, senón un guión; un guión pensado para un titular e non para o noso rural. E esa é, señorías, a diferenza entre os que resolven os problemas e os que queren vivir deles.

Falemos con feitos: Galicia contou cun dispositivo de máis de sete mil efectivos, con medios terrestres, aéreos e con persoal profesionalizado. O 98 por cento dos incendios controláronse



nas primeiras 24 horas e a Xunta puxo en marcha ata oito liñas de axuda, señor Fernández —oito e non catro—, para explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, para maquinaria, para vivendas, para empresas, para alimentación do gando, para colmeas e para reestruturación ambiental. E todo isto, señor Fernández, sen límite orzamentario, garantindo que ninguén quede atrás por falta de fondos. Iso, señoría, non é retórica; é xestión, e, sobre todo, é responsabilidade.

Señoría Dacosta, nós non pasamos páxina. Nós lembramos que, do día 16 de agosto para o día seguinte, a Consellería do Medio Rural puxo en marcha un dispositivo de emerxencia para garantir o alimento do gando nas zonas afectadas polos incendios; un operativo coordinado con concellos, con asociacións e con cooperativas gandeiras, a través dunha contratación de emerxencia. Señoría Dacosta, a Xunta asumiu o cen por cento dos custos, incluíndo o alimento, o transporte e a distribución; un compromiso claro co benestar animal e coas explotacións do noso rural, nun momento —señora Dacosta e señor Fernández— de enorme dificultade.

Ademais —como ben saben—, os apicultores afectados teñen acceso gratuíto ás parcelas do Banco de Terras para que poidan recolocar as colmeas en calquera delas. Nin unha soa explotación quedou desatendida.

Nós —dicíalle, señor Fernández— temos un plan propio, pero tamén un plan económico. A Xunta activou esas oito liñas de axudas, cun orzamento de 2,5 millóns de euros, entre 2025 e 2026, que cobre o cen por cento do investimento, rozando cun límite de ata douscentos mil euros por beneficiario. Hai axudas para reparar maquinaria, vivendas e infraestruturas; para a reposición de gando e de colmeas; para compensar as perdas agrícolas e gandeiras, e para garantir a alimentación complementaria durante seis meses. E tamén no caso do viñado, que aquí se nomeou, a perda de ingresos estímase en máis de doce mil setecentos euros por hectárea e no caso da castaña, en 1,22 euros por quilo. Ademais, para facilitar a recuperación, as axudas permiten ata anticipos do cincuenta por cento da subvención concedida. Señorías, iso é o compromiso real coas persoas afectadas e non con titulares de prensa.

O BNG pide planificación forestal, pero esquece que Galicia é a única comunidade autónoma cun plan forestal aprobado, actualizado e operativo. O Plan forestal de Galicia 2021-20240 cara á neutralidade carbónica é o resultado dun proceso de diálogo, de participación e de consenso, con máis de 60 comparecencias, 40 informes técnicos e —como ben dixeron— 123 recomendacións parlamentarias, aprobadas polo 75 por cento desta Cámara.

Señorías, isto non é improvisación, é política autonómica para o monte galego. Este plan é a folla de ruta que orienta a política forestal, a prevención e a recuperación. Só para os anos 2025 e 2026 destínanse 15 millóns de euros á silvicultura produtiva, á restauración ambiental e á recuperación de soutos e castiñeiros —debate xa traído aquí e tamén levado nas diferentes comisións—. E a iso tamén se suman os 11 millóns xa adxudicados no 2024 para actuacións bianuais. A planificación forestal de Galicia é sólida, validada, participada e financiada; esa é a gran diferenza con quen só sabe exixir desde o confort da oposición.



Tamén falamos do Pladiga. Dentro do Pladiga de 2025, a Xunta executa un plan de prevención continuo e efectivo. Entre abril de 2024 e marzo de 2025 xestionáronse 60.000 hectáreas de monte, máis de 5.000 km de vías forestais e 47.000 hectáreas revisadas en materia de biomasa —señorías, estes son feitos—, e no ámbito municipal tamén, señorías —que cómpre recordar—, cómpre destacar o convenio entre a Fegamp e Seaga para a xestión da biomasa preto das vivendas; un programa que suma máis de 12 millóns de euros, dos cales preto de 8 os achega a Consellería do Medio Rural. Grazas a este convenio, notificáronse preto de 600.000 propietarios, demostrando que a prevención tamén se pode facer con coordinación e sen improvisación. Señorías, destacamos tamén o papel da prevención.

O esforzo orzamentario global da Xunta en materia de prevención e defensa contra incendios supera os 180 millóns de euros anuais, chegando aos 200 millóns se incluímos as actuacións forestais complementarias.

O lume, señorías, non se combate con titulares, combátese con traballo, planificación e responsabilidade. E iso, señorías, é o que fai a Xunta de Galicia: traballar, mentres outros debaten; actuar, mentres outros sinalan; e reconstruír, mentres outros acusan. *(Aplausos.)* Señorías, os incendios non se apagan con discursos nin con esas pancartas, apáganse co esforzo dos bombeiros, dos técnicos, dos axentes forestais e dos centos de voluntarios que deixaron todo no terreo; apáganse co compromiso dun goberno que non mira para outro lado, que responde, que acompaña e que cumpre coa prevención. Cada hectárea queimada, por suposto, é unha ferida aberta na terra e tamén na alma dos galegos. Pero Galicia sabe curar as súas feridas con traballo, con unión, con dignidade e con compromiso. E esa forza colectiva, esa capacidade de volver empezar é o que nos fai diferentes e fortes. E mentres algúns seguen instalados no ruído e na crítica fácil, nós seguimos facendo o que hai que facer: axudar, reconstruír e mirar cara adiante. Porque, fronte ao fume da política do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, está a claridade dun goberno que dá respostas reais: fronte á propaganda, están os feitos; fronte á queixa, está a acción —e remato xa, presidenta—. E iso, señorías, é o que distingue a este goberno: que mentres outros buscan culpables, nós atopamos solucións e mentres outros viven da confrontación, nós traballamos con serenidade para que Galicia avance.

Máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para o turno de peche, o señor Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidenta.

Señorías, a situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grao de ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do Partido Popular —dos dirixentes do Partido Popular na Xunta de Galicia—; unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país. A falla de previsión e a neglixencia permitiu que se convertesen nos incendios máis grandes da his-



toria deste país; un fracaso estrepitoso que trae unhas consecuencias moi graves, económicas, sociais e medioambientais. Estamos ante a catástrofe incendiaria máis grande da historia e as conclusións e as medidas que pon en marcha a Xunta do Partido Popular son insuficientes. Non pasan dunhas farragosas e complicadas axudas aos prexudicados cara á galería e da promesa de ocuparse das faixas secundarias nos concellos de menos de 10.000 habitantes. Pobre, pobre e moi pobre é o interese do Goberno de Rueda polo noso rural: non houbo prevención, axudas que non chegan e sen propostas de futuro.

Señorías, este é o plan Da cinza á vida. *(O deputado Secundino Fernández Fernández mostra cunha imaxe o cartel de presentación do devandito plan.)* Seguiría explicando as nosas propostas se tivese tempo suficiente, o tempo que tivo o señor Rueda na súa comparecencia, que non pasou dunha intervención na que se gababa do seu goberno, do seu mandato e botaba balóns fóra, minimizando a traxedia e indicando que arderan matogueira e pedras. Non trouxo solucións, non as aportou, só buscou culpábeis. En toda a súa intervención —igual que a da conselleira e igual que a do director xeral— non se atopa un mínimo atisbo de autocrítica, un mínimo erro. Incluso dixeron que houbera erros, e despois Rueda e o seu Goberno foron incapaces de enumerar un só erro; un triunfalismo absurdo que nos levou a un desastre sen precedentes.

Señorías, hai que ter altura de miras e debemos tomar esta vaga catastrófica de lumes como o último aviso; non debemos tomala á lixeira. Galiza necesita un cambio de dinámica, non chega coas axudas paliativas para os damnificados; non chega con todo iso.

Señorías do Partido Popular, polo que vexo despois da súa intervención, señor Viso, continúa na mesma dinámica negacionista, ¡na mesma! Se non teñen ideas nin propostas, témolas nós. Temos aquí o plan Da cinza á vida; témolas no BNG, que escoitamos ás persoas afectadas, aos propietarios, á veciñanza, ás asociacións, ás comunidades de montes, aos alcaldes, aos técnicos —xa sexan da Administración, da universidade ou investigadores—... E sacamos conclusións que hoxe traemos aquí porque o Goberno da Xunta de Rueda está paralizado e non fai nada; aquí as teñen. *(O deputado Secundino Fernández Fernández mostra cunha imaxe o cartel de presentación do devandito plan.)* ¡Aplíquenlas!, ¡aplíquenlas vostedes! ¡téñenas aquí!

Señorías, no BNG queremoslle a esta terra, levamos a loita polo noso país nos xenes; dóenos Galiza. Dende as nosas entrañas sentimos —moi dentro de nós— esa cinza na que se converteu unha parte importante do noso territorio. Vostedes, señorías do Partido Popular, teñen o Goberno —ninguén llelo nega— e tócalles traballar e actuar por este país...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...para evitar a destrución. ¡Fágano! Só temos unha Galiza, non temos outra de reposto.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿A emenda do Partido Socialista? Non sei se se posicionou... ¿Posicionouse sobre a emenda? ¿Acepta a emenda do Partido Socialista?



SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Esa emenda non a podemos aceptar porque desvirtúa totalmente a nosa proposta. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Vale. Moitas grazas.

Continuamos coa última proposición non de lei da xornada da tarde.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das deputadas Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir unha avaliación rigorosa dos requisitos medioambientais, económicos e sociais dos plans industriais estratéxicos (PIE)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Manuel Golpe Acuña, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que se dirixa ao Goberno do Estado para solicitarlle que:

a) Retire a declaración de proxecto industrial estratéxico aos proxectos que fomentan o espolio dos recursos naturais da Galiza, repetindo o modelo de industria de enclave que perseguen unicamente os beneficios económicos para os promotores, sen achegar valor engadido ao territorio no que se implantan. Nomeadamente proxecto Gama, Mina de Touro – O Pino, Planta de Biogás en Lama-blanca, e planta de biogás en Sarreaus.

b) Derroge todas as disposicións normativas que regulan os PIE, a fin de establecer unha norma consensuada e participada por todos os sectores implicados e axentes sociais».)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para defender a iniciativa ten a palabra a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Señorías, Galicia non se desenchufa, o que se desenchufa é o proxecto industrial de Altri; proxecto mimado e abandeirado polo señor Rueda. Esa é a realidade que cómpre dicir con claridade: o proxecto político do PP de Galicia queda fóra da nova planificación eléctrica do Estado 2025–2030. Non Lugo, non Galicia, senón un proxecto contaminante, inviable e sen encaixe no futuro industrial sostible do noso país. (Aplausos.)



Por primeira vez en moitos anos, a nosa comunidade, o noso país, sae claramente reforzado, cun mapa de investimentos que garante o desenvolvemento industrial sostible aquí: a creación de emprego de calidade, a modernización de infraestruturas enerxéticas e un investimento de máis de 300 millóns de euros en infraestruturas eléctricas por parte do Goberno de España. Fronte a iso, temos un goberno galego do PP e unha política de brazos caídos en materia de política industrial. Esa planificación enerxética do Estado fortalece zonas de transición xusta afectadas polo peche das centrais térmicas de Meirama e das Pontes; fortalece tamén todo o desenvolvemento industrial no porto da Coruña, fundamental para o desenvolvemento de hidróxeno verde e da nova cadea industrial vinculada ás enerxías limpas; e fortalece a Mariña lucense, toda esa saída á subministración de Alcoa, eses parques eólicos que se están a tramitar por parte do Ministerio. Esta planificación enerxética, con máis de 300 millóns de euros de investimento postos enriba da mesa, evidentemente, responde a unha Galicia de futuro, a unha automoción sostible, a hidróxeno renovable, a naval verde, potencia o sector naval do estaleiro de Ferrol, a economía circular e a produción de materias estratéxicas para a nosa economía verde. Por tanto, señorías, ¿Galicia sae reforzada nesta planificación enerxética? Si. O que se desenchufa desta planificación enerxética é Altri.

E Lugo —como dicía—, non se desenchufa. Porque podemos ver o mapa e as declaracións de Lorenzana, que dicía que nesta planificación enerxética quedaba a provincia de Lugo fóra. ¡Home!, pois no mapa da planificación vese claramente toda a provincia de Lugo. (*A deputada Patricia Iglesias Rey mostra un mapa.*) Creo eu que Boimente, Ludrio, Belesar, Xove e A Mariña están no mapa galego —entendo eu—. Por tanto, a conselleira Lorenzana está mentindo cando di que a provincia de Lugo non sae reforzada na planificación enerxética programada polo Goberno de España. Mente; simplemente é un bulo e unha falacia, ao que xa nos teñen acostumados a bancada do PP.

E fronte a esta aposta do Goberno de España, ¿que temos? Como dicía antes, unha política industrial que carece de selo propio galego, que realmente é unha política de brazos caídos, e temos os PIE, eses proxectos industriais estratéxicos declarados polo Consello da Xunta. ¿E como están? Pois están en *stand by*, sen moverse. Hai quince proxectos industriais e moitos non teñen nin sequera declaración ambiental. E preguntome: ¿cantos PIE —cantos proxectos industriais estratéxicos—, agás o de Altri, están declarados na provincia de Lugo? Cero proxectos industriais estratéxicos da Xunta de Galicia. E, bueno —é o que digo eu—, moitas veces eses proxectos declarados estratéxicos polo señor Rueda no Consello da Xunta todos os luns, ¿cando os fai? Pois, curiosamente, cando reciben financiamento dos fondos Next Generation ou cando reciben financiamento do Goberno de España. Iso si, en propaganda e en aproveitar os anuncios son uns hachas. E o que dicía eu, temos unha aposta decidida do Goberno de España, ímoslle poñer nomes e apelidos e eses proxectos industriais apoiados: temos o Proxecto de hidróxeno verde nas Pontes e en Meirama —15 millóns de euros cada un do Goberno de España—; o Proxecto Trisquelion, de metanol verde; a fábrica de bioenerxía Norvento, 27,7 millóns de euros —que, por certo, está en Lugo— e Ferroglobe, Resonac; temos os proxectos de repotenciación eólica —máis de 50 millóns de euros en investimento por parte do Goberno de España—; e tamén temos a primeira fábrica de intelixencia artificial que se vai instalar e albergar no Cesga, no Centro de Supercomputación de Galicia, que virá a Galicia —é unha moi boa noticia—, con máis de 80 millóns de euros de investimento, na que o 79 por cento do financiamento é da Comisión Europea e do Goberno



de España —e do Goberno de España—. Por tanto, celebramos a noticia, pero hai que dicir as cousas e as realidades polo seu nome.

Ademais, despois está ese vitimismo que sempre caracteriza tamén o Goberno do PP cos fondos Next, co Plan de recuperación. Máis de 4.000 millóns de euros; transferencias que chegaron ao Goberno galego dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Somos a quinta comunidade autónoma en recibir fondos Next; iso si, o grao de execución da Xunta dos fondos Next Generation é do 56 por cento. Evidentemente, esa fama de bos xestores que teñen o Goberno da Xunta cae como un castelo de naipes.

Temos que sumar. Moitas veces fálase, por parte do portavoz de de Industria do PP, da importancia do binomio enerxía-industria. ¿E que temos en Galicia na enerxía eólica? Un caos absoluto, bandazos e máis bandazos; 90 parques eólicos suspendidos xudicialmente por causa imputable, directa e responsabilidade directa do Goberno do PP, que leva dezasete anos no Goberno cun plan sectorial de 1997 e coa Rede Natura metida no caixón.

Por tanto, señorías do PP, é claro. ¿Cal é o modelo socialista? Un pacto industrial verde e sostible, e que teñamos unha verdadeira transición enerxética no noso país, porque non hai unha política de transición enerxética recoñecible.

Queremos que Galicia lidere a reindustrialización sostible, que combine a transición enerxética e a transformación tecnolóxica, que xere valor; valor e emprego de calidade.

Señorías, non queremos unha macrocelulosa do século pasado no corazón de Galicia; un proxecto contaminante que xa ten os tres nons do Goberno do Estado: non é viable economicamente, non é viable socialmente e non é viable tecnicamente, porque ese proxecto contaminante de Altri non vai contar cunha infraestrutura eléctrica para poder enchufarse

Nós queremos, evidentemente, como dicía, unha transición enerxética xusta e social, e o que vemos ao lado do Goberno galego son bandazos e máis bandazos, improvisacións continuas. O que nos preguntamos é —e interpelo directamente ao deputado do Partido Popular—: ¿que vai facer o Goberno galego co proxecto Altri?

Nada máis pola miña parte. Logo seguirei. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Golpe Acuña.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Eu négome a pedir condenas a quen se nega sistematicamente a facelas. Así que, dende esta tribuna, quero lanzarlle un agarimoso e afectuoso saúdo e todo o noso apoio, do Grupo Parlamentario do BNG, a todos os cargos públicos de Bueu, Cangas e Moaña que foron agredidos



física e verbalmente onte no eido da Mancomunidade do Morrazo. Vaia dende aquí o noso apoio. *(Aplausos.)*

«Proxectos industriais estratéxicos», esta é a iniciativa do Partido Socialista que nos trae hoxe aquí; un nome bonito para un encubrimento dun espolio, nada máis e nada menos. Isto dos proxectos industriais estratéxicos é un mecanismo de fomento da iniciativa industrial e empresarial, que, lonxe de ser unha ferramenta válida para a atracción e consolidación de iniciativas industriais e empresariais, non é máis que un fomento da discrecionalidade en mans do Consello da Xunta.

Podemos asegurar sen medo a equivocarnos que os proxectos industriais estratéxicos son un mecanismo de excepción, un atallo legal, para darlles prioridade a proxectos que non pasarían filtros ambientais nin sociais ordinarios. E imos ver como chegamos a isto, dando un repaso a toda a lexislación que compón todo este asunto.

Empezamos cunha disposición adicional introducida na Lei de áreas empresariais de Galiza, xunguida a unha disposición adicional que empeza a dar forma, que empeza a confeccionar, este traxe no que se vai dar encaixe a proxectos de todo tipo, de todo tamaño e de toda afección. Pero non rematan aí as modificacións engadidas a leis e a disposicións doutro xénero que nada teñen que ver cos proxectos industriais.

Para non perder o costume do Partido Popular, utilizaron unha lei de acompañamento dos orzamentos do ano 2024; unha vez máis utilizan ese subterfuxio da Lei de acompañamento para cortar o debate parlamentario, para introducir no texto refundido do Decreto da política industrial o famoso artigo 78 bis; un artigo 78 bis que, entre outras lindezas, exime os proxectos industriais estratéxicos de contar con licenza municipal ou de someterse ao planeamento urbanístico municipal vixente.

É curioso que suceda isto, que todo isto se decrete, cando o proxecto de Altri contaba por aquel entón cun informe negativo dos servizos urbanísticos do Concello de Palas de Rei. É curioso tamén que a mesma Lei de acompañamento do ano 2024 introduza os artigos 85 e 86 no decreto do polígono industrial, onde a Xunta se pon deberes para tramitar antes dun ano calquera tipo de proxecto, independentemente do tamaño, independentemente da natureza e independentemente da súa afección. É máis, tamén se comprometen a indemnizar os promotores se non se cumpre este prazo —din— co 1 por cento e cun tope de medio millón de euros. Ben, un tope de medio millón de euros, pero na mesma liña —e leo textualmente— engaden a excepción: «Sen prexuízo da posible acreditación de maiores danos e prexuízos, con amaño á lexislación reguladora da responsabilidade patrimonial da Administración». Toda unha declaración de intencións de cales son as prioridades dun goberno da Xunta. E se imos ao contexto temporal de cando se dita esta norma, vemos que hai un claro beneficiario, unha vez máis: Altri.

Fixeron vostedes un traxe á medida de Altri con todas estas disposicións. Facilitáronlle a declaración como proxecto industrial estratéxico, pasando por riba das normas urbanísticas do Concello de Palas; blindaron vostedes os accionistas desta empresa, garantindo recuperar o investimento en caso de que o proxecto non chegue a materializarse; e agora quedanos



por saber que cantidades pactaron vostedes. Quédanos por saber o miúdo dese acordo de entendemento asinado o 1 de outubro de 2021 entre a Xunta, Abanca e Altri. Quédanos por saber como é que Impulsa Galiza —a sociedade Impulsa Galiza— escolleu como parceiro a Altri, nunha especie de concurso, cuns criterios —dicían eles— técnicos, operacionais e estratéxicos. ¿Como podemos entender que unha sociedade do dereito privado —que vostedes repetiron aquí mil e unha veces que esa sociedade, hoxe extinguida, Impulsa Galiza, é unhas sociedade do ámbito privado— impoña criterios e lle poña diante á Xunta un parceiro escollido por eles? Semella que, de tanto promover a iniciativa privada, van vostedes privatizando a Xunta peza tras peza, tras peza.

Sen deixar de falar dese memorando —que non quixeron facilitar polas boas a este grupo parlamentario, e agardemos que cando a xustiza lles reclame este documento teñan a ben facilitárnolo—, hai unha clave, ao final da nota de prensa que fai a pasteira, publicitando este, onde falan de que o acordo final entre as tres partes está condicionado, depende dun conxunto de condicións. ¿A que condicións se refería Altri nese comunicado de prensa?, ¿a que a Xunta lles blindase aos seus accionistas todo o desembolso que a pasteira está facendo en publicidade, en papeleo? ¿É isto o que vostedes ocultan, señorías do Partido Popular? ¿É isto o que non queren que saiba a sociedade galega?

E volvendo ao balbordo de disposicións legais que articulan os proxectos industriais estratéxicos, non podemos pasar por alto o tema das accións. Non podemos pasar por alto iso, pero imos pasar moi rápido por elas, porque non hai nin unha soa liña que dispoña sanción ningunha por incumprimentos. Poderíase aplicar a Lei de procedemento administrativo común, pero non a aplican. Vemos unha vez máis como se utiliza a discrecionalidade. E tam pouco se introducen mecanismos sancionadores vinculados ao cumprimento de obxectivos declarados. A Administración, a propia Xunta de Galiza, renuncia á verificación do cumprimento legal; todo un exemplo de ineficiencia administrativa, de ineficiencia lexislativa. De feito, toda a acción de control sobre este tipo de proxectos confíase ao propio promotor, ao que se lle pide que emita un informe cada seis meses; un informe dende que é declarado proxecto industrial estratéxico ata que se materializa a iniciativa. ¿De que serve isto? Renuncian ao labor de inspección, renuncian ao labor sancionador; unha mostra máis de que os proxectos de interese estratéxico son unha ferramenta máis feita para medida de espolio que para outra cousa.

E se facemos un pequeno repaso polos proxectos que están declarados, polos proxectos que están colgados da páxina web da Oficina Económica da Xunta —por certo, na páxina da Consellería de Industria non están completos—, vemos uns exemplos moi significativos: mina de Touro, o Pino —onde a Xunta renunciou á potestade que tiña de admitila á trámite, debido ás súas graves afeccións ambientais— ou a planta de biogás de Coeses, en Lugo, un proxecto declarado de interese estratéxico polo Consello da Xunta e tombado despois pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil polas graves afeccións ambientais. ¿Como é posible que un proxecto lesivo como este sexa declarado industrial estratéxico? ¿Non lles fai pensar que está feita a lexislación ao revés con todo isto?

Non nos serve todo... Esta moción que presentou o Partido Socialista cremos que é máis unha operación de cirurxía estética, máis nunha operación de maquillaxe, que un cambio pro-



fundo. Por iso a emendamos, e emendámola nun máximo, para cambiar toda a lexislación que afecta este tipo de proxectos.

E non lle vou explicar eu a vostede, señora Iglesias, cal é o nivel de chapuza lexislativa á que nos ten acostumados a Xunta do Partido Popular, pero non quero marchar da tribuna sen apuntar un dos casos dos que tantas veces falamos xa aquí, que é o caso da mina de feldespatos de Muras; un percorrido administrativo na tramitación deste proxecto, na reapertura desta mina, plagado de irregularidades, incluso pasando por riba dun informe negativo dun técnico da Administración. Vouno dicir doutra maneira: obviaron un informe técnico dun funcionario da Xunta que non avalaba a autorización administrativa, e obviaron este informe porque non lles conviña. ¿É así como tramitan vostedes os proxectos industriais estratéxicos, señorías do Partido Popular? ¿É así como dan cumprimento vostedes á lexislación?

Pero aínda hai máis. Esta autorización administrativa foi recorrida vía xudicial polo Concello de Muras. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emitiu sentenza que tombaba esta autorización. Pero a Xunta, non conforme con isto, presentou un recurso de casación ao Tribunal Supremo. Pois acabámonos de enterar de que...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: ...—remato, señora presidenta— hai poucos días o Tribunal Supremo rexeitou ese auto de casación. Agora as dúas conselleiras do ramo deberían vir a este Parlamento, poñerse aquí diante de nós, e explicar e dar conta desas resolucións do Tribunal Supremo sobre esta mina.

Así é como se coroan os que van de bos xestores, así é como se coroan, gastando na xustiza os recursos e cartos públicos, no canto de asumir que son incompetentes para gobernar este país.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Remato xa.

Sen control democrático non hai sustentabilidade plausible, sen participación efectiva non hai aceptación social e sen transparencia non hai confianza.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

¿Señor Ojea? *(Pausa.)* O Grupo Mixto renuncia á súa quenda.

Na quenda do Grupo Parlamentario Popular, o señor Lorenzo.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidenta.



Falando de mentiras, señora Iglesias, hai un anaco unha compañeira súa veu aquí acusar a todo o mundo de mentir e a xustificar os cambios de opinión, e vostede acaba de mentir, e cunha mentira bastante clara. Vostede acaba de dicir que, salvo Altri, hai cero proxectos industriais estratéxicos na provincia de Lugo. Pero a renglón seguido vostede mesma se desmente a si mesma porque fala de Norvento, na provincia de Lugo. Pois busque Lugaz Bioenerxía, S.L. —dálle tempo antes de intervir—, e despois xa ten tempo aquí para dicir que vostede mentiu e para pedir desculpas aquí, nesta tribuna. *(Aplausos.)*

Señora Iglesias, Galicia non se desenchufa, ten vostede toda a razón; Galicia desenchúfaa o Partido Socialista. O Partido Socialista é o que desenchufa Galicia. E, concretamente, desenchufa toda unha provincia, a provincia de Lugo. *(Aplausos.)*

Pero, mire, señora Iglesias, vostede está perdendo a pasos axigantados a súa solvencia como letrada nesta Cámara desde que está en política. ¿Podería dicirnos vostede aos deputados presentes que son os plans industriais estratéxicos? Os plans industriais estratéxicos directamente non existen, e esta iniciativa está baseada nos plans industriais estratéxicos. Eu entendo que vostede ao que se refire é aos proxectos industriais estratéxicos. *(Murmurios.)* ¡Non, é que, bueno...! Vostedes falan de rigor nesta Cámara, vostedes cada vez que alguén mete a pata son os primeiros en chamar a atención. Falamos de proxectos industriais estratéxicos, ¿é así? Se mo confirma, falamos diso.

Mire, eu recoméndolle a lectura do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro; nomeadamente, o capítulo III, o que fala dos proxectos industriais estratéxicos. E recoméndolles á súa lectura porque moito do que están a exixir nesta iniciativa, nesta PNL, señora Iglesias, xa o reconece a dita lei. E, no que respecta ao resto da iniciativa, o único que lle podo dicir é que é pura demagogia. Pero a vostede dálle igual; vostede presenta unha iniciativa, e podemos poñer en bucle as súas iniciativas, que sempre, sempre, sempre, nos solta o mesmo discurso. Sempre. *(Aplausos.)*

Pero eu quérome centrar na iniciativa, porque para iso presentou vostede esta iniciativa. Vostede di nesa exposición de motivos: «En moitos casos, a declaración como PIE implica prioridade administrativa e tramitación acelerada». E nós dicímoslle, señora Iglesias: non é en moitos casos; é en todos os casos. É que a aceleración de tramitación é precisamente un dos obxectivos do Goberno do Partido Popular de Galicia. E segue: «Pero isto non pode xustificar a relaxación dos requisitos ambientais económicos e sociais que deben cumprir todos os proxectos industriais». ¡É que non se relaxa ningún requisito! Pero, señoría, resulta paradoxal que os socialistas refiran expresamente os requisitos sociais, cando os únicos requisitos sociais que ten previstos un proxecto industrial para a súa tramitación son os que se introduciron a través da Lei 2/2024, do 7 de novembro, esa lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. Esta Lei, como non pode ser doutro xeito, foi rexeitada polos do «non», e tamén polos de «nós tampouco», o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e foi unha lei, señor Golpe, que se debateu e se tramitou nesta Cámara, así que non pode dicir que se coarta o debate político.



Segue o seu escrito: «É urxente que a Xunta de Galicia reforce os mecanismos de control, avaliación e seguimento dos PIE garantindo o cumprimento estrito da legalidade vixente sen renunciar á axilidade». E nós dicímoslle, señora Iglesias: ¿onde se rebaixou algún nivel de garantía?, ¿que é o que se incumpriu?, ¿por que din «garantindo o cumprimento estrito da legalidade vixente»? ¿leron os artigos da lei que se refiren aos PIE? Está claro que non. Non se relaxa ningún nivel de nada, señoría.

No seu punto 1 e no seu punto 2 fala outra vez de garantir o cumprimento dos requisitos ambientais. ¡É que non hai nada que garantir! Xa está garantido por lei, por moito que vostedes veñan aquí unha vez máis a minusvalorar o traballo de funcionarios cualificados. Ningún PIE, hoxe, como vostede está facendo ver na súa iniciativa, se está a atrasar por iso, e, dende aquí, dende o Grupo do Partido Popular, non podo facer outra cousa, unha vez máis, que mandar o apoio aos funcionarios das distintas consellarías que forman parte das tramitacións dos proxectos; a eles, (*Aplausos.*) e, sobre todo, ao seu traballo, por facer as cousas acordes á lei, con rigorosidade e independencia, e todo iso a pesar das presións ás que se lles pretende someter.

Fala de establecer mecanismos independentes de avaliación. ¿Acaso queren vostedes inventar novos mecanismos de avaliación desbotando a normativa europea? Xa existe unha avaliación ambiental europea fixada por directivas que despois se traspoñen ao ordenamento xurídico, a maiores da lexislativa propia da nosa autonomía.

Falan tamén no seu punto 3 de auditorías públicas. ¡Auditorías públicas! E, ¿quen as tería que facer? ¿Ulloa Viva, por exemplo? ¿Si?, ¿ese sería un organismo autorizado? Miren, como lle digo, pura demagogia.

Despois no seu punto cinco fala de evitar a declaración como PIE de proxectos que non cumpran coas condicións mínimas de viabilidade económica. Mire, o Decreto lei 1/2015 recolle a necesidade de que o PIE poida garantir a súa viabilidade económica. De feito, o artigo 79, «Procedemento de declaración», establece que, para que unha iniciativa empresarial se declare como PIE, ten que estar acompañada dunha memoria na que se xustifique, entre outros, a viabilidade económica da actuación. Mire, ata parezo eu aquí un letrado e todo recordándolle a vostede as leis.

En canto á referencia relativa á compatibilidade ambiental, hai que ter claro, fronte ao relato que vostede pretende inculcar unha e outra vez, que a declaración de PIE non implica que teña un cheque en branco para a tramitación ambiental. Insisto, non se relaxa ningún trámite.

Xa non lle quero falar do concepto «aceptación social». Está moi ben para un *canutazo* do señor Besteiro ou a señora Pontón cando saen manifestarse, pero aquí estamos na sede do Lexislativo e cómpre ser moito máis rigorosos e menos demagogos, señorías. ¿Sabe onde reside a verdadeira aceptación social? Reside nos resultados electorais. (*Aplausos.*) ¡E vese neste arco parlamentario, vese o resultado! ¡Asúmano, señorías! Os galegos e as galegas apoian maioritariamente as políticas do Partido Popular.

Vostede pide revisar os proxectos que actualmente estean en tramitación e poidan xerar impactos negativos substanciais. ¡É que non é na declaración do PIE onde hai que facer iso! Onde se comproba realmente a sustentabilidade é na súa tramitación. Unha vez máis, aparece...



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Vaia rematando señor Lorenzo.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: ...—xa remato, presidenta— a demagogia e desaparece o rigor.

En canto á emenda do BNG, é alucinante. Vostedes sempre están aquí dando a matraca con que as competencias en industria son do Goberno galego e piden na súa emenda —algo que nós non temos que valorar—que o Parlamento de Galicia se dirixa ao Goberno do Estado para solicitarlle que retire a declaración de PIE e derroque todas as disposicións normativas que regulen os PIE. ¿En serio? ¿O que están pedindo é que perdamos todas as nosas competencias en materia de industria?, ¿iso é o que están pedindo? Cousas veredes.

Xa remato. Nós imos debater as veces que faga falta sobre este e outros asuntos, pero a nós gustaríanos saber cales son os criterios obxectivos para desenchufar o proxecto de Altri. Mañá vén o seu número 1 e ten unha oportunidade marabillosa para explicárnolo.

E quero rematar —e xa remato, presidenta— (*Murmurios.*) dicindo que son días difíciles para o BNG, entendémolo. Cáenselle os relatos, cáenselle os gobernos municipais, cáenselle os alcaldes históricos, cáeselle a careta de progresistas na defensa dos dereitos dos que menos teñen...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas, señor Lorenzo.

RÚBEN LORENZO GÓMEZ: ...caéselle a careta, en definitiva, de demócratas. Cáeselle a careta de demócratas e cáeselle... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o tempo, señor Lorenzo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Moitas grazas.

Quenda de peche, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Señor Lorenzo, ¡menudo nivelón! Mente, señor Lorenzo; mente descaradamente. Vaia á páxina web dos proxectos industriais estratéxicos publicados pola Xunta de Galicia, e dígame se encontra o proxecto de bioenerxía de Norvento. Dígame se o atopa, porque se non o atopa, ao mellor é que a publicidade ten información privilexiada. ¡Non está na páxina web dos proxectos industriais estratéxicos publicados pola la Xunta de Galicia! (*Aplausos.*) Mente, mente.

Xa llo dixen moitas veces na Comisión 6ª: se tanto ansía ser letrado da Xunta de Galicia, pode contar co meu asesoramento. Estou aberta a dicirlle todos os temas que ten que estudar. Non se preocupe, que podemos chegar a un entendemento, a ver se é capaz de chegar a ser letrado da Xunta de Galicia. ¡Menudo nivelón! Sabe ben a que nivel se sitúa de altura, ¿verdade? Quen está arriba e quen está baixo. Nada máis pola miña parte á súa falta de rigor e de solvencia, señor Lorenzo.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡Silencio, por favor!

PATRICIA IGLESIAS REY: Non sei se chegará a ser letrado da Xunta ou candidato á alcaldía de Carballo, non o sei. Menudo nivelón.



O futuro industrial de Galicia non se constrúe con márketing, nin fotos, nin co propaganda; constrúese con planificación, con coestratexia, con colaboración institucional co Goberno de España, que está a apostar por proxectos industriais sostíbles para aquí, para Galicia. Están a facer seguidismo do señor Feijóo. Feijóo manda, Rueda obedece, e Galicia perde, por esa confrontación e esa oposición á oposición. Está claro.

A nova planificación eléctrica —en período de alegacións, no que a Comunidade autónoma galega pode dicir e aportar— claro que abre as portas a proxectos industriais; non as pecha. Ao que pecha as portas é ao proxecto industrial inviable técnica, económica e medioambientalmente de Altri. ¡Tres nons recibiu do Goberno de España!

O que dicía tamén o señor Golpe: ¿que pasou con ese memorando secreto firmado entre o CEO de Altri e o presidente de Impulsa, que naquel momento era o conselleiro de Economía e Industria, o señor Conde, que exercía a tempo parcial de conselleiro e a tempo parcial de presidente de Impulsa? Pois que non nos deron acceso. ¿Por que? É unha sociedade privada, dicían. Capital maioritario da Xunta de Galicia, sentados conselleiros e conselleiras no Consello de Administración e dereito político de voto. ¿Privada, señor Lorenzo? Están mentindo á cara a todos os galegos; opacidade e falta de transparencia.

Teñen que ser claros con Altri. Competencia exclusiva da Xunta de Galicia, polo artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia: teñen que ditar un acto administrativo, de denegación ou de aprobación de Altri. A pelota está no tellado do Goberno da Xunta. Iso si, desínflase o globo: *(A deputada Patricia Iglesias Rey amosa un documento.)* «Rueda abre la puerta a detener la tramitación de Altri: “Si la empresa toma otras decisiones, no tendrá sentido”». ¡Ai caramba! ¿Que van facer? ¿Forzaron a renuncia? A pelota no tellado do Goberno da Xunta de Galicia. *(Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Galicia —e remato xa— non se desenchufa, señor Lorenzo. O que se desenchufa é Altri, e, canto antes o asumamos, antes poderá Galicia poñerse a traballar por uns PIE que xeren emprego de calidade, con innovación e con modernización para o país, para poder así construír os cimentos dun futuro sostíble para nós e tamén para o futuro dos nosos fillos e fillas, que van verse afectados moi duramente polo cambio climático que negan partidos aos que vostedes se arriman.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rematado o debate, suspendemos a sesión, que será reanudada mañá, ás dez da mañá. Boa tarde-noite a todos. *(Aplausos.)*


Suspéndese a sesión ás oito do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Amigo Díaz, María Encarnación	P	39. Méndez López, Lara	S
2. Arias Rodríguez, Raquel	P	40. Mouzo Mas, Paula	P
3. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	41. Ojea Bouzo, Armando	M
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	42. Pazos Couñago, José Alberto	P
5. Barreiro Sánchez, Enrique	P	43. Pérez Fernández, Rosana	BNG
6. Bouza Manso, Aitor	S	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Chao Rivas, Saleta	BNG	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Castro Rey, Paloma	S	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Deza Martínez, María	P	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Fernández Rosende, Jesús María	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Ferro Iglesias, José Luis	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García Comesaña, Julio	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. García González, Patricia	P	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Grueira Fernández, Nicole	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Iglesias Rey, Patricia	S	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Insua Lema, Óscar	BNG	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. Longueira Castro, Silvia	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. López Font, Carlos	S	73. Vereá Fraiz, Borja	P
36. Lorenzo Gómez, Rubén	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Marnotes Fernández, Argimiro	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Mato Díaz, José Manuel	P		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

